*Aire burganés, se empreña portugués, ós tres días paire. (A Mezquita). Quere dicir que chove.*

*Home sanabrés, aire burganés e viño portugués, Dios nos libre dos tres (A Mezquita).*

En Oia, na costa pontevedresa, xa case na fronteira con Portugal, recolleu Manuel González González este refrán: *Vento bragués* (supoñemos que de Braga, Portugal), *chuvia todo o mes*. E tamén estoutro: *Andrés, o vento é bragués, tu ben o ves, nin te quito nin te mando, pero polo camiño vai andando*. O comentario que ofrecen os informantes é que se refire á xente que emigraba a Sevilla forzada por un ano de mala colleita (Fernández Rei 2003:161).

En cambio, o aire do norte sopra de Galicia cara a Portugal e por iso se di *vento pra Portugal* ou *corren as néboas pra Portugal*. Este é un vento seco e agradable (*tempo real*) que convida a poñerse ó sol e a poñe-la roupa a secar (*ó soallal*):

*Vento pra Portugal, o vrau está no umbral. (Verín).*

*¿Corren as néboas pra Portugal? Camisas ó soallal. (Verín).*

*Ó camiñar as néboas cara a Gudiña, vellas á cocina; ó camiñar as néboas cara a Portugal, vellas ó solar. (Verín).*

*Se corren as néboas para Ourense, meniños ó quente. Se corren cara a Portugal, tempo real. (Salvaterra de Miño).*

Para os mariñeiros galegos, Portugal e Galicia son tamén referencias xeográficas que axudan a predici-lo tempo:

*Norte claro, Portugal escuro. (Fisterra).*

*Portugal claro e Galicia escura, vendaval sin \*duda. (Cambados).*

*Portugal claro, vendaval declarado; norte escuro, vendaval seguro. (Cambados).*

*Portugal claro, vendaval declarado. (Fisterra).*

*Portugal escuro, vendaval seguro. (Fisterra).*

Como se ve, para Galicia o vento de Portugal é vento sur que trae sempre choiva e a súa persistencia pódoo converter nun mal vento. Isto é importante porque nos explicará outro refrán que veremos máis tarde: *De Portugal nin bo vento nin bo casamento* (3.3.).

É moi sabido que os portugueses teñen como refrán de moito uso este recíproco: *De Espanha nem bom vento nem bom casamento*.<sup>7</sup> Machado Pais fixo un completo estudo

---

<sup>7</sup> E mesmo outros similares: *Com vento leste não há nada que preste. Do nordeste nem o vento presta.*

deste refrán e afirma que, segundo o Instituto Nacional de Meteorología e Geofísica de Portugal, o vento español é responsable de calores extremas e de xeadas, por ser continental e seco (quente no verán e frío no inverno) pero que, aínda así, non é tan nocivo como o refrán parece querer indicar. E, por parte, o mesmo refrán corre en Portugal entre localidades portuguesas veciñas.<sup>8</sup> A cuestión do mal casamento parece referirse a experiencias infaustas coma o casamento de Inés de Castro con D. Pedro ou ó acontecido nos sesenta anos de dominio español sobre Portugal no tempo dos Filipes no que a alta política *para tudo se servia de mulheres* (Machado 1985:230).

### 3.2. Referencia xeográfica

Dous refráns ofrecen unha caracterización de Portugal como un Estado, pero máis pequeno ca España e Francia: as referencias de tamaño son un ovo, unha peneira e unha eira:

*España é unha eira e Portugal unha peneira.*

*Portugal é un ovo, España unha peneira e Francia unha eira.*

A segunda referencia xeográfica é a distancia: Portugal é esoutro mundo no que, por ser de infrecuente visita, se converte en paradigma da lonxanía. A locución *ir en Portugal* significa “pasar a outro asunto” e úsase nos relatos discursivos para indicar cambio de tema: *Déixame falar que ti xa vas en Portugal*. Velaí, logo, outra fraseoloxismo de fronteira, puramente xeográfico, sen máis connotacións.

### 3.3. O portugués, persoa non fiable

*Amigo do val, compadre portugués e aire sanabrés, fódome nos tres. (Verín).*

*Amigo portugués, compadre montañés e vento bergancés, cágame nos tres. (Verín, A Mezquita).*

*Home sanabrés, aire burganés e amigo portugués, \*Dios nos libre dos tres. (A Mezquita).*

*Muller asturiana, e home portugués e gato montés pódense fode-los tres. (Carballedo).*

*Muller asturiana, home portugués i-aire santiagués, pódense foder os tres. (Carballedo).*

Nestes refráns o portugués xa aparece cunha caracterización moral negativa, formando un trío de realidades limítrofes das que un non se pode fiar.

Coidamos que o que estes refráns recomendan é estar sempre de pé atrás ante os veciños: por iso para os de Carballedo (en Lugo) o home portugués é tan pouco de fiar coma as mulleres asturianas (Lugo estrema con Asturias); e en Verín (val rodeado de

---

<sup>8</sup> En Sarzedas, situada a 24 km ó Oeste de Castelo Branco din: *O vento de Castelo Branco é tão mau que até os cães faz danar*. Pero reciprocamente en Castelo Branco din que *De Sarzedas nem bom vento nem bom casamento*. E en Mação (situado a só 5 km a NE de Penhascoso) din *De Penhascoso nem bom vento nem bom casamento, nem bom porco para o tempo* (Machado 1985:230).

montes) a reciprocidade na desconfianza é total, porque para un non é de fiar o *amigo do val* e para outro non é de fiar o *compadre montañés*: velaí a eterna antítese entre os da montaña e os do val:

*Cos canteiros e portugueses, tratos poucas veces.*

Este refrán emparella os portugueses cos canteiros e dános así unha pista para entender a razón desa desconfianza. A razón pola que non debemos entrar en tratos cos portugueses debe se-la mesma cá que nos recomenda non facelo cos canteiros: e esa faina explícita non o refraneiro pero si o cantigueiro popular:<sup>9</sup>

*En palabras de canteiros,  
rapazas, non vos fiedes;  
collen os picos e marchan,  
rapazas, ¿qué lles queredes?*

*Canteiros e carpinteiros,  
canteiriños polo menos,  
pola terra de onde andades  
deixás a criar os nenos.*<sup>10</sup>

Situémonos no tempo histórico no que estas cantigas se compuxeron e lembremos que nesa época ningún traballador ten coche particular para desprazarse ó seu traballo. O canteiro traballa onde se fai unha casa pero, como isto case nunca acontece en lugar ó que el poida desprazarse a pé diariamente dende a súa casa, acaba asentándose no lugar de traballo ata o remate da obra (que son meses e meses). O oficio de canteiro é, logo, ambulante: vive entre nós, coma un veciño máis, mentres se está construíndo unha casa; pero, en rematando a obra, necesariamente ten que marchar a outro lugar no que botará outra tempada; e así seguido. Non é, polo tanto, un traballador fixado a un lugar de maneira estable senón un paxaro migratorio. Cando marcha, abandona persoas coas que tivo trato diario (se cadra, mesmo íntimo) e pode fuxir das propias responsabilidades. Ben, pois que unha das calidades que a fraseoloxía galega adheriu ó concepto de *portugués* é a súa exaltada afectividade, a súa intensa forma de namorarse, ata o punto de convertela en paradigma:

*namorado como un portugués ‘profundamente namorado’.*

<sup>9</sup> *Amor canteiro non quero /porque traballa no alto: /pode caer e morrer /e despois dinme que o mato.*

<sup>10</sup> Cantigas que expresan o mesmo concepto serían as seguintes: *Canteiros e carpinteiros / son un feixe de ladrós, / carpinteiros rouban puntas / e canteiros corazóns. // Canteiro pica na pedra / pica na pedra miúda; / pica na muller allea, / qu'outros che pican na tía. // Canteiros de Pontevedra, / ¡malos días para eles! / por unha nena bonita / furaron sete paredes. // Canteiros de Pontevedra, / onde estades ben vos vedes, / por unha nena bonita / furastes sete paredes. // Criados e carpinteiros, / e canteiros, cantos menos; / collen os picos e vanse, / meniñas ¡que lles facemos! // Non te fies en \* los hombres / e en canteiros moito menos: / collen os picos e a marra / e deixan a criar os nenos. // Os canteiros xuran, xuran, / que non marchan desta terra / sin que engañen ónha nena / ó son do picar na pedra. // Rapaciñas do Portazgo, / se queredes ser honradas / botáde os canteiros fóra, / non seredes marmuradas. // Xura, canteiro, xura, / que non te vas desta terra / sen enganar unha nena / ó son de picala pedra.*

É esta intensidade afectiva do portugués e a facilidade que se lle atribúe para realizar todo tipo de promesas de amor a que lles quita fiabilidade: lembremos que na fraseoloxía galega hai unha locución que converte a palabra dun portugués en paradigma dubidoso:

*certo como verba de portugués ‘dubidoso’.*

Esta intensidade afectiva e escasa fiabilidade, sumada á fugacidade da súa presenza (ben porque nós non estamos sempre en Portugal, ben porque o portugués non está sempre en Galicia), converte o portugués en persoa non fiable e perigosa para unha muller galega<sup>11</sup> que, polo que parece, é para quen a lingua e a tradición oral consideran perigoso o portugués. Comprobamos en Lisboa que, polo visto, as mulleres portuguesas usan tamén esta locución. Véxase esta cantiga:

*Se vas a Portugal,  
non fales cos portugueses,  
que che prometen e danche  
semente pra nove meses.*

O cantigueiro popular complementa e clarifica o que a fraseoloxía deixa un pouco no enigma. Sabemos ben que fraseoloxía e cantigueiro son realidades estruturalmente heteroxéneas; pero é indiscutible que forman parte dun único e complexo sistema de pensamento e sentimento popular e por esa razón, neste caso concreto, resulta inevitable observar como unha estrutura ilumina a outra.

O cancionero popular tamén recomenda cautela ante a cortesía e labia portuguesa:

*Portugués, non me ronqués  
nin gastés tanta parola,  
que xa fun a Portugal  
e Portugal non m'enamora.*

*Portugués non me ronqués,  
no me tóque-la viola:  
eu xa fun a Portugal,  
Portugal non me namora.*

Equiparando o portugués co canteiro, o refrán que comentamos estanos dicindo que o portugués é un veciño de presenza fugaz e provisoria, tanto se quen se vai é o portugués coma se quen se vai é a galega. Esta compañía fugaz do portugués é a que desaconsella casar con el. E aí nacen os refráns:

*De Portugal nin bo vento nin bo casamento.*

*No casamento, nen portugués nen vento.*

---

<sup>11</sup> Con todo, temos confirmación de que esta locución tamén a usan as mulleres portuguesas.



Lembremos que o *aire de Portugal* é o que trae o mal tempo, como vimos en 3.1. Posiblemente sexa esta posibilidade de abandono das obrigas adquiridas na estada temporal do portugués en Galicia a que explique eses amargos refráns.

Como dixemos, por portugués tamén se entenden os galegos emigrados en Portugal. E así en Caritel, referida a eles, está moi viva esta cantiga:

*Lisboanos de Lisboa  
¿que vindes facer ó eido?  
Vindes engana-las mozas  
coa sona do diñeiro.*

### 3.4. O portugués traidor

Vexamos outros dous refráns:

*O portugués, se non dá a patada de vivo, dáa de morto.*

*O portugués, se non che caga na cima da escaleira, cágache no fondo.*

Os dous refráns indican, para os galegos, a imprevisibilidade dos comportamentos dos portugueses que, en calquera momento, poden faltar á palabra, incumprir un compromiso ou actuar conforme a un código diferente do pactado. Estes refráns expresan unha verdade de valor universal pero, enténdasenos ben, unicamente no sentido de que tódolos pobos do mundo acumulan algunha experiencia negativa no contacto cos seus veciños; é dicir, estes refráns son de valor universal na medida en que a palabra *portugués* poida ser substituída en calquera lingua polo xentilicio do pobo que vive do outro lado da fronteira. As fronteiras son as cicatrices da historia dos pobos e quen vive do outro lado da fronteira é sempre unha persoa na que non nos podemos fiar plenamente.

A proba de que esta interpretación é correcta é que no refraneiro castelán dise exactamente o mesmo dos galegos: *El gallego o te da patada de vivo o de muerto. El gallego, si no caga arriba de la escalera, caga en el fondo*. E todos lembramos que mesmo se chegou a facer teoría na literatura española sobre *la coz galiciana*.<sup>12</sup>

### 3.5. O portugués esaxerado e finchado

*esborrelarse en cumpridos, como un portugués*

*Esborrelarse* significa ‘derreterse’ e esta locución, que significa ‘usar unha cortesía moi afectada’, expresa a sensación, aínda común entre galegos, de que os portugueses usan un repertorio de fórmulas de cortesía moito máis elaborado e áulico có que usa o galego nas mesmas situacións.

*ser un porén*

---

<sup>12</sup> Consiste en devolver mal e ingratidade por ben: “... y negándole el tener padre ni ser medio romano me vendí por gallego; y se echó de ver muy bien en la coz que le di” (*La vida y hechos de Estebanillo González*).

significa ‘ser presumido’ en lugares próximos a Portugal (coma Viana do Bolo) ou nos que aínda hoxe hai naturais emigrados en Portugal (coma Caritel). Neste último lugar os que usan esa locución téñennos explicado que o din porque lles resulta afectado que os emigrantes regresen falando o galego con palabras portuguesas entre as que chama a atención, pola súa frecuencia, a palabra *porén*; e nesa palabra simbolizan a presunción do que regresa querendo dar sempre a sensación de triunfo económico sobre a aldea orixinal.

#### *o portugués do conto*

Nalgúns contos galegos os portugueses aparecen como persoas que se botan de valentes, mesmo cando están mortos de medo. *O do portugués do conto, que dixo: ‘Não tremes terra’ e tremáballe a el o corpo*. Lamas Carvajal cita así varias veces<sup>13</sup> pero non chega a conta-lo conto, aínda que, polo contexto, o tal portugués personifica a persoa que finxe serenidade e audacia cando está morta de medo. Ten algunha importancia o feito de que Lamas Carvajal escriba nun caso antes da cita que *os gallegos, que como vivimos preto d’os portugueses, algo temos de fanfarrós e finchados*. Tamén no ámbito do castelán corre este estereotipo. O conto presenta variantes diversas coma esta que encontramos no ámbito do castelán, relatada por Juan Valera en *Cuentos y chascarrillos andaluces*:

#### *El portugués que llegó a Cádiz*

*Venía por mar este portugués, y estaba tan mareado, que ni aun después de desembarcar se le pasó el mareo. Iba dando traspies e imaginaba que brincaban las casas en torno suyo y que el suelo se movía. Entonces exclamó: - ¡No tremas terra, que eu não te fazo mal!*

([http://es.wikisource.org/wiki/El\\_portugués\\_que\\_llegó\\_a\\_Cádiz](http://es.wikisource.org/wiki/El_portugués_que_llegó_a_Cádiz)) [Data de consulta: 25/02/2009]

Non demos sabido a motivación e significado desta locución anotada en Carballado A *empresa dos tres: o burro, o amiguiño e o portugués*. Probablemente, latexa aí un conto do que se perdeu a memoria.

### **3.6. Outras connotacións de portugués**

#### *saír por viño portugués*

Significa ‘saír mal unha cousa sen esperalo’.

<sup>13</sup> *A meiciña non pode ser millor pr’os gallegos, que como vivimos preto d’os portugueses, algo temos de fanfarrós e finchados, e si ó portugués do conto que tremaba c’o medo non lle faltaron anemos pra decir ‘nao tremes terra’, sin ser milagre poderemoslle decir ó cólera cando se nos meta n-o corpo como si fose un meigallo e se nos poña n-a mucosa intestinal, que co-a licencia de vo’tés, é onde vay a pousarse si non minten os médecos: ‘¡bótate fóra microbio, mira que sinon... retórzoche o pescozo!’ (Lamas 1884a). // ¡Por fantasía non queda! / O do portugués do conto, / que dixo: «Não tremes terra» / e tremáballe a el o corpo (Lamas 1884). // Un ciruxao de Mondoñedo achacou os tremores á que o mundo sintia escalofríos. Pol-o sí ou pol-o non, non estaria por demais que viñese á Galicia o portugués d’conto a decirlle outra vez ‘¡Nao tremes terra!’ sempre e cando se sirvise Dios oubilo y-o mundo lle dese tino. E xa que falo dos tremores da terra, vou a botar a miña sentencia. Xuncras leve si non tremou ó deprocatar-se de que co tempo e cando se lle dea dirección ós grobos deixará-na a ermo os homes (Lamas 1885).*

Xa vímo-lo refrán *Home sanabrés, aire burganés e viño portugués, Dios nos libre dos tres*. Esta locución *saír por viño portugués* debe de proceder dos tempos xa recuados (séculos XV e XVI) nos que o viño do Ribeiro non só era de mellor calidade có viño portugués senón que mesmo era un dos máis cotizados de Europa. Isto aconteceu, en boa parte, por obra dos comerciantes ingleses que o seleccionaban no Ribeiro, casa por casa, e que o levaban a diferentes Cortes europeas e naturalmente antes de que a sucesión de pragas (filoxera, oidium e mildeu) destruíran aquelas cepas tan prezadas. Foron os mesmos ingleses os que, trala prohibición española de comerciar con Inglaterra, lanzaron o *vinho do Porto*, como xa dixemos, e hoxe viño portugués e viño galego gozan da parecida calidade, polo que pode resultar anacrónico o emprego desta locución:

*ser máis agudo que un allo portugués* ‘ser moi listo’

Hai aquí unha transposición semántica. O allo portugués pica máis có galego. O que pica é agudo pero *agudo* significa tamén “listo”: así nace a locución comparativa.

*Os portugueses teñen a auga, mais nós vendémoslla.*

Este podería se-lo máis moderno refrán galego nesta materia, probablemente creado en Lisboa ou no Porto polos galegos que exerceron o oficio de augadeiros: cando aínda a auga non chegaba máis que ás fontes públicas e de aí había que subila a tódolos andares de tódalas vivendas, o mercado demandou esta profesión, semellante á que ata hai moi pouco exercían ós que ás mesmas vivendas subían as bombonas de butano. Aínda que, obviamente, os portugueses se podían permitir non facer ese traballo duro e limitarse a pagar a quen llelo fixese, na boca dos galegos este é un refrán de combate, porque quere expresar que os inmigrantes servidores son máis intelixentes cóos nativos servidos.

Quédanos un último refrán:

*Cando mexa un portugués, mexan dous ou tres.*

Del diremos que é un refrán baleiro de contido e que se limita a aproveita-la rima (*portugués ~ tres*) para crear unha invectiva puramente humorística contra os veciños. De feito, tamén corre en español: *Cuando mea un aragonés, mean dos o tres*; e mesmo existe un paralelo *Picha española nunca mea sola*. Estes refráns foron creados por autor anónimo para encher eses incómodos momentos de silencio (e cumprir así a función fática da linguaxe) nos que dous homes cadran nun urinario ou en calquera outro lugar realizando simultaneamente esa necesaria función orgánica. Non cremos que teña ningunha connotación negativa o feito de que os italianos digan *Dove piscia un cane, ci pisciano due o tre*.

Tralo 25 de abril, milleiros de portugueses intensificaron as súas excursións por Galicia, primeiramente en autocares e recentemente xa en automóviles particulares. Nas estradas do sur de Pontevedra que conectan directamente coas fronteiras portuguesas nos anos 80 era moi frecuente encontrar bandos de portugueses que montaban a súa fartureta mesa no chan dunha carballeira e era igualmente frecuente

ver portugueses atendendo outras necesidades. En Salvaterra de Miño recollemos este dito en 1985:

*O portugués que non mexa á entrada, mexa á saída.*

Correu esta observación coma a pólvora durante estes vinte anos adquirindo así condición de paremia e supoñemos que é unha das máis modernas creacións fraseolóxicas do noso tema.

### **3.7. Resumo do concepto de *portugués* na fraseoloxía galega**

A conclusión é que na análise da fraseoloxía galega sobre o concepto de *portugués* pouco máis hai cás habituais desconfianzas entre pobos estremeiros, simbolizadas no caso galego no carácter nocivo do aire que sopra dende Portugal e que sempre trae choiva a un país xa húmido polos constantes ventos que lle entran polo oeste do Atlántico. Obsérvase tamén unha forma de expresión máis barroca e cerimoniosa por parte dos portugueses e unha certa fogosidade afectiva. Esta última característica portuguesa provoca a necesidade de suma cautela que se debe observar (maiormente no caso das mulleres) con quen ten connosco un trato continuado e intenso, pero fugaz: é dicir, o perigo dos amores sen compromiso de continuidade. Dende logo, sería moi útil poder descifrar se o autor dos refráns era home ou muller.

Percíbese a conciencia da desigualdade social (galego inmigrante – portugués nativo), pero non parece crear por parte galega un malestar superlativo: no corpus que demos reunido, certamente pouco extenso, non encontramos nada radicalmente hostil, nada que permita ver cicatrices de vellas feridas, como poden percibirse se nos referimos á emigración a Castela e, en menor medida, a Andalucía. Non procede que ampliémo-la pescuda ó cantigueiro popular pero, se o fixermos, veríamos que Portugal para o galego que fala na fraseoloxía non é unha referencia excesivamente negativa, como adoitan se-las recíprocas referencias de pobos separados por unha fronteira.

¿É proporcionalmente tan positiva a referencia que o portugués ten do galego? Coidamos que non.

## **4. A imaxe do *galego* na fraseoloxía portuguesa**

Lembramos aquí o xa dito: por *galego* en portugués hai que entender, como é natural, o inmigrante procedente de Galicia, unha inmigración que é constante na historia de Portugal e que, na súa etapa máis recente, aínda agora empeza a ser estudada (Leira 2008). Secundariamente, tal como dixemos en 2.3., en Lisboa e aínda máis ó sur, por *galego* pódese entender o habitante do Norte de Portugal, das rexións do Minho e Trás-os-Montes; e no Brasil pódese referir mesmo a calquera portugués. Con todo iso, coidamos que o material fraseolóxico que imos analizar se refire basicamente ós galegos de Galicia.

### **4.1. O *galego* traballador**

*trabalhar como um galego*

*trabalhar, que nem um galego*

### *Galego é escravo de traballo*

*Traballar como un galego* é locución tan común en portugués coma en español *trabajar como un negro* e é ben posible que en portugués o referente estea tan fosilizado, que xa ninguén, ó usalo, pense realmente nun galego ou nun negro: é dicir, poden ser simples referencias superlativas.

Esta laboriosidade galega parece un elemento claramente positivo atribuído polos lusos ós inmigrantes da outra marxe do río Miño. Pero, como todo o que leva a marca de exceso, úsase para marcar un desvío do que debe ser normal; e a locución ten algo de denigratoria, porque a sinónima é *traballar como un burro de carga*.

Xa mencionamos anteriormente algunhas das profesións “típicamente galegas” en Portugal. Encontrábanse entre elas: o augadeiro, o mozo de fretes, o canteiro, o albanel, os encargados de transportes e servizos portuarios, algúns mariñeiros e, no caso do traballo rural, traballadores temporais na sega e no sector vinícola.

#### **4.2. O galego pode ser perigoso pola súa fidelidade a quen lle dá traballo**

##### *Guarda-te de cão preso e de moço galego*

A primeira vista este refrán recomenda estar de pé atrás ante un traballador galego, do mesmo xeito que tamén hai que andar con tino para achegarse a un can preso que, se está preso, é porque traba. Parece unha recomendación dirixida ós amos, patróns ou *empreiteiros* portugueses que teñan asalariados galegos.

Non obstante, a nós parécenos que a advertencia é de signo contrario. Vexamos. O can defende os intereses do amo e a súa identificación co labor de protexelos é tan entusiasta que hai que prendelo para que non ataque os que non son da casa. É dicir, o can non se ata porque sexa perigoso para o seu amo; átese para que non lles faga mal ós que veñan de fóra. A comparanza, neste caso, do *moço galego* –é dicir, do empregado galego– co can, o que parece resaltar é que a identificación do traballador galego cos intereses de quen lle ofreceu traballo é tanta que pode atacar a quen queira defraudalo. Non nos parece que sexa verosímil a interpretación asimétrica de que o can sexa perigoso para “os de fóra” e o *moço galego* sexa perigoso para “os de dentro”, para o seu patrón. O normal nun refrán bimembre é que as realidades se prediquen de maneira simétrica: *cão preso* e *moço galego* deben ser protección para o mesmo (o patrón) e perigosos para o mesmo (o presunto invasor, o de fóra da casa). A advertencia diríxese ós que proxecten atentar contra os intereses dun patrón portugués, que conte cun *moço galego*. Polo tanto, tampouco este refrán parece conter unha valoración negativa do asalariado galego.

En español existe o mesmo refrán *Guárdate de can preso y de mozo gallego* (Martínez Kleiser 1989:293) e, dende logo, esta característica da fidelidade do traballador galego á súa empresa parece confirmarse polo que, en xeral, se dicía dos galegos en países como Suíza, Alemaña ou Francia no cambio de milenio.

##### *Nem cão negro, nem moço galego*

Explicado xa o anterior, estoutro refrán parece algo máis transparente: podería ser sinónimo do anterior, pero podería expresa-la natural desconfianza que o amo ten do criado e que o empresario ten do seu empregado.

#### **4.3. O galego, traballador maltratado**

*tratar alguém como um galego*

Esta locución manifesta a excesiva esixencia de produtividade a un traballador por parte do seu patrón. Aínda se poden escoitar na fala en Portugal comparacións do mesmo xeito: *um galego de trabalho*; *Pensas que eu sou algum galego?* como resposta para cando alguén esixe un traballo moi arduo. En calquera caso, esta locución ten algo de autocrítica nacional, posto que aínda que o galego teña evidentes imperfeccións, a opinión común dos veciños do sur non parece negarlle ó galego a vontade de traballar. E tan característica sería, para a fraseoloxía, a laboriosidade do galego coma o abuso do patrón portugués. As comparacións estereotipadas que existen en tódalas linguas teñen unha feitura hiperbólica e nunca poden ser tomadas ó pé da letra pero, atendida esta observación, *tratar [alguem O.D.] como um galego* sería equivalente de *tratalo coma un can*. Outro exemplo deste trato desconsiderado podería se-lo refrán:

*Quem faz festas a galego, mais galego é.*

*A fome e o frio fazem o gado galego*

Non temos información de cal é o uso real deste refrán, aínda que supoñemos que aquí *galego* designa un gando pequeno e de moito pelo. Pensamos que se pode referir ás vacas cachenas, moi propias do Xurés, na raia con Portugal, que son probablemente as vacas máis pequenas, pero as de cornos máis grandes de Europa e que teñen un pelo abundante porque se crían ceibas na serra. A súa carne é de moi alta calidade pero o animal morfoloxicamente está lonxe dos parámetros anatómicos do que se entende por bo gando.

Tamén é posible que se refira ó gando importado dende Galicia. Está ben documentada a exportación de gando galego a Portugal en diferentes épocas, sobre todo as 332.127 reses que chegaron nos vintecinco anos que van de 1862 a 1887, en boa parte para unha posterior reexportación a Inglaterra (Carmona 2000:310-315). É sabido que, non habendo daquela medios de transporte para o gando, tiña que desprazarse a pé e, naturalmente, o gando chegaba ó destino nun estado lamentable. Posiblemente este aspecto lastimoso explique a mala impresión asociada nese refrán ó *gado galego*.

#### **4.4. O galego, derradeiro chanzo na escada social**

*Debaixo de galego, só um burro.*

A humildade do traballador galego ten, con todo, aspectos negativos. A súa decisión de fuxir da miseria familiar traballando sen límite onde lle dean traballo convérteo en paradigma do servilismo, da máquina de traballar. E iso, para unha persoa máis meridional e máis gozadora da vida, é redondamente bestial. Por iso di que *Debaixo de galego, só um burro*. O burro traballa sen preguntar nunca e o galego está un poucoño

por riba do burro; pero só un pouquiño. Este refrán implicitamente está suxerindo que a humildade do traballador galego roza xa a indignidade.

*Cinquenta galegos não fazem um homem.*

*Duzentos galegos não fazem um homem.*

*Duzentos galegos não fazem um homem, senão quando comem.*

Ese refrán (que na súa forma extensa forma parte de romances e doutras composicións en verso), si que xa manifesta a baixeza superlativa do galego en Portugal, na concepción do portugués que fala na fraseoloxía portuguesa.

*Duzentos gallegos  
Não fazem um homem  
Senão quando comem  
Meu dinheiro, teu dinheiro (Braga 1846)*

O refrán é moi despectivo e achaca ós galegos a condición de persoas covardes. Cadra co arraigado en Castela: *Gallego, si no lo haces*.

Non é un artigo fraseolóxico o lugar para responder dende Galicia ós estereotipos portugueses sobre os galegos pero, para comprender en qué medida é un estereotipo, e non unha fotografía, cómpre lembrar que o heroísmo, mesmo o heroísmo en grao extremo, é a resposta normal de calquera pobo do mundo que se vexa enfrontado a unha situación extrema; e con frecuencia son os pobos considerados covardes os que máis sorprenden os analistas históricos, ata o punto de que un refrán galego di *Gárdate da ira dos pacíficos*.<sup>14</sup> E precisamente o pobo aldeán galego, aquel que soubera vencer un exército regular de 40.000 soldados franceses, é o mesmo que, acurrallado pola fame e as débedas que o sistema fiscal español lle impoñía, saltou a Portugal na procura individual dun traballo. Deste é do que fala o refrán portugués *Duzentos galegos não fazem um homem*. Non parece, logo, verosímil que esa submisión laboral deba entenderse como pouquidade de ánimo, como covardía. A extrema pobreza de calquera inmigrante de calquera pobo do mundo é a que o forza a ser submisivo, a disimular as ofensas, mesmo as ofensas desapiadadas. O obxectivo del é sobrevivir; e calquera

---

<sup>14</sup> Dende o suicidio colectivo no Monte Medulio, que narra Orosio (Orosius 6,21,7), ata a forma en que un pobo, desprotexido polo exército nacional, soubo converter de xeito autoxestionario os apeiros de labranza en armas e facer fuxir de Galicia, en nove meses, o poderoso exército de Napoleón, sendo a primeira parte liberada de España e merecendo o eloxio de quen venceu ó corso en Waterloo, o Duque de Wellington, que dende o Cuartel General de Lesaca comentou no 4.9.1813 a heroica valentía do “Cuarto Ejército” composto por galegos: *Guerreros del mundo civilizado: Aprended a serlo de los individuos del Cuarto Ejército que tengo la dicha de mandar. Cada soldado de él merece con más justo motivo el bastón que empuño. Todos somos testigos de un valor desconocido hasta ahora; del terror, la muerte. La arrogancia y serenidad, de todo disponen a su antojo. Dos divisiones fueron testigos de este combate original sin ayudarles en cosa alguna y esto por disposición mía para que se llevaran una gloria que no tiene compañera. Españoles: Dedicados a imitar a los inimitables gallegos, distinguidos sean hasta el fin de los siglos por haber llegado en su denuedo hasta donde nunca nadie llegó. Nación española premia la sangre vertida por tantos cides. Diez y ocho mil enemigos con una numerosa artillería desaparecieron como el humo para que no os ofendieran jamás.*

sacrificio, calquera humillación son necesarios. Pero iso non é covardía, senón estratexia.

Como contrapunto está o feito de que nunca vimos que en Portugal se aplicase a covardía a un galego rico (que os houbo en Portugal), nin que se refira ás entidades que en Galicia posúen inmensas catedrais e suntuosos pazos. Acusar de covardía é provocar a quen sabemos que está en desvantaxe e non se pode defender.

Volvamos ó refrán *Duzentos galegos não fazem um homem*. Se a cousa é coherente co que dos galegos din en Castela (*¡Gallego, si no lo haces!*), tamén o é co que escribiu Camões cando n'Os *Lusíadas* (IV,10,5-8) incluíu uns versos nos que apostrofa os galegos co epíteto de *sórdidos*:

*A vós outros também não tolhe o medo  
ó sórdidos Galegos, duro bando  
que pera resistirdes, vos armastes  
àqueles cujos golpes já provastes.*

Leite de Vasconcellos, coa súa autoridade de máximo etnólogo portugués e aínda coa característica grafía etimolóxica de fins do XIX, certifica a vixencia deste estereotipo en Portugal, precisamente porque é unha idea tan popular como abominable e que expresa desprezo, non odio:

*A ideia popular, posto que abominável, de desprêso contra os gallegos acha-se no mesmo cant., est. 11.[refírese ós versos de Camões]. Este desprêso, não ódio, tem raízes muito antigas, como se vê. Ha mesmo uma lenga-lenga, que principia:*

*Duzentos gallegos / Não fazem um homem.*

*e um adagio refere-se também ao caracter obediente e humilde d'esse povo nosso irmão, que tantos serviços nos presta no paiz. (Vasconcellos 1883:57)*

O *lenga-lenga* ó que se refire Leite de Vasconcellos empeza así:

*Duzentos gallegos / Não fazem um homem, / Porque quando comem / Seu dinheiro, meu dinheiro, / Homem trapaceiro / Arriscado anda, / Porque na demanda / Não fez o que rei mandou ; / Já se lhe pagou / A'quelle tonante; / Se elle é estudante, / Alfinete seu amor. / Tenho grande dor / De te ver ausente; / Se tu estás doente, / Meio mundo patarata, / Ai que se arremata / A real fragata! / Anda agora em moda / Quem tem boca vae a Roma ; / Haja bem que se coma, / Não se passa fome, / Quem comer, ó homem, / Regala a sua barriga; / Tenho uma bexiga / Para migalheiro. / ... Recollida no Norte. (Vasconcellos 1911:265-266)*

Hoxe na época dos eufemismos, a expresión desta idea sería politicamente incorrecta, por moi inmigrantes que fosen os galegos. Pero un xornal portugués de 1894 daba aínda unha proba manifesta de ata que punto a insignificancia dos galegos non era unha hipérbole de valor retórico, senón algo sentido como real. Nese ano houbo en Lisboa unha folga de panadeiros, contra a norma que acababa de impoñe-lo Goberno de que



tódolos manipuladores de pan tiñan que ter consigo un Documento de Identidade, porque disque había fraude no peso. Polo que parece, a folga facíana os traballadores, pero impulsábana os patróns, beneficiarios da tal fraude. Axiña correu o rumor de que estaban en folga 2000 panadeiros e pensaron en forza-lo ministro a negociar. Non obstante, o ministro mandounos primeiro a face-lo pan. Entón eles, en vez de iren traballar, marcharon para Monsanto e axiña circulou pola cidade o rumor de que alí, en Monsanto, xa se xuntaran 6000 persoas en folga. Nese momento, o Goberno mandou un xeneral comproba-lo alcance real da folga e viu –di o cronista– que eran *mil e tantos grevistas dos quães 287 eram gallegos. Ora, nós, –continua– sempre ouvimos dizer ao povo que duzentos gallegos não valem um homem... e d’este modo verifica-se que o numero ainda era mais pequeno* (Verdades 1894:152). Aínda que poidamos concederlles, como eximente, algunha intención humorística ás palabras do cronista, o seu uso é inequivocamente recto, non metafórico; e vixente nesa altura, non arcaico (Verdades 1894:151-152).

Hoxe as cousas son algo diferentes. Con todo, en 1938 o escritor norteño João de Araújo Correia (1899-1985), médico e escritor da Régua, terra de rampas e socalcos, amigo de Galicia e dos galegos, especialmente de Anxel Fole, na súa obra (*Sem método*) condena este hábito portugués de mal mira-los galegos, o que é unha proba da vixencia do estereotipo:

*o tempo em que me criei vinham ainda saibrar ao Douro ranchadas de galegos. Não os distinguia dos cavadores indígenas o meu olhar pouco habituado a ver mundo. Apenas me sabe bem, ainda hoje, o chocolate que traziam de presente a meus pais no regresso da Galiza...[...]*

*O galego, cá no Douro, foi sempre mal visto dos naturais, como sucede a todo o colono em qualquer parte do mundo... Isto não deve continuar. Façamos penitência, forçando o galego, de mãos nas mãos, a orgulhar-se da sua forte e doce Galiza.*

*A Régua deve o ser povoada e rica principalmente a galegos. Lá diz a cantiga:*

*A Régua era bonita  
Se não tivesse dois erros:  
Ladrilhada de vareiros,  
Passeada de galegos*

#### **4.5. O galego lorpa e o coice galego**

A necesidade imponlle ó galego a procura obsesiva do traballo e do diñeiro e iso faino ser submisivo. Pero, como inmigrante que é, non coñece a totalidade das pautas locais de comportamento. Por iso, ós ollos da xente urbana, o galego resulta rudo, falto de formas. Os dicionarios portugueses manteñen no lema *galego* estas acepcións:

*Pop. Deprec. Pessoa rude, grosseira = Labrego; (ACL 2001)  
pop. Homem grosseiro, incivil. (Figueiredo 1989)*

A falta de formas e estilo urbano fai que a maneira de comportarse dun galego lles resulte chocante ós nativos, maiormente ós metropolitanos, e que as súas intervencións fagan rir. É natural que figure en diversos entremeses teatrais como un personaxe aparvado, tosco, inurbano (*o galego lorpa*); os que son do país, os metropolitanos considéranse no dereito de rir e de facer rir á conta del.<sup>15</sup> Unha das máis expresivas descrições deste *galego lorpa*, groseiro, inelegante e por veces descortés, non a ofrece un entremés senón o dicionario decimonónico de João Fernandes que define o xentilicio *galego* do seguinte xeito [conservámo-la ortografía orixinal]:

*GALLEGO – segundo certos auctores, o gallego deve ser incluído na classe dos animaes nocivos, e como tal póde ser destruído. - Machina de fazer immundicie e brutalidade, segundo outros. – Pseudonymo de bruto, acrescentam terceiros. – Homem de ganhar. A peor especie não é a que importâmos de Galliza, nem a que faz fretes; é a que se aluga em quanto pobre e que dá coices depois de rica. Entre nós abunda esse producto das sociedades corrompidas e mal educadas. Aos que nos veem de Hespanha caracteriza-os o seguinte facto: Indo uma vez o general Leone de Monsão para o Porto, encontrou um galleguito, de dez ou doze annos, que seguia a mesma direcção. Tendo saído dois dias antes de Tuy, o rapaz perdêra-se no caminho, ia estafado, com os pés feridos e chorando. Compadeceu-se d'elle o general, e, depois de interrogar e saber que vinha para o Porto ganhar a vida, ordenou generosamente que o montassem n'uma das cavalgadas que vinha com as suas bagagens. O joven ganhador, a quem o pae déra, provavelmente, como unica lição o conselho de não fazer nada sem que lhe pagassem, poz a mão na anca do cavallo salvador, e, voltando-se para o general, perguntou-lhe: - Canto me dá bossê? (Fernandes 1878:115-117).*

No conto que cerra a peculiar definición anterior parece ecoa-lo tópico antigalego da literatura castelá, *la coz gallega*, ó que xa aludimos en 3.4. O conto que quere sustenta-la definición (*homem de ganhar*) non o di porque o rapaz non chega a subir ó cabalo, senón que pide diñeiro a cambio de permitir que lle fagan o favor de levalo no cabalo; pero o complemento da definición é moi explícito: *A peor especie não é a que importâmos de Galliza, nem a que faz fretes; é a que se aluga em quanto pobre e que dá coices depois de rica.*

#### **4.6. falar espanhol como uma vaca galega**

Falar mal o portugués calquera persoa setentrional que non diferencia o be do uve (bilabial de labiodental) crendo, en cambio, que está a falar ben. A locución rexístrase no territorio mirandés.

*A propósito da expressão 'falar francês como uma vaca espanhola', com o sentido de "falar mal" e "de calinada", informou-me o senhor Artur Carlos Alves que na sua região, isto é, no concelho de Miranda do Douro, distrito de Bragança, empregam em vez daquela, esta 'falar espanhol como uma vaca*

<sup>15</sup> *Gallego Lorpa e os Tolineiros: novo entremez*. Lisboa: Typ. Lacerdina, 1808; A. P. (18--): Conselhos sérios e joviaes dados em quintilhas a hum gallego lorpa, novamente estabelecido n'esta Côrte. Lisboa: Off. Nunesiana.

*galega', referindo à pessoa que julga falar bem o português, mas troca as letras, como por exemplo dizer 'baca' e 'voi', em vez de 'vaca' e 'boi'.*

*Mais me elucida que, embora a terra de Miranda do Douro não tenha fronteira com a Galiza, o mirandês compreende bem o galego, alem de falar o seu dialecto, o português e o espanhol, e para ele o galego é o símbolo da tolice e da asneira, e atribui-se àquela gente, aos galegos, as seguintes quadras que aprendera há tantos e tantos anos: 'Quando vi a mulher morta, / O esquite à porta, / E a testa fria / Logo disse que morria. / Quando vi a vaca esfolada / E a pele estendida na figueira, / Logo dise: meu amor, / a vaca não faz a sementeira'.*

*O que não pensamos dos Galegos, pensam eles de nós.* (Carvalho:I, II, 68-69).

En portugués é máis común dicir que *fala francês como uma vaca espanhola* aquel a quen non se lle entende ben (Maças 1950:232). A locución é calco do que din os franceses: *parler français comme une vache espagnole* para a que hai diferentes explicacións, que poñen o acento na *vache*, na *espagnole* e nun posible *basque espagnole* (Rey 1991:908-909; s.v. *vache*).

Como se ve, a locución que introduce a vaca galega é tamén un calco da francesa, trocando a lingua francesa pola española e a vaca española pola galega. O sorprendente é que isto designe aquelas persoas do Norte (galegas ou non) que, afectadas polo betacismo setentrional, acaban hipercorrixíndose e pronuncian erradamente tanto as bilabiais coma as labiodentais, características do estándar portugués.

#### 4.7. Abundancia de fillos

*Pariu a galega! (Diz-se quando se vêem muitas crianças juntas)*

[http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/etnologia/revistalusitana/22/lusitana22\\_pag\\_35.pdf](http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/etnologia/revistalusitana/22/lusitana22_pag_35.pdf) [Data de consulta: 25/02/2009] –

*parecer ter parido uma galega*– “diz-se quando há muita gente aglomerada num mesmo local” (Nogueira 1988).

*Parir a galega.* Diz-se quando se junta muita gente movida pela curiosidade ou bisbilhotice. Bº Alent. A frase é “Pariu aqui a galega?” (Simões 1993:498).

A expresión vive e evolúe semanticamente e dela débátese na Internet:

*Em frente ao armazém de mobílias parece que pariu a galega[...]**Diz-se parece que pariu a galega* *quando se chega a algum sítio e se vê imensa gente. Por exemplo: vamos à repartição das finanças pagar o imposto automóvel, no último dia de prazo, e dizemos: “ui, com tanta gente estou que não me escapo tão cedo: parece que pariu aqui a galega”.*

<http://casa-de-cacela.blogspot.com/2008/03/captulo-xlii-lusa-continua-maria-teresa.html> [Data de consulta: 25/02/2009]

*[...] pronto, pariu a galega - quando uma coisa não pára de acontecer. Havia uma senhora que morava na Galiza, que pariu nada mais nada menos, que 20 meninos.*

[http://bangbuspt.blogspot.com/2005\\_10\\_01\\_archive.html](http://bangbuspt.blogspot.com/2005_10_01_archive.html) [Data de consulta: 25/02/2009]  
*Porque mais que as mães quer mesmo dizer 'muitas pessoas' ou 'imensa gente' [...] Por isso continuem a dizer são mais que as mães, posso garantir que em vez de parecerem umas bestas, dizer isso vos faz parecer gente de elevado nível intelectual. E para descrever um grupo grande de pessoas, usar a expressão pariu a galega? é demasiado beirão, por isso não fica bem.*

<http://achavedoeuromilhoes.blogspot.com/2007/06/gente-idiota-so-mais-que-as-mes.html>  
[Data de consulta: 25/02/2009]  
*Na bomba de gasolina do Intermarche, onde os preços mais baratos dão origem a filas maiores do que no dia em que pariu a galega...*

<http://diadecao19.blogspot.com/2009/02/coisas-de-gaija-ao-volante.html> [Data de consulta: 23/02/2009]

A frase debeu de ter algunha vida tamén en Galicia, porque Noriega Varela recolleuna en 1928 na fala dos brañegos lugueses:

*¡Seique pareu a gallega!: Suele decirse al ver mucha gente reunida (Noriega 1928:44).*

Martínez Seixo tamén a recolle na Cañiza como fórmula: *¡pariu a galega!* – [dise cando se ve moita xente xunta] “¡Pariu a galega!, ¡que cantidade de xente!, seica tendes asemblea familiar” (Martínez Seixo 2000:83). Na Cañiza hai de sempre emigrantes en Portugal.

Ordinariamente, a abundancia de fillos é inversamente proporcional ó nivel económico, aínda que hoxe xa haxa algúns matices. Este estereotipo tradicional é coherente con tódolos anteriores: galego pobre.

#### 4.8. *ver-se galego*

En tempos, parece que circulou a locución *ver-se galego*, como sinónima de *ver-se grego* que significa ‘verse confuso, atrapallado, perturbado, en grandes dificultades’; hoxe é máis común *ver-se grego* e houbo mesmo quen explicou no século XVIII este cambio do *grego* polo *galego* dicindo que había en tempos unha lenda que dicía que *aquela provincia (Entre Douro e Minho) foy habitada muitos anos pelos gregos*.<sup>16</sup> En realidade esa lenda é a tradición constante entre os historiadores ata finais do XIX en que Galicia empeza a interesarse polo seu substrato céltico (Moralejo 2008:53-88). *Ver-se galego* pode aludir ás dificultades económicas, pero tamén ó embarazo de non saber expresarse ben no estándar lingüístico do país; nun país no que é común *ter labia* e no que o galego percibe sempre unha maneira máis barroca de expresarse cá que el usa.<sup>17</sup>

<sup>16</sup> Morães Madureyra Feijó (1739:42) citado por Pensado (1985:58).

<sup>17</sup> Do adxectivo galego atopámo-la seguinte explicación do pleno século XVIII: *Sem fundamento algum chamam gallêgos aos mesmos povos transdurienses, e transmontanos por motivo do dialecto. As nações de Hespanha, sujeitas ao Rei Catholico nam guardam regra determinada na pronuncia do B e V, como a todo he notorio. (...) Mas de aqui se infere, que pela mesma indifferença os interamnenses, e transmontanos poden ser arguidos de gallêgos, tambem se devem chamar castelhanos, aragonezes, asturianos, navarros, andaluzes, leonezes, etc.* (Monte Carmelo 1767:422-423, en Pensado 1985:58)

#### 4.9. Resumo do concepto de *galego* na fraseoloxía portuguesa

O galego na fraseoloxía portuguesa ten unha parte positiva (traballador e fiel) pero ten tamén as características negativas que en todas partes se atribúen ós inmigrantes: groseiro, bruto, ineducado, covarde, pouca cousa, cargado de fillos e de problemas. Por veces atribúenselle as características dos animais de carga: os galegos fan esforzos importantes e útiles pero a importancia está na forza e non na intelixencia, no músculo e non no cerebro.

O galego ofrece a imaxe do inmigrante útil e fiable pero que simboliza ó mesmo tempo tódalas contrariedades da vida. Unha figura que globalmente non é apetecible.

#### 5. Conclusións provisionais

A primeira sorpresa que produce este corpus é a súa pequena dimensión, habendo como hai detrás unha longa historia de relación entre galegos e portugueses. En vista do volume cuantitativo da presenza galega en Portugal, esperabamos encontrar máis material fraseolóxico pero as nosas fontes non ofrecen máis, polo menos de momento. Non obstante, esa pobreza de fraseoloxismos podería ser un dato revelador: por parte portuguesa, da escasa consideración que eles lles concederon ós galegos (como xente insignificante); e, por parte galega, de que só a parte máis meridional de Galicia fixo a experiencia portuguesa. Reciprocamente, a presenza de portugueses en Galicia tampouco foi tan significativa como para deixar unha profunda pegada na lingua.

Resumamos nun cadro o dito:

	<b>positivo</b>	<b>neutro</b>	<b>negativo</b>
o galego é	traballador		esfuerzo máis físico ca intelectual
			escravo do traballo
			agoniado polo traballo
	fiel ó amo ata a agresividade		obsesionado con reunir diñeiro
			famélico (gando)
			último da escada social
			covarde
			lorpa, groseiro, bruto
o portugués é		cargado de fillos	traidor
		vento chuvioso	
		Estado pequeno	
	falador de moita labia	namorador apaixonado	amante non fiable que abandona
			esaxerado, bótase de valente
			finchado, presumido
			viño de menor calidade
			traidor
	mexa en grupo		

Por baixo destes estereotipos está a opinión que uns e outros teñen de si mesmos comparados cos veciños. Así, por exemplo, o galego que vive na fraseoloxía sabe da súa inferioridade sociopolítica pero ten conciencia da súa superior intelixencia: *os portugueses teñen a auga e nós vendémoslla*.

### 5.1. Rivalidades de estremeiros

Galegos e portugueses míranse con ollos diferentes e dáse nisto unha asimetría, que, en certo sentido, xa advertiu Pilar Vázquez Cuesta (Vázquez 1995). Con todo, hai simetría nesa rivalidade con que se desprezan tódolos pobos estremeiros do mundo e que converten en caricatura nacional do veciño os defectos da xente de menor nivel que eles coñecen<sup>18</sup>. Os pobos estremeiros esfórzanse por ter unha relación pacífica, pero as fronteiras non deixan de ser vellas cicatrices e as rivalidades latentes poden estar operativas en calquera momento. Son notorias entre franceses e españois, entre franceses e alemáns, entre alemáns e polacos, entre polacos e ucraínos; hai mesmo unha rivalidade triangular polaco-ucraíno-rusa, semellante á que existe entre galegos, portugueses e casteláns. Din uns refráns polacos: *Jak świat światem, nie będzie Niemiec Polakowi bratem* (“Dende que o mundo é mundo, non será o alemán irmán do polaco”); *Z Ruskim gadaj, a w zanadrzu kamień trzymaj* (“Fala co ruso e garda preparada unha pedra”). É coma se, para que xurda simpatía entre os pobos, deba haber distancia xeográfica e non se deba compartir fronteira. A admiración española por Alemaña ou a simpatía galega por Bretaña e Irlanda é semellante á *irmandade* polaco-húngara que manifesta o refrán polaco: *Polak - Węgier dwa bratanki, i do szabli, i do szklanki* e tamén o seu equivalente húngaro: *Lengyel, magyar – két jó barát, együtt harcol, s issza borát* (“O polaco e mailo húngaro son dous irmáns, tanto da espada coma do vaso”) co cal debe entenderse que se apoian mutuamente tanto na batalla como despois celebrando xuntos as vitorias. Cúmprense nisto os refráns galegos de que *Santo do pé da porta non fai milagres* e o outro que di *Santo de lonxe é máis milagreiro*.

### 5.2. Galego inmigrante, *português patrão*

<i>A buon interduttore, poche parole</i> [TM, MAS] <sup>9</sup>	<i>Il riso fa buon sangue</i> [MAS]
<i>A Carnevale ogni scherzo vale</i> [MAS]	<i>Il tempo lo dirà</i> [MAS]
<i>A caval donato non si guarda in bocca</i>	<i>Il troppo stropia</i> [MAS]

<sup>9</sup> Escoitamos tamén a paremia nunha viaxe en autocar de Bari a Matera, o 16 de xaneiro de 2007.

[MAS]	
<i>A criticare son tutti buoni</i> [MAS]	<i>Impara l'arte e mettila da parte</i> [MAS]
<i>A mali estremi, estremi rimedi</i> [MAS]	<i>L'abito non fa il monaco</i> [MAS]
<i>A ognuno il suo mestiere</i> [MAS]	<i>L'amico si conosce nel momento del bisogno</i> [MAS]
<i>Acqua cheta rovina i ponti</i> [MAS] <sup>10</sup>	<i>L'amore è cieco</i> [MAS]
<i>Acqua passata non macina più</i> [MAS] <sup>11</sup>	<i>L'amore non è bello se non è litigarello</i> [MAS]
<i>Aiutati che il Ciel t'aiuta</i> [MAS]	<i>L'apparenza inganna</i> [MAS]
<i>Al cuore non si comanda</i> [MAS]	<i>L'appetito vien mangiando</i> [MAS]
<i>Al peggio non c'è mai fine</i> [MAS]	<i>L'erba 'voglio' non cresce neanche nel giardino del re</i> [MAS, TM, RS]
<i>Ambasciator non porta pena</i> [MAS]	<i>L'erba del vicino è sempre più verde</i> [MAS]
<i>Anche la pulce ha la sua collera</i> [MAS]	<i>L'occasione fa l'uomo ladro</i> [MAS]
<i>Anche le pulci hanno le orecchie</i> [MAS] <sup>12</sup>	<i>L'uccello si conosce dal canto</i> [MAS]
<i>Anno bisesto, anno funesto</i> [MAS]	<i>L'unione fa la forza</i> [MAS]
<i>Anno nuovo, vita nuova</i> [MAS]	<i>L'uso fa la legge</i> [MAS]
<i>Aprile, ogni goccia un barile</i> [MAS]	<i>La bellezza è negli occhi di chi guarda</i> [MAS]
<i>Ascolta, vedi e taci se vuoi vivere in pace</i> [MAS]	<i>La botte dà il vino che ha</i> [MAS]
<i>Batti il ferro finché è caldo</i> [MAS] <sup>13</sup>	<i>Se non è zuppa è pan bagnato</i> [MAS, TM]
<i>Bisogna fare buon viso a cattivo gioco</i> [MAS]	<i>La classe non è acqua</i> [MAS]
<i>Bisogna fare il passo secondo la gamba</i> [MAS] <sup>14</sup>	<i>La costanza da sempre buoni frutti</i> [TM]

<sup>10</sup> Oimola tamén nas variantes *L'acqua cheta rovina i ponti* e *L'acqua cheta rompe i ponti* [TM].

<sup>11</sup> Desta paremia procede a locución *È acqua passata!* A paremia coma tal escoitámola tamén nun programa televisivo o 17 de xuño de 2008.

<sup>12</sup> Oimola tamén en diversos programas televisivos.

<sup>13</sup> Coñécese tamén na variante *Bisogna battere il ferro finché è caldo*.

<sup>14</sup> Tamén se emprega na forma negativa *Non bisogna fare il passo più lungo della gamba*.

<i>Bisogna sentire anche l'altra campana</i> [MAS] <sup>15</sup>	<i>La donna ne sa una più del diavolo</i> [MAS]
<i>Cadere dalla padella alla brace</i> [MAS]	<i>La fortuna aiuta gli audaci</i> [MAS]
<i>Campa cavallo che l'erba cresce</i> [MAS] <sup>16</sup>	<i>La fortuna è cieca</i> [MAS]
<i>Can che abbaia non morde</i> [MAS]	<i>La fortuna va afferrata per i capelli</i> [MAS]
<i>Cane non mangia cane</i> [MAS]	<i>La gatta frettolosa fa i gattini ciechi</i> [MAS]
<i>Canta che ti passa</i> [MAS]	<i>La lingua batte dove il dente duole</i> [MAS]
<i>Carta canta</i> [FF]	<i>La mela non cade lontano dall'albero</i> [MAS]
<i>Chi bella vuole apparire un poco deve soffrire</i> [MAS]	<i>La moglie del calzolaio va sempre con le scarpe rotte</i> [TM]
<i>Chi ben comincia è a metà dell'opera</i> [MAS]	<i>La morte e il sonno sono fratelli</i> [FF]
<i>Chi cerca, trova</i> [MAS]	<i>La necessità aguzza l'ingegno</i> [MAS]
<i>Chi dice donna, dice danno</i> [MAS]	<i>La ruota gira</i> [MAS, CS]
<i>Chi disprezza compra</i> [MAS] <sup>17</sup>	<i>La spesa non vale l'impresa</i> [MAS, DS]
<i>Chi domanda non fa sbaglio</i> [MAS, CS]	<i>La verità fa male</i> [MAS]
<i>Chi dorme non piglia pesci</i> [MAS]	<i>La vita non è tutta rosa e fiori</i> [MAS, TM]
<i>Chi è causa del suo mal pianga se stesso</i> [MAS]	<i>Le bugie hanno le gambe corte</i> [MAS, TM, RS, CS] <sup>18</sup>
<i>Chi fa da sé, fa per tre</i> [MAS]	<i>Le disgrazie non vengono mai sole</i> [MAS]
<i>Chi ha orecchie per intendere, intenda</i> [MAS]	<i>Lega l'asino dove vuole il padrone</i> [FF]
<i>Chi ha tempo, non aspetti tempo</i> [MAS]	<i>Lontano dagli occhi, lontano dal cuore</i> [MAS]
<i>Chi la dura la vince</i> [MAS]	<i>Mal comune mezzo gaudio</i> [MAS]
<i>Chi lascia la strada vecchia per la nuova</i>	<i>Mazze e panelle fanno i figli belli; mazze</i>

<sup>15</sup> Carlo Lapucci (2005) recolle a variante *Bisogna sentire le due campane* (C267).

<sup>16</sup> Emprégase tamén con moita frecuencia a forma truncada *Campa cavallo!*

<sup>17</sup> Úsase tamén a variante *Chi dispersa vuol comprare*.

<sup>18</sup> Tamén se di que *Le bugie fanno crescere il naso*.

<i>sa quel che lascia ma non sa quel che trova</i> [MAS] <sup>19</sup> .	<i>senza panne fanno i figli brutti</i> [TM] <sup>20</sup>
<i>Chi non mangia non fa cadere le briciole</i> [FF]	<i>Meglio pochi ma buoni</i> [MAS] <sup>21</sup>
<i>Chi non risica non rosica</i> [MAS]	<i>Meglio poco che niente</i> [MAS]
<i>Chi paga avanti è mal servito</i> [DS]	<i>Meglio soli che male accompagnati</i> [MAS] <sup>22</sup>
<i>Chi pecora si fa, il lupo se la mangia</i> [MAS]	<i>Meglio tardi che mai</i> [MAS]
<i>Chi piange di venerdì, piange per tre di</i> [MAS]	<i>Meglio un uovo oggi che la gallina domani</i> [MAS]
<i>Chi più ne ha, più ne metta</i> [MAS]	<i>Morto un papa, se ne fa un altro</i> [MAS]
<i>Chi rompe paga</i> [MAS] <sup>23</sup>	<i>Natale con i tuoi e Pasqua con chi vuoi</i> [MAS, TM, RS]
<i>Chi si accontenta, gode</i> [MAS]	<i>Nella botte piccola sta il vino buono</i> [MAS]
<i>Chi si fa i fatti suoi campa cent'anni</i> [MAS] <sup>24</sup>	<i>Nessuna nuova, buona nuova</i> [MAS, TM]
<i>Chi si loda, s'imbroda</i> [MAS]	<i>Non bisogna fare di un sassolino una montagna</i> [MAS] <sup>25</sup>
<i>Chi si somiglia si piglia</i> [MAS]	<i>Non bisogna fare i conti senza l'oste</i> [MAS, TM] <sup>26</sup>
<i>Chi si vanta da solo vale un fagiolo</i> [MAS]	<i>Non bisogna fasciarsi la testa prima di rompersela</i> [MAS]
<i>Chi tace acconsente</i> [MAS]	<i>Non bisogna mettere il carro davanti ai buoi</i> [MAS] <sup>27</sup>
<i>Chi troppo vuole nulla stringe</i> [MAS]	<i>Non bisogna mettere troppa carne sul fuoco</i> [MAS]

<sup>19</sup> Oímolo nun programa televisivo da cadea Rete 4, o 7 de xullo de 2008.

<sup>20</sup> Trátase da tradución dun refrán de Nápoles coñecido e empregado en case todo o sur de Italia.

<sup>21</sup> Tamén se di *Pochi ma buoni*.

<sup>22</sup> Emprégase tamén co actante en singular: *Meglio solo che male accompagnato*.

<sup>23</sup> A esta forma da paremia adóitaselle engadir “e i cocci sono suoi”.

<sup>24</sup> Emprégábaa moi a miúdo Cosimo Sardelli, tío da autora, falecido hai varios anos.

<sup>25</sup> Emprégase tamén na forma *Fare di un sassolino una montagna*.

<sup>26</sup> Tamén se di *Fare i conti senza l'oste*.

<sup>27</sup> Coñécese tamén a variante *Non mettere il carro davanti ai buoi*.



<i>Chi trova un amico trova un tesoro</i> [MAS]	<i>Non c'è due senza tre</i> [MAS]
<i>Chi va a Roma, perde la poltrona</i> [MAS].	<i>Non c'è fumo senza arrosto</i> [MAS]
<i>Chi va con lo zoppo impara a zoppicare</i> [MAS, TM, RS] <sup>28</sup>	<i>Non c'è rosa senza spine</i> [MAS]
<i>Chi va piano va sano e va lontano</i> [MAS]	<i>Non è bello quel che è bello, ma è bello quel che piace</i> [MAS]
<i>Chiodo schiaccia chiodo</i> [MAS]	<i>Non è tutto oro quel che luccica</i> [MAS, TM]
<i>Cielo a pecorelle, acqua a catinelle</i> [MAS]	<i>Non metter bocca dove non ti tocca</i> [MAS]
<i>Col tempo e con la paglia maturano le nespole</i> [TM]	<i>Non si può avere la botta piena e la moglie ubriaca</i> [MAS]
<i>Con troppe donne non fa mai giorno</i> [MAS, CM]	<i>Non svegliare il can che dorme</i> [MAS] <sup>29</sup>
<i>Conosci te stesso</i> [MAS]	<i>Non tutte le ciambelle riescono col buco</i> [MAS]
<i>Contento io, contenti tutti</i> [MAS]	<i>Non tutti i mali vengono per nuocere</i> [MAS]
<i>Conti chiari, amicizia lunga</i> [MAS]	<i>O la va, la spacca</i> [MAS]
<i>Cornuto e mazziato</i> [MAS, TS]	<i>Ogni promessa è debito</i> [MAS]
<i>Cose che succedono ai vivi</i> [MAS, TM, CS]	<i>Ogni scarafone è bello a mamma sua</i> [TM]
<i>Da che pulpito viene la predica!</i> [MAS]	<i>Ogni soldo risparmiato è un soldo guadagnato</i> [AM]
<i>Da cosa nasce cosa</i> [MAS]	<i>Ognuno porta la sua croce</i> [MAS, CS]
<i>Da un orecchio entra e dall'altro esce</i> [MAS]	<i>Ognuno tira l'acqua al proprio mulino</i> [MAS]
<i>Dagli il dito e si prende la mano</i> [MAS] <sup>30</sup>	<i>Paese che vai, usanza che trovi</i> [MAS]
<i>Date a Cesare quel che è di Cesare e a</i>	<i>Pancia mia fatti capanna!</i> [MAS]

<sup>28</sup> Raffaella Sardelli coñece outra forma da paremia: *Chi va con lo zoppo, .... va più veloce*. Evidentemente trátase dunha versión desautomatizada da paremia orixinal, que se modifica para obter un efecto cómico.

<sup>29</sup> Existe tamén a variante *Non stuzzicare il can che dorme* [TM].

<sup>30</sup> Actualmente contamos tamén coa variante *Dagli la mano e si prende tutto il braccio*.

<i>Dio quel che è di Dio</i> [MAS]	
<i>Del senno di poi son piene le fosse</i> [MAS, TM]	<i>Parenti serpenti</i> [MAS]
<i>Detto fatto</i> [MAS]	<i>Parli del diavolo e spuntano le corna</i> [MAS, TM] <sup>31</sup>
<i>Di venere e di marte, non si sposa e non si parte</i> [MAS]	<i>Quando il gatto non c'è i topi ballano</i> [MAS, DS, TM, RS]
<i>Dio li fa e poi li accoppia</i> [MAS]	<i>Quant'è piccolo il mondo!</i> [MAS]
<i>Dire pane al pane e vino al vino</i> [MAS] <sup>32</sup>	<i>Quel che ci vuole, ci vuole</i> [MAS]
<i>Domandando si va a Roma</i> [MAS, CS]	<i>Qui casca l'asino!</i> [MAS]
<i>Donna al volante, pericolo costante</i> [MAS, DS]	<i>Ride bene chi ride ultimo</i> [MAS]
<i>Donna baffuta sempre piaciuta</i> [MAS]	<i>Ridi, ridi, che la mamma ha fatto gli gnocchi</i> [MAS]
<i>Dove vai? Porto cipolle</i> [TM] <sup>33</sup>	<i>Sbagliando s'impara</i> [MAS]
<i>Fare il bello e il cattivo tempo</i> [MAS]	<i>Se il diavolo ti accarezza vuole l'anima</i> [MAS]
<i>Fidarsi è bene, non fidarsi è meglio</i> [MAS, FF, RS, DS]	<i>Se son rose fioriranno</i> [MAS]
<i>Fratelli coltelli</i> [MAS]	<i>Sposa bagnata, sposa fortunata</i> [MAS]
<i>Gallina che canta ha fatto l'uovo</i> [MAS]	<i>Tra i due litiganti il terzo gode</i> [MAS]
<i>Gallina vecchia fa buon brodo</i> [MAS]	<i>Tra il dire e il fare c'è di mezzo il mare</i> [MAS]
<i>Gatta ci cova!</i> [MAS]	<i>Tra moglie e marito non mettere il dito</i> [MAS]
<i>Gioco di mano, gioco di villano</i> [MAS] <sup>34</sup>	<i>Troppa grazia Sant'Antonio</i> [MAS] <sup>35</sup>
<i>Ha voluto la bicicletta? Ora pedala!</i> [MAS]	<i>Troppi cuochi guastano la minestra</i> [CM] <sup>36</sup>

<sup>31</sup> Emprégase tamén a variante *Si parla del diavolo e spuntano le corna* [MAS]

<sup>32</sup> Tamén se di simplemente *Pane al pane, vino al vino*.

<sup>33</sup> Recóllea tamén Carlo Lapucci (2005, C1643).

<sup>34</sup> Emprégase tamén en plural: *Giochi di mani, giochi di villani* [TM].

<sup>35</sup> Trátase da forma truncada do refrán dialogado: *Troppa grazia Sant'Antonio - disse quello che montava a cavallo!*

<sup>36</sup> Por extensión, adóitase dicir que *Troppe donne in cucina rovinano la minestra* [CM].

<i>I guai non mancano mai</i> [MAS]	<i>Tutte le strade portano a Roma</i> [MAS]
<i>I migliori se ne vanno</i> [MAS]	<i>Tutti nodi vengono al pettine</i> [MAS, TM] <sup>37</sup>
<i>I panni sporchi si lavano in casa</i> [MAS]	<i>Tutto è bene quel che finisce bene</i> [MAS]
<i>Il bue dice cornuto all'asino</i> [MAS]	<i>Tutto fa brodo</i> [MAS] <sup>38</sup>
<i>Il cane è il migliore amico dell'uomo</i> [MAS]	<i>Tutto fumo e niente arrosto</i> [MAS]
<i>Il fine giustifica i mezzi</i> [MAS] <sup>39</sup>	<i>Tutto il mondo è paese</i> [MAS]
<i>Il gioco non vale la candela</i> [MAS] <sup>40</sup>	<i>Una mano lava l'altra</i> [MAS] <sup>41</sup>
<i>Il lupo perde il pelo ma non il vizio</i> [MAS, TM]	<i>Una ne pensa e cento ne fa</i> [MAS]
<i>Il meglio è nemico del bene</i> [FF]	<i>Una parola è troppo e due sono poche</i> [MAS]
<i>Il miglior boccone è quello che rimane nel piatto</i> [FF]	<i>Una rondine non fa primavera</i> [MAS, TM, RS]
<i>Il mondo è bello perché è vario</i> [MAS]	<i>Volere è potere</i> [MAS]
<i>Il primo amore non si scorda mai</i> [MAS]	<i>Vuoi si dice ai malati</i> [MAS, TM]

## 5. Conclusións

Dunha primeira análise das paremias contidas neste corpus, podemos observar certa variedade no que se refire ás categorías paremiolóxicas. Se ben a gran maioría das paremias reunidas son refráns, aparecen tamén un número non desprezable de frases proverbiais (*I guai non mancano mai*; *Il gioco non vale la candela*; *Il fine giustifica i mezzi*; *Tutti nodi vengono al pettine*; *La verità fa male*; *Al peggio non c'è mai fine*).

Dentro dos refráns, distinguimos varias formas dialogadas (*Dove vai? Porto cipolle; Ha voluto la bicicletta? Ora pedala!*). Dalgunhas delas só se emprega na actualidade a primeira parte (***Troppa grazia Sant'Antonio*** - *disse quello che montava a cavallo!*; ***Tutto fa brodo*** - *disse quello che gli cascò un moscone nella pentola*). Ó grupo dos refráns pertencen tamén algúns enunciados de forma exclamativa (*Da che pulpito arriva la predica!*; *Pancia mia fatti capanna!*; *Quant'è piccolo il mondo!*; *Qui casca*

<sup>37</sup> Oímolo en máis dunha ocasión en programas televisivos.

<sup>38</sup> Trátase da forma truncada do refrán dialogado: *Tutto fa brodo - disse quello che gli cascò un moscone nella pentola* (Lapucci 2005, A934).

<sup>39</sup> Oímolo en máis dunha ocasión en programas televisivos.

<sup>40</sup> Máis usada a paremia sinónima *La spesa non vale l'impresa*.

<sup>41</sup> Coñécese tamén a variante *Una mano lava l'altra e tutte e due lavano la faccia*.

*l'asino!*; *Gatta ci cova!*), enunciados que quizais escaseen noutras linguas, pero que soen ser moi abundantes en italiano.

Cabe destaca-la presenza dun proverbio procedente da Biblia (*Date a Cesare quel che è di Cesare e a Dio quel che è di Dio*).

No referente ós temas tratados, sobresaen os refráns morais, enunciados que pretenden ensinar algo, que conteñen unha doutrina. Existe tamén un grupo bastante nutrido de paremias, na súa maioría frases proverbiais, que expresan orde ou mandato ou que simplemente indican o que se debe ou non se debe facer (*Bisogna sentire anche l'altra campana*; *Bisogna fare il passo econdo la gamba*; *Bisogna fare buon viso a cattivo gioco*; *Non bisogna fare di un sassolino una montagna*; *Non bisogna fare il passo più lungo della gamba*; *Non bisogna fare i conti senza l'oste*; *Non bisogna fasciarsi la testa prima di rompersela*; *Non bisogna mettere il carro davanti ai buoi*; *Non bisogna mettere troppa carne sul fuoco*; *Non bisogna fare il passo più lungo della gamba*).

Non faltan os refráns de corte misóxino, que despuntaban nos refraneiros clásicos e seguen marcando certa diferenza entre os sexos que oficialmente se considera superada e que entra no non politicamente correcto (*La donna ne sa una più del diavolo*; *Chi dice donna, dice danno*; *Donna al volante, pericolo costante*). Contamos tamén con algúns refráns supersticiosos (*Sposa bagnata, sposa fortunata*; *Di venere e di marte, non si sposa e non si parte*) e algúns refráns meteorolóxicos (*Cielo a pecorelle, acqua a catinelle*; *Aprile, ogni goccia un barile*; *Chi piange di venerdì, piange per tre di*). Estes dous últimos grupos constitúen un dos poucos refráns desa tipoloxía, é dicir, os supersticiosos e os meteorolóxicos, aínda vixentes en italiano.

Respecto ó aspecto formal das paremias estudadas, podemos observa-la repetición de determinadas estruturas como **meglio... che** (*Meglio pochi ma buoni*; *Meglio poco che niente*; *Meglio soli che male accompagnati*; *Meglio tardi che mai*; *Meglio un uovo oggi che la gallina domani*), **chi...** (*Chi ben comincia è a metà dell'opera*; *Chi cerca, trova*; *Chi dice donna, dice danno*; *Chi disprezza compra*; *Chi domanda non fa sbaglio*; *Chi dorme non piglia pesci*; *Chi è causa del suo mal pianga se stesso*; *Chi fa da sé, fa per tre*), **ogni...** (*Ogni promessa è debito*; *Ogni scarafone è bello a mamma sua*; *Ogni soldo risparmiato è un soldo guadagnato*), **ognuno...** (*Ognuno porta la sua croce*; *Ognuno tira l'acqua al proprio mulino*).

Se afondamos no estudo léxico e sintáctico das paremias agrupadas, é posible percibir algúns fenómenos que se repiten con certa frecuencia na enunciación dos *proverbi* italianos:

- apócope do substantivo ou do verbo, figura moi pouco empregada na lingua falada pero aínda presente nas paremias: *A caval Donato non si guarda in bocca*; *Aiutati che il Ciel t'aiuta*; *L'appetito vien mangiando*;
- anáfora de elementos que se repiten, ben sexa de forma simétrica, ó principio de cada membro da paremia, ben en posición quiásmica: *Lontano dagli occhi, lontano dal cuore*; *Contento io, contenti tutti*; *Quando ci vuole, ci vuole*; *Anno bisesto, anno funesto*;

- estrutura sintáctica de claro corte rexional no caso de paremias que teñen a súa orixe nas falas dialectais e pasaron a engrosa-lo patrimonio paremiolóxico italiano da lingua estándar:
  - *Chi sbaglia non fa errore* (está por “non commette errore”; procede do dialecto de San Vito dei Normanni, Brindisi).
  - *Mazze e panelle fanno i figli belli; mazze senza panne fanno i figli brutti*, onde “panelle” e “panne” son palabras de orixe napolitano que significan pan; o refrán reflicte o costume das nais de educa-los seus fillos alternando castigos e premios, do mesmo xeito que o campesiño adestra o cabalo ou a mula alternando o pau e a cenoria. Neste caso, consérvanse as palabras da fala rexional para non perderlo encanto do refrán.
  - *Ogni scarafone è bello a mamma sua*. No caso desta paremia faise aínda máis evidente a herdanza napolitana tanto na elección lexical (“scarafone” do napolitano “scarrafone”, en lugar de “scarafaggio”, cascuda) coma na construción da frase, xa que a expresión “bello a mamma” é tipicamente dialectal, do mesmo xeito que a posposición do adxectivo respecto ó substantivo que acompaña é un dos trazos distintivos da fala dialectal do sur de Italia.

O que acabamos de presentar son resultados parciais dunha investigación moito máis ampla que emprendemos hai uns anos e que aínda está en proceso. Neste lugar só quixemos ofrecer unha relación provisional susceptible de tódalas modificacións que se consideren oportunas ata a confección do corpus definitivo, que esperamos poder ofrecer nun futuro non moi afastado. Todas estas unidades son de uso actual pero pode que, finalmente, non entren a formar parte do núcleo do mínimo paremiolóxico por non seren unidades de alcance xeral. Convén precisar que o emprego das paremias varía en función da rexión e pode que algúns enunciados de uso moi frecuente no sur de Italia non se empreguen coa mesma frecuencia no resto da Península. Así mesmo, os comentarios a este breve corpus poden ser ampliados e mellorados en función da tipoloxía de enunciados que se vaian incorporando.

A elaboración do mínimo paremiolóxico italiano supón agora mesmo un reto para os que se aventuren neste campo. Trátase dun traballo inmenso, que implica un dispendio de tempo e enerxía notables. O seu valor está no método que se aplica para a recollida de material: a consulta de fontes orais, a través dun traballo de campo que leve a contactar con nativos de distintas idades e clases sociais. A dificultade práctica que implica o desenvolvemento dun proxecto destas dimensións veríase compensada polo sumo interese que espertaría a confección do devandito mínimo vistas as súas múltiples aplicacións en didáctica, tradución e lexicografía.

## 6. Referencias bibliográficas

- VV. AA. (2009): *Refranero multilingüe* [edición dixital en <http://www.cvc.cervantes.es/lengua/refranero>] [Data de consulta: 15/05/2009].
- CANTERA ORTIZ DE URBINA, J.; SEVILLA MUÑOZ, J.; SEVILLA MUÑOZ, M. (2005): *Refranes, otras paremias y fraseologismos en "Don Quijote de la Mancha"*. Burlington (Vermont): University of Vermont.
- CONDE TARRÍO, G. (2008): "El mínimo paremiolóxico del refranero gallego", en *Лінгвістычны та метадзіюні праблемы навучання мовы як іноземной. Полтава: ПДЕП ВМУРолІ, 367-377.*
- FRANCESCHI, T. (2000): *Atlante Paremiológico Italiano Questionario. Ventimila detti proverbiali raccolti in ogni regione d'Italia*. Alessandria: Edizioni dell'Orso.
- LAPUCCI, C. (2005): *Dizionario dei proverbi italiani*. Firenze: Le Monnier.
- PERMIAKOV, G. L. (1985): *300 obshcheupotrebitel'nykh russkikh poslovits i pogovorok (dlia govoriashchikh na nemetskom iazyke)*. Moskva: Nauka.
- SARDELLI, M. A. (2007): "La paremiología italiana desde 1996 en adelante", en *Interlingüística 17*, 971-980
- SEVILLA MUÑOZ, J. (1993): "Las paremias españolas: clasificación, definición y correspondencia francesa", en *Paremia 2*, 15-20.
- (2005): "Presupuestos paremiológicos de una propuesta metodológica para la enseñanza de los refranes a través de *El Quijote*", en *Paremia 14*, 117-128.
- (2008): "Las categorías paremiológicas en el *Quijote*", en SEVILLA, J.; ZURDO, M.I.T.; CRIDA, C. (eds.): *Los refranes y el Quijote*. Atenas: Ta kalós keímena, 249-264.
- SEVILLA MUÑOZ, J.; BARBADILLO DE LA FUENTE, Mª. T. (2004): "Valor didáctico del refrán", en *Paremia 13*, 195-204.
- (2005): "El máximo y el mínimo paremiológicos y sus aplicaciones didácticas", en PAMIES, Antonio; LUQUE, Juan de Dios (eds.): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Granada: Método, 1-13.
- SEVILLA MUÑOZ, J.; BARBADILLO DE LA FUENTE, Mª. T.; PÉREZ MARTÍNEZ, H.; MERCADO MÉNDEZ, G.; SEVILLA MUÑOZ, M.; GARCÍA YELO, M. (2005): "Propuesta metodológica para la enseñanza de los refranes a través de *El Quijote*", en *Didáctica (Lengua y Literatura) 17*, 265-281.
- SEVILLA MUÑOZ, J.; DÍAZ, J. C. (1997): "La competencia paremiológica: los refranes", en *Proverbium 14*, 367-381.
- SEVILLA MUÑOZ, J.; GARCÍA YELO, M. (en prensa): "Las paremias en la competencia comunicativa del francés actual con vistas a la enseñanza de lenguas", XVII Congreso APFUE *Texte, genre, discours*. Salamanca, 7-9 de maio de 2008.
- SEVILLA, J.; CANTERA, J. (2008): *Pocas palabras bastan. Vida e interculturalidad del refrán*. Salamanca: Centro de Cultura Tradicional (Diputación de Salamanca). Editor: Ángel Carril.

- TARNOVSKA, O. (2002): “Correspondencias entre el mínimo paremiológico español y ruso”, en SABIO, J. A.; GUATELLI et alii (eds): *Traductología y lingüística aplicada: IV Jornadas hispano-rusas de traducción e interpretación*. Granada: Método, 263-271.
- (2005a): “Sobre los refranes de *El Quijote*”, en *Didáctica (Lengua y Literatura)* 17, 285-300.
- (2005b): “El mínimo paremiológico en la lengua española”, en PAMIES, Antonio; LUQUE, Juan de Dios (eds.): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Granada: Método, 197-217.





# Folclore contístico, fraseoloxía e paremioloxía. Interrelacións xenésicas

María Rosario Soto Arias

IES Eusebio da Guarda. A Coruña

Luís González García

Universidade da Coruña

Este artigo afonda nas interrelacións existentes entre os distintos xéneros ou subxéneros da literatura popular, que se caracteriza historicamente pola transmisión oral e pola proliferación de variantes. En concreto, centrámonos en certos casos de explicitación e implicación entre contos populares e refráns ou frases feitas, establecendo gradacións ou niveis de dificultade á hora de desenredar esta complexa meada.

Palabras clave: fraseoloxía, folclore, fábula, conto popular, refrán.

*This paper studies the relationship between the different genres or subgenres of popular literature, which has been characterized by oral transmission and by the spread of variants. We focus on certain cases of explicitation and implication among popular tales and proverbs, establishing levels of difficulty when trying to clarify this complex topic.*

*Keywords: phraseology, folklore, fable, popular tale, proverb.*

## 1. Introducción

É este un camiño xa encetado no que quixeramos afondar un pouco máis. A interrelación entre os contos populares e a fraseoloxía é un aspecto máis da interrelación entre xéneros populares. O pobo é un creador incansable que crea, recrea e establece un xogo en varias direccións entre as formas propias da transmisión oral: cantigas, romances, recitativos para os xogos infantís, refráns, frases feitas e contos populares<sup>1</sup>.

---

Data de recepción 05/05/2009 Data de aceptación 18/06/2009

<sup>1</sup> Con respecto á mobilidade entre os “xéneros populares”, hai casos de refráns ou recitativos populares que pasan a cantigas: *Cando chove e fai sol/ anda o demo por Ferrol/ con un saco de alfileres/ para pica-las*

Basicamente son dúas as direccións nas que se establece a relación: implicación e explicitación, usando a terminoloxía de V. Mokienko. Como el mesmo deixou escrito, non sempre é doado discriminar o sentido en que se move o xogo, pero o xogo existe, é dunha innegable beleza e, como se sabe, o home é un animal lúdico.

O propio Mokienko remite a outros estudosos eslavos que o precederon<sup>2</sup>:

*Potebniá, que describiu o proceso de conversión da fábula en proverbio e en dito, vía na palabra o resultado final da prolongada “condensación do pensamento”. Sen embargo, xa antes de Potebniá outros científicos (Busláev, Sneguiriov) mentaban este proceso e acentuaban que os proverbios e os ditos son fragmentos de parábolas ou de fábulas épicas. Pero para Potebniá a fábula actúa como a fonte máis importante de tódalas transformacións cuantitativas posteriores, que levan á creación da unidade léxica (Mokienko 2000:233).*

---

*mulleres (Blanco 1992:V. I, 202, nº 307); o refrán A boa moza busca co traxe de cada día, non-a busques co traxe da romería (V. Saco 2003:566, nº14946, variante menos coñecida no nº 14950), pasa á cantiga: Non busques mozas na feira/ e menos na romería; busca as rapazas na casa/ vestidas de cada día (Vázquez Saco 2003:1001, nº 189).*

Igualmente, podemos documentar exemplos de como certas findas ou sentenzas xocosas con que rematan contos populares pasan a seren cantigas e tamén unidades fraseolóxicas: *Miña fiadeira de domingos e festas/ relócheche o cu por entre das xestas* (recóllea como cantiga Blanco 1992:I, 127, nº 31; como unidade fraseolóxica temos unha variante en Vázquez Saco 2003:927, nº 55; *Ai vai a miña muller fiadeira, lucíndose por entre a xesteira*; o conto popular documéntase facilmente; por exemplo, “A gardadora de santos e festas”, Harguidey e Barrio 1994:168-169); *Mazarocas ó canizo/ de cada vez catro ou cinco* (como cantiga en Blanco 92:159, nº 162; a explicación da frase como implicación dun conto achégaa Luís González no prólogo de López Taboada e Soto Arias 1995:15-16).

O propio Vázquez Saco é consciente da interrelación entre refrán e cantiga (V. Saco 2003:502, nº 13023; 504, nº 13045). Domingo Blanco ten publicado un estudo sobre o tema (Blanco 1999).

E hai exemplos de recitativos de xogos infantís que parecen ser restos de contos populares:

*Pavís, pavós [paviños, pavóns], a filla do rei, casada con vós, merda pa vós, en quen escolledes vós?* (recitativo popular infantil usado na Coruña –polo menos en barrios como Monelos e Os Castros– para escoller quen pandaba). En Asensio (2004:152-154), aparece un conto en que se mesturan dous motivos: “El amor como sal + Los vestidos de oro, plata y estrellas” é o conto da pastora de pavos: *Pavito real, pavito real, ¿dónde está el rey de Portugal? (...)* *¿Si el hijo del rey me vería así se enamoraría de mí?* (Asensio 2004: 153); en Harguindey e Barrio (1994: 183-184), “Pedro Cortizoilo”, tema do amor como sal: *-Pavín, pavín./ Se me vise o fillo do rei, / ¿namorariase de min?/ Sin, sin* (p. 184); en Consiglieri 1999 [1910] :117-122 , “A princesa que não queria casar com o pai”: *Pato aqui, pato ali./ Filha de rei andar por aqui/ Foi coisa que nunca vi!* (p. 119).

A fórmula que de nenos berrabamos os que pandabamos antes de lanzarnos á pilla dos outros: *Ra-ca-cá! Juego empezado está!* (bis), parece tomar como modelo esta *cantarolada* das galiñas: *Cocorocó, cacaracá! A nossa Rainha com o Cabra está!*, en Braga (2002, v.I: 261-262, “A velha das galinhas”, un conto que Braga di que se xeneralizou en Europa).

Na Coruña da nosa infancia, ao xogar ás agachadas, sacabamos a cabeza do acubillo e berrabamos: *Cucú, tulé!* (tamén en Ferrol: R. Carballo Calero (1979:162) recorda que en Ferrol ao xogo de agacharse chamábanlle tulé). Este TULÉ (con desprazamento acentual) é posible que aluda á illa de Thule, que aparecía e desaparecía, como na lenda de San Borondón, como as Illas Perdidas (aquí teriamos un vestixio dun relato mítico).

<sup>2</sup> Un exemplo de fábula como fonte dunha unidade fraseolóxica moi coñecida nas linguas románicas, *tirar as castañas do lume coa man do gato*, achégao José Maria Adrião (1928-29:198-242): cita a fábula de La Fontaine, *Le singe et le chat*, na cal o macaco, adulando astutamente a habelencia do gato, incítalo a furtar as castañas que se están a asar na lareira. Porén, a frase documéntase xa no XVI en Ferreira de Vasconcelos e o noso articulista di que debeu ser “porventura extraída de algun conto ou fábula dèle coñecida” (José Maria Adrião 1928-29:211).

Entre nós, os hispanistas ou iberistas, T. Braga, a principios do século XX, xa se percatou de que o conto popular é a orixe de moitos refráns; referíndose a paremias do tipo *Quanto tens, tanto vales*, di:

“*Pode-se afirmar que estes anexins são outros tantos vestígios de contos obliterados, por isso que temos grande quantidade de anexins em que se dá este facto*” (Braga 2002 [1883]:II, 22).

Nós queremos centrar o noso discurso nos casos de *mobilidade*, de *transtextualidade* podíamos dicir seguindo a Genette, entre folclore contístico (onde integramos tanto as fábulas de animais como os contos populares en xeral) e as frases populares e refráns.

## 2. Explicitación

Hai casos de refráns que pasan a ser o eixe ou núcleo argumental relevante dun conto que se forma como explicitación daqueles.

Así pasa co conto “Un testimonio co que non contaba” (Ventín 2007:400). A fórmula introdutoria *lémbrese do refrán dos vellos que di...* avala a preexistencia do refrán. O mesmo ocorre no conto “As da Queimada”, que remata cun refrán precedido dunha fórmula dese mesmo tipo: *Éche ben certo o refrán antergo que di: “Antes que te acabes non te gables”* (Ventín 2007:395-396).

É tamén ilustrativo “O regalo” (Vázquez Saco 2003:1042-1043)<sup>3</sup>, xa que nese caso o refrán é o remate final do conto.

Outro exemplo precioso pola concatenación de refráns é o dos doce meses do ano<sup>4</sup> (Camarena 1995:367-369).

En “Mantenza enteira” (Harguindey e Barrio 1994:166-167) combínanse explicitación e implícitacion. O conto é, de seu, unha explicitación dun refrán galego que nunca se chega a citar de forma íntegra. Xoga así co coñecemento implícito do refrán por parte do lector<sup>5</sup>.

## 3. Implícitacion. Graos de implícitacion

Hai casos en que o refrán ou a unidade fraseolóxica ten a orixe nun conto folclórico e é, dalgunha maneira, unha implícitacion deste. Agora ben, cremos que tamén hai graos ou tipos de implícitacion, máis ou menos directa que é máis opaca canto menos directa e máis transparente canto máis directa.

Un exemplo de implícitacion opaca témolo no refrán *Non debe dar consello o que pra si nono ten* (Eladio Rodríguez 1958-1961, s.v. *consello*); en castelán, *No debe dar*

---

<sup>3</sup> O refrán-colofón é *Pra quen é o burro ben lle chega a albarda*. Cabería preguntarse se este conto garda precisamente o nacemento dese refrán, pero a semántica non axuda porque a aplicación da sentenza é metafórica e porque nin hai burros nin albardas reais no relato. Se o texto fose a orixe do refrán esperaríamos mellor un équido, e respecto ao subtipo narrativo, unha fábula.

<sup>4</sup> Vinte refráns en castelán en menos de tres páxinas. “Los meses del año”.

<sup>5</sup> Aparecen as frases-clave: *¡Esta é media mantenza!* e *¡Esta é a mantenza enteira!*, de tal xeito que o lector, para poder gozar plenamente do conto, debe ter presente o refrán que subxace implícito, *O lume é media mantenza; i enrriba da cea, mantenza enteira*.

*consejo a otro quien para sí no lo tiene*. A súa orixe lévanos aos libros de *exemplos* medievais e tardo-medievais, obras que, á súa vez, son unha reformulación dun material folclórico preexistente máis antigo, de xeito que a transliteración, o paso de folclore contístico a refrán, está mediatizado pola reflexión filosófico-moral culta<sup>6</sup>.

Ao noso entender, quizais sirva igualmente de exemplo ilustrativo deste concepto de implicación opaca a frase *facer/pasar as de Exipto* (López 2008:226). En última instancia, a súa orixe é a Biblia, pero a que pasaxe concreta se refire? ás pragas, ás penalidades dos hebreos escravos en Exipto, ás do paso do deserto ou ás penalidades da Sagrada Familia canda a fuxida a Exipto? Nós sostemos que a frase se afianza na forte vitalidade coa que a fuxida a Exipto prendeu na literatura popular. É dicir, que a implicación está mediatizada polo folclore, ora polos romances, ora polos contos<sup>7</sup>.

Prodúcese implicación transparente cando a frase feita ou o refrán derivan de forma máis directa do conto e, constitúen, talvez, unha especie de síntese. Se cadra, o pobo selecciona esa expresión (a partir do texto enteiro que é o relato folclórico) porque representa un determinado sentido lúdico ou aleccionador. Isto mesmo xa o percibiu Gumersindo Placer<sup>8</sup>.

Agora ben, o texto-base da implicación (e esta é unha premisa básica) debe pertencer ao folclore, debe cumprir o maior número de características prototípicas (ampla difusión tendente á universalidade, ter xerado variantes...), debe, en suma, ter a suficiente frescura, o que se chama o celme do popular. E iso, por exemplo, é o que lle falta ao texto que Braga propón como texto explícito do refrán *O Diabo tem uma manta e um chocalho*. Di o ilustre folclorista: “Na corte de Dom Duarte prevaleceu o gosto dos contos com intuito moral, chamados *estórias* e *exemplos*, na sua obra o *Leal Conselheiro* cita o conto da *Manta e o Chocalho*, que parece popular pela persistência do refrán: *o Diabo tem uma manta e um chocalho*” (Braga 2002:v. II, 26)<sup>9</sup>. Non obstante, en realidade, non hai tal conto no sentido de relato folclórico. Hai unha longa

---

<sup>6</sup> Capítulo XVII do *Exemplario contra los engaños y peligros del mundo* (Haro Cortés 2007 [1493], “De la paloma y de la raposa e rézase del hombre que da consejo a otro y para sí no lo sabe tomar”). Este exemplario retoma material do *Calila e Dimna*; e en concreto, este capítulo XVII reelabora o capítulo XVIII do *Calila*, [“De la gupexa et de la paloma et del alcaraván”], onde lemos nas primeiras liñas: *Dame agora consejo del omne que da consejo a otro et non lo da a sí mesmo*, en Cacho Bleuca (1984:352).

<sup>7</sup> A fuxida a Exipto é tema frecuente no romanceiro: *Camina la Virgen pura/ de Egipto para Belén* (Casto Sampedro 1982:143); “Romance de la Virgen” (Rielo 1976:240-241), variante do conto “La huida a Egipto y el milagro del trigo” (Asensio 2004:126) que atopamos tamén en Braga (2002, II, 322-323, “Lenda de Nossa Senhora”. Aquí a Virxe é perseguida). En Saco y Arce (1987:300) lemos a maldición ao carrizo por axudarlles aos perseguidores da Sagrada Familia cando escapaba para Exipto.

<sup>8</sup> *Y así como nuestros conocimientos no manan solamente de la experiencia, así el refrán proviene también de otras fuentes. Entre éstas, las más usadas suelen ser las fábulas, cuentos populares e historias viejas. Y el refrán coge de todo eso, como en síntesis, unas veces la moraleja, otras el personaje, y muchas el rasgo más saliente* (L. Vázquez 2003:148).

<sup>9</sup> En gal.: *O demo pras facer pòn a manta, e pras descubrir toca a gaita* (Eladio Rodríguez 1958-1961, s.v. *demo*). Variantes próximas en: Ferro (1997:220); Buján (2003:268, nº 2188 e nº 2189). O refrán está vivo en falantes da nosa familia dezá de máis de 60 anos.

No refrán castelán figuran *manta* y *tamborino* (Soto 2003, nº 2872).

digresión moralizante artellada en tres partes: como o demo nos tenta cun espello (metáfora de vans reflexos mundanos), como o demo nos cega ocultando o mal que facemos cunha manta e como logo descobre todo co pandeiro e nos fai sentir mal (“Do exemplo do espello, manta e pandeiro” en Duarte 1982 [1438]:382-384). Máis ben temos que pensar que D. Duarte desenvolve no XV unha explicitación a partir dun refrán (ou dun conto), probablemente xa daquela moi coñecido, preexistente<sup>10</sup>.

Con todo, o tema é complexo. Hai casos claros, casos dubidosos e casos francamente difíciles, imposibles de dilucidar.

### 3.1. Casos claros

Casos claros témolos cando na frase aparece integrada a palabra *conto* ou a comparativa *como/coma*, xa que, neses casos, non hai dúbida de que a frase é unha implicación do conto. Como exemplos do primeiro caso aparecen *o conto de nunca acabar, o conto da boa pipa*; cast. (*como en*)/(*como*) *el cuento de la lechera* (en gal. *facen as contas da leiteira*), *éche o conto da araña*<sup>11</sup>. Exemplos do segundo: *facen como a da grade*<sup>12</sup>, *ser como Pepiño da petata* ou *ser como o da petaca*<sup>13</sup>.

<sup>10</sup> Non puidemos datar antes do século XV o refrán, pero volvemos topar cun texto-explicitación do mesmo tipo moralizante no século XVI en castelán: *y el demonio nos induce a lo malo, prometiéndonos una manta de secreto que nos cubra, y él es quien toca luego la trompeta de la publicación de nuestra infamia* (Pineda 1963-64 [1589]:264); no *Guzmán de Alfarache* (Mateo Alemán 1987 [1604]), obra na que hai moitísima digresión pseudofilosófica-moralizante, figura de novo un texto-explicitación dese hipotético refrán (porque cabe a dúbida de que primeiro fose un conto popular, a partir do cal xurdirían estes textos moralizantes ou exemplos e só a posteriori e por implicación nace o refrán; non temos datos bastantes, habería que averiguar, por exemplo, que é o que subxace a esta cita de Pineda (1963-64 [1589]:291): *Él me advirtió de la gaita, que llevaba, que era la misma que llevó el diablo al infierno* [negriña nosa]. Hai aí un relato popular?). *Costumbre suya es [del diablo], cuando hace junta semejante, formar una tienda o pabellón (...) que allí los encubrirá (...), descubre, (...) y, tañendo su tamborino, a repique de campana...*” (Mateo Alemán 1987 [1604]:324). En 1627, documentamos o refrán en Correas (1967 [1627]:94): *El diablo lo haze i lo traza, i el diablo lo tapa kon una manta, i el diablo lo saka kon un tamborino a la plaza*.

A posibilidade de ser o refrán implicación dun conto non se sostén en firme mentres non documentemos tal conto. Con todo, si que coñecemos relatos onde aparece o demo como inventor do baile ou dun instrumento musical, o cal nos remite a unha concepción pecaminosa do baile que pervive case ata os nosos tempos: “Por qué la gente fuma y baila”, conto húngaro, en Prada (1998:193-195); “El origen del violín”, conto de Transilvania, en Prada (1998:196-197).

<sup>11</sup> María Álvarez Rodríguez, tía avoa nosa de 84 anos de Valencia do Sil, Vilamartín de Valdeorras, Ourense, ao ser interrogada, narra así a fábula orixe da frase: *O gusano e a araña fixeron unha aposta a ver quen remataba antes o seu labor, daquela a araña tendeu rapidamente un fio coa súa baba, mentres que o gusano facía o seu algodón moi lentamente; así que acabou, a araña díxolle: –Ves? Eu xa acabei, ao que respondeu o gusano: –Xa. E así che é o traballo. Porque claro, o que traballa ben, quedalle feito, e o que o fai mal, xa doutro día non ten nada. Por iso eu lle digo a teu tío cando me di que acabou: ‘O teu éche o conto da araña’.*

<sup>12</sup> Remite a un conto xa coñecido polo falante. Nárrao e explícao Ventín Durán (2007:381).

<sup>13</sup> Como no caso da grade, tamén neste caso os falantes parten do presuposto de que o interlocutor coñece o conto, do cal a frase é unha clara implicación. Documentamos a frase en falantes de Ferrol, Mugardos e tamén na nosa familia materna valdeorresa. Todos coñecen o conto popular que trata dun mozo que era moi pesado (só en Valdeorras é chamado ‘Pepiño’) e encaprichouse por unha petaca que tiña o cura. Ao primeiro, o cura non lla quería dar, pero o outro tanto e tanto insistiu que acabou por compracelo para que non se guise importunándoo. Certo tempo despois, unha moza dille ao mesmo cura en confesión que o seu mozo non fai máis que pedirillo e pedirillo e o cura responde que iso non pode ser, que non ceda, mais ela

A semántica da frase tamén pode ser un argumento que facilita casos bastante claros de implicación. Así, a frase *quen non te conocer que te compre* ten moito máis sentido se partimos do texto explícito ca se prescindimos del (Ventín Durán 2007:385)<sup>14</sup>. A secas, sen máis, non se entendería ben que un ser humano compre outro. Non obstante, no conto, o crédulo paisano fala co burro pensando que é un ser humano transmutado por encantamento.

A semántica volve ser determinante no caso da frase *dos ovos fritos non saen pitos*. Tamaña obviedade só cobra pleno valor no contexto-explicitación do conto popular, moi documentado e con moitas variantes no dominio galego-portugués (Vázquez Saco 2003:929, nº5)<sup>15</sup>.

Outro caso que parece claro é o que concirne á serie de refráns que establecen un diálogo entre marzo e o pastor (variantes con febreiro, incluso algunha con xaneiro. No canto dun pastor pode aparecer un vello ou unha vella)<sup>16</sup>. Estamos convencidos de que

---

retruca que o mozo é tan e tan pedichón. O cura preguntalle quen é o mozo e ela responde que é Pepiño. Daquela, o cura exclama: *Ai, filliña, dáte por fodida!* A segunda parte, máis vulgar, era normalmente silenciada pola nosa nai. Ás áreas xeográficas antes citadas pasou a frase que selecciona o sema de insistencia e pesadez. Diselle a aquel que insiste, que é pesado, que non para ata cansar a un ou conseguir o que quere. En falantes de Vimianzo, hai unha variante do conto: o neno da navalla, que se dá entre sacristán e cura; a segunda parte é idéntica, e eses falantes non coñecen a frase da petaca. Non houbo aí implicación.

<sup>14</sup> O conto leva o título “Quen te non conocer que te compre”. En M. Viegas Guerreiro (1955:145-146), o conto “O burro do azeiteiro” tamén remata coa frase –*Olhe, senhor burro, quem não o conhecer que o compre*. Este conto, de gran difusión, foi recollido tamén por Juan Valera 1896 [2002]:290-294 (“Quien no te conoza que te compre”) en Andalucía.

<sup>15</sup> Variantes: *Castañas asadas non dan castiñeiros* (ibid.), *Os ovos fritos non dan galiñas* (ibid., nº 6). Canto aos contos, “O xuízo do demo” (Harguindey e Barrio 1994:107-109); “Os ovos fritos” (Fingoy 1972:140-142); “Un preito” (Noia 2003:122-123); “O prezo dos ovos” (Coelho 1985:221-222), onde lemos: *Ó homem, castanhas assadas dão castanheiros?*; en T. Braga, “A esmola do diabo” (2002:v.I, 337-338), son tremoços cocidos.

<sup>16</sup> *Dille o pastor a marzo: ‘Marzo marceano, xa non che teño medo que me comas o rebaño’. Contesta marzo: ‘Cala a boca, que catro días que me faltan, e dous que lle pida a abril, hémoste poñer a boca a parir’* (Vázquez Saco 2003:915, nº 82, variante no nº 83).

*Alá vaias, marzo, marceiro, que aquí me quedo cos meus becerros; agora irá teu irmán abril, que non sei se nos deixará vivir* (Vázquez Saco 2003, nº 12953).

Noutras variantes aparece indiferenciado, sen guión ningún, o anaco de diálogo correspondente ao pastor, o que diría nos últimos días de marzo –*Marzo, marcego, eu non che teño medo*– e mais o que lle responde daquela o mes: *Con tres días que me faltan e outros tres que me preste meu primo abril, heiche facer meter as cabras no cubil* (Vázquez Saco 2003:115, nº 2726; pasa igual co nº 2791:118).

O pastor e marzo –*¡Vaite, marzo marzán, cara de can! –Cinco días que me faltan { y cinco que me ha prestar Abril, mi compañero, } {no te voy a dejar oveja ni carnero}* (Babarro 1993).

*Vaite marzo marciaco, que me fuche deixando os meus bois todos cuatros; –Con cuatro días que me quedan e cuatro que me empresta o meu irmao abril heichos colgar todos no chamberil* (Vidal 2003:114, nº 339).

Aplicado a febreiro: *Febreiriño corto cos seus vinteoito (...), e se tivera outros catros, non deixaría can nin gato nin rato no burato* (Vázquez Saco 2003, nº 2433; variantes: do nº 2434 ao nº 2445 –en varios refráns desta serie fanse alusións ao pegureiro–, do nº 2523 ao nº 2529, nº 9652, nº 9653).

Outra implicación do mesmo conto aplicado a febreiro: *¡Ai!, pícaro pastor, / ¡Inda te vas alabando! / Con un que me falta / e dous que me presta / meu irmán Marzo, / has leva-las cornas na man / e as tripas arrastro!* (Quintáns 1994:23; aquí só aparece a resposta do mes personificado).

son implicacións dun conto folclórico con certo sabor a mito ou lenda, moi estendido por Europa e do que a versión máis longa, polo que nós sabemos, é a que recolle Italo Calvino (1979)<sup>17</sup>.

Atopamos entre nós implicacións breves, das que o prototipo sería o refrán: *Vaite febreiriño curto/ cos teus días vinteoito./ Se levaras máis catro/ non quedaba can nin gato*<sup>18</sup>, prototipo no que mal se entende que hai un diálogo entre un pastor ou unha vella que ten gando e un mes –especie de deidade da natureza– personificado. Tamén as hai longas, que van sucedéndose nun *continuum*, desde aquelas que permiten albiscar dous actantes (os dous que dialogan: o mes personificado, por unha banda, e mais o suplicante ou o displicente, pola outra) ata chegar a aquelas variantes que fan explícita a presenza dun narrador e que están introducidas por un verbo *dicendi*. En realidade, algunhas destas variantes son auténticos contos pequenos, capaces de integrar elementos temáticos alleos ao prototipo dominante, como o motivo da ofrenda-sacrificio para congratular ao mes-deidade, logo negada; será este incumprimento a causa da ira do mes<sup>19</sup>.

---

*Vaite febreiriño corto cos teus días vinteoito./ se durases máis catro non quedaba can nin gato./ nin meda nin palleiro, nin carqueixa tra do outeiro* (Lamela 1998:172. En nota din os editores: “Rosa Borracho coñeceo así, pero moitos dos nosos informantes saben só o comezo”).

Aplicado a xaneiro: Vázquez Saco 2003:914, nº 78.

<sup>17</sup> “Marzo y el pastore”, do folclore corso (Calvino 1979:t. II, 811-812). En síntese, temos un pastor devoto que humildemente lle vai rezando a todos e cada un dos meses para que teñan piedade do seu gando. A quen máis teme é a marzo. Pero cando ese mes está a rematar, móstrase eufórico e ofensivo co mes, *xa non che teño medo...* –correspóndese coas fórmulas galegas que empezan: *vaite, vaite...* etc.” Entón, marzo enfádase tanto co ingrato pastor que lle pide prestados días ao seu irmán abril para darlle unha despiadada lección a aquel.

En Asensio (2004:67-75) hai toda unha serie –cerca de 20 relatos breves– baixo o título “Diálogo de marzo y el pastor (los meses y las estaciones)”: *Esto era un pastor que tenía un ajuste con marzo y le dijo (marzo) etc.* (Asensio 2004:68). Incluso ao final hai un no que se ve como do conto, por implicación, se fai un refrán (que a avoa recitaba o 30 de marzo), e de seguido o neto explica o conto todo:

Y luego hay un refrán muy bueno que lo decía mi abuela el día treinta de marzo:

–Adiós marzo, que te vas con tus marzadas y yo me quedo con mi corderada.

*Esto lo decía un pastor...* (e explica o conto...) (Asensio 2004:69-70).

Braga (2002:volume II, 309-310) integra dentro das lendas, Lendas de Fevereiro, un texto-variante do noso refrán: *Dizia a velha dos bezerrinhos: ‘-Vai-te, meu Fevereiro curto, que cá ficam os meus bezerrinhos todos oito.’ Diz agora ele: ‘-Ora, cala-te tu que aí vem meu irmão Março, que dos oito ficarão quatro’.*

<sup>18</sup> Correspóndese co refrán que aparece en Correias: *Febrerillo corto, con sus días veinte y ocho; si tuvieras más cuatro no quedara perro ni gato* (citado por Vázquez Saco 2003:915, nº 81).

<sup>19</sup> *Dixolle un velliño a xaneiro: ‘Xaneiro, si non me matas o rebaño, douche un carneiro’. Pasó enero sin novedad y sin recibir la ofrenda del viejo; y entonces, habla enero: ‘Febreiro, o vello non me deu o carneiro: así que mata o rebaño y o carneiro’* (Vázquez Saco 2003:914, nº 78). Este tema do necesario cumprimento da ofrenda á divindade, so pena de castigo, aparece nas Cantigas de Sta. María (cantiga nº 31: *Esta é como Santa María levou o boi do aldeao de Segovia que ll’avia prometudo e non llo quería dar*, Alfonso X, O Sabio 1986:I, 135-138) e nós documentámolo na oralidade referido a un milagre de san Adrián de Malpica.

Outros exemplos de estrutura dialogada: *Dixo no monte unha vella: ‘Vaite, febreiriño corto...’ (...). Febreiro contestou: ‘Os teus becerrinhos oito, deixa que meu hirmán marzo hach’os de volver en catro’* (Vázquez Saco 2003:914, nº 79; variantes na páxina 215, nº 80, nº 81).



En último lugar, falamos de casos claros cando a frase fixa elementos imposibles de descodificar no mundo real pero que están suficientemente documentados no folclore: velaí as *botas de sete leguas*<sup>20</sup>, *o rei nunha cesta*<sup>21</sup>, ou as coñecidas *verdades do barqueiro* (implicación do conto que, tal como se documenta maiormente no folclore galego, presenta un raposo que quere cruzar un río e non ten cartos para pagarlle ao barqueiro. Daquela, pactan trocar a pasaxe por tres verdades e así o astuto animal vaille dicindo unha obviedade tras outra, do tipo: 1ª verdade: “como o trigo non hai centeo”; 2ª: “non hai lúa que luza como o sol” e 3ª: “si a todos os pasas coma a min escusas bolsa para os cartos”) (Carré 1968:275: “O raposo e o barqueiro”)<sup>22</sup>. Igualmente podemos integrar neste conxunto a expresión *debiálle un día ao demo e funllo pagar hoxe* (verosímil implicación da pasaxe pertencente ao ciclo contístico de Brancaflor, na que se relata como, tras facer pauto co demo e tras un período de boa vida, chega o momento en que o coprotagonista masculino ten que cumprir o pactado e ir servir o demo un ano –na fraseoloxía aparece *día* no canto do *ano*, pero o valor de traballo

<sup>20</sup> Entran a formar parte de frases do tipo *calzar/poñerse as botas de sete leguas*. Un dos nosos alumnos, ao ser interrogado sobre que eran as botas de sete leguas díxonos: “creo que eran dun xigante ou algo así”. Veu demostrar que non coñecía o conto (ninguén na clase de 1º ESO sabía a ciencia certa de que ía o conto... chama a atención como se perde este acervo cultural nas novas xeracións); insistimos e preguntamos de novo, “e daquela, de que che soan esas botas?” E a resposta foi: “Ai, porque miña nai me dicía de neno ‘vas ter que poñer as botas de sete leguas’, cando quería que apurase” (nai coruñesa, criada en Limiñón, Carral, de onde son os avós). Para nós, o conto máis coñecido onde aparecen as botas é o de Pulgarcito, unha versión portuguesa titulada “O rapaz das botas de sete léguas” (Consiglieri 1999 [1910]:266-269).

<sup>21</sup> *Vai com o rei nunha cesta polo río abaixo* (Vázquez Saco 2003:945, nº 45), *Está como o rei nunha cesta i-a cesta polo río abaixo* (Vázquez Saco 2003:945, nº 40), *Como o rei nun paxe polo río embaixo* (Paz 2003:133), *Vivir coma un rei na cesta* (Ferro 2006:263, epígrafe VIVIR BEN). Vid. López 2008:487, s.v. REI.

En canto ao folclore, de onde emanan os textos explícitos, é riquísimo e doadamente documentable. Poñamos algún exemplo: “As fillas do Zapateiro” (Carré 1968:58-59), onde a envexosa irmá bota aos príncipes acabados de nacer nunha bacía polo río embaixo e recólleos a familia do muíñeiro; en “Los dos niños abandonados” (Saco y Arce 1987:243-246), a malvada sogra manda os dous fillos do rei nun caixón polo río abaixo. Camino Noia refírese a este prototipo —onde se integran todas as variantes de meniños reais botados na cesta— e di que parece ser de orixe oriental (Noia 2003:202-208). Asimov, na súa eséxese da pasaxe bíblica de Moisés na cesta de xuncos, atribúe carácter lendario á historia e lembra mitos gregos e fábulas persas onde nenos abandonados se convirten logo en personaxes importantes (Asimov 1985:v. I, 116-117).

<sup>22</sup> Ademais da frase *Cantar/dicir as verdades do barqueiro*, hai que incluír aquí as expresións irónicas *Si todos che fan como eu, barqueiro, excusas bolsa pró diñeiro* (Vázquez Saco 2003:932, nº 43), *Quédaste con Dios, barqueiro: si todos fan coma min, quédaste sin diñeiro* (Vázquez Saco 2003:931, nº 42).

O conto aparece xenerosamente documentado: “O raposo e o barqueiro” (Harguindey e Barrio 1994:55-56), “O raposo e o barqueiro” (Fingoy 1972:33-34: aquí é o barqueiro de Porto, o cal responde a unha tendencia documentada fóra de Galicia de dar a entender que o conto foi real e, consecuentemente, situar na xeografía local o río e o topónimo berce do barqueiro. Así sucede no artigo de Gutiérrez Macías (1990), referido o conto ao río Texo ao seu paso polo lugar de Talaván, na Alta Extremadura.

En “As tres verdades”, Noia (2003:97-98) di que a fonte deste conto está nunha fábula de Esopo; cita versións galegas e, salvo na de Pereiro, Palas de Rei, sempre é un raposo e un barqueiro. É moi posible que estes textos, fábulas e contos do barqueiro teñan orixe nun mito liminar, un tipo de mito que intenta explicar un paso, un tránsito, como o clásico e tan coñecido de Caronte e o río Estixia, entre distintos mundos ou dominios. A raposa do noso conto é astuta porque logra pasar sen diñeiro. Na mitoloxía grega tampouco Hércules pagara, valérase doutras mañas, bastou con torcerlle o bico ao barqueiro, din algunhas fontes (Graves 2004:504-505).



improbo non desexado ou calamitoso permanece)<sup>23</sup>, a expresión *píntalo de verde*<sup>24</sup>, o refrán *vale máis no monte fraco que gordo no cu do gato*<sup>25</sup>, a frase *cambiar os ollos polo rabo*<sup>26</sup> e outras que aforramos mencionar para non estendernos en demasía.

### 3.2. Casos dúbidosos

Queremos agora comentar unha serie de refráns que, aínda estando claro para nós que son implicación dun vello conto, presentan algunha variante que nos suscita dúbidas.

<sup>23</sup> A frase documéntase en Pereda (1953, s.v. *demo*). Hai unha variante en Ferro (1997:220) e en Llópiz (Ferro e Veiga 2006:283, nº159).

O pauto co demo aparece nalgunhas variantes de “Blancaflor (a filla do demo)” nas versións galegas por nós chamadas Monfero-T e Monfero-V. Nesta última, o pauto de servirle un ano ao demo, chega mesmo a selarse con sangue (Soto e González 2002:436). Tamén hai pauto en “Blancaflor” (Camarena 1995:85-95): “Pero al cumplir los cinco años, tienes que entregarte al Castillo de Irás y No volverás” (Camarena, 1995:85).

<sup>24</sup> A frase é sinónima destoutra: *Agora bóttale un can ao rabo!*

O conto, máis ben unha “chuscada”, documéntámolo en Fingoy (1972:161-162): “O portugués, o francés, o galego e o demo”; hai que pedirle ao demo algo imposible e só o logra o galego: “Pero, ao fin, sale o galego, e tira un ‘cuesco’, e dille: *–Píntame ese de azul*. E logo contestoulle o demo: *–¡E cómo cho hei de pintar si xa escapóu!*”

Un amigo noso lugués contounos unha variante coa color verde: “Xúntanse no inferno un francés, un inglés, un alemán e mais un galego. O demo quere medir o seu enxeño, de xeito que aquel dos tres que sexa quen de propoñerlle unha proba imposible de cumprir, quedará libre do inferno. O inglés, despois de pensar un anaco, decide que poñer unha montaña boca abaixo é algo que o demo non poderá facer. Pero o demo colle unha ben grande e nun tris chántaa boca abaixo. Daquela, di o francés: *–Iso quere dicir que tes bos músculos, pero a verdadeira obra de Deus ti non a podes cambiar: non poderías facer que os ríos corran para arriba*. Talmente. O demo agarraba o Nilo e, coma se fose a cousa máis doada, facíao fluír en sentido contrario. Entón, di o alemán: *–Montañas, ríos, pequeneces, pero a verdadeira obra de Deus ti non a podes cambiar: ti non poderías trocar o movemento dos astros*. Meu dito, meu feito: o demo agarraba o sol e poñíao a dar voltas en sentido contrario nun ai. E así tocoulle ao galego: *–Pois eu sei unha cousa que ti nin ninguén, con Deus ou sen Deus, se pode facer: –Que cousa é esa? –Quixo saber o demo. –Botar un peido, agarralo e píntalo de verde.*”

O conto entronca co tema tan frecuente na Europa tradicional, campesiña e mariñeira, de enganar o demo, ben sexa o astuto labrego, ben a súa muller. Sospeitamos que a frase castelá *haz de ese caldo tajadas* pode responder a un texto folclórico paralelo.

Se temos presente unha variante do tema moi estendida por Europa, que consiste en que a muller vence o demo pedíndolle que modifique un pelo seu (que poña dereito un pelo da cabeza ou do sobaco) e o emparellamos con esta variante da cor verde, podemos formular a hipótese de que a coñecida frase galega *píntar a cana verde* se refire a cana, ‘pelo’. Unha das acepcións desa frase é, precisamente, *facen unha trasnada*.

<sup>25</sup> *Mays che val fraco no mato, ca non gordo na boca do rato* [mala lectura ou mala interpretación por gato] (Sobreira 1787-1805, s. v. Mato, en Santamarina 2003); *Val máis fraco un garabato que gordo no papo do gato* (Vázquez Saco 2003:393, nº 9825). No folclore contístico, Harguindey e Barrio (1994:65): “O rato do monte e o da casa”.

<sup>26</sup> *Cambiache os ollos polo rabo* (Vázquez Saco 2003: 947, nº99), *Cambiar os ollos polo rabo, como a teipa* (Vázquez Saco 2003:951, nº235; na variante nº 236 Vázquez Saco cita a H. Núñez: El trueque del topo; por la cola los ojos), *Troca-los ollos polo rabo como a tiopa* (Vázquez Saco 2003:952, nº 237).

En canto ao folclore contístico, esta fábula é moi común. Documentámola, por exemplo, en Ézaro entre a toupa e o sapo (Quintáns 1993:143); intégraa na súa novela o coruñés W. Fernández Flórez: *Todo el mundo sabe que el topo es un animal vanidoso, de una vanidad extraña que no busca la exhibición, pero que se complace en su intimidad secreta. Los aldeanos lo creen enamorado de adornos, y simple. Cuentan de él que se dejó engañar por la rana, en los tiempos en que la rana poseía rabo y se dio maña a cambiárselo al topo por los ojos* (Fernández 1997:78); recóllea Braga, na “Lenda do sapo e da toupeira” (Braga 2002, v II:316).

Trátase desa serie xa estudada por Ferro Ruibal (2004) que ten como núcleo común unha estrutura comparativa entre dous termos: A, un ou varios meses con certos atributos positivos (*maio pardo, xuño claro* ou *un torbón de abril*) e B, un carro (con ouro / mais bois / mais mulas/ e o que vai nel etc.). Como o texto base da implicación está suficientemente documentado, non podemos dudar, en principio, da relación entre conto-refrán, pero percibimos que hai variantes de refrán autónomas, verosimilmente producidas pola desmotivación, por perda do fío condutor, ou xa por descoñecemento do vello conto popular por parte do falante que as xera. De tal xeito que nos atreveríamos a falar de implicación recorrente, xa que do hipertexto (poñamos por caso, o texto do relato máis longo que coñecemos) pasamos ao texto R (as variantes longas do refrán) e de aí, por implicación recorrente, ao ‘refrán autónomo’ (as variantes desmotivadas do conto que, por tal razón, nos poden facer dudar do sentido real da implicación). Así, como exemplo de hipertexto teríamos as versións do conto recollidas por Gumersindo Placer (reproducidas en Ferro 2004:75, nota 25) ou a versión de Fingoy (1972)<sup>27</sup>. Como variantes longas do refrán serven aquelas que presentan indicadores de diálogo pola presenza do interlocutor: *Con xaneiro xeadeiro, febreiro nevareiro, marzo sollarzo, abril mollado, maio pardo, san Juan claro valen máis que tus mulas y tu carro* (Ferro 2004:76, nota 26), ou aquelas con artigo determinado: *...valen máis cá mula e o carro*. Como exemplo de variantes autónomas valerían, dunha banda, aquelas que presentan artigo indeterminado: *Abril mollado; Maio pardo e San Xoán craro, valen un carro d’ouro cargado* (Lence 2000:63) e, doutra, as que teñen no segundo termo o carro do rei David<sup>28</sup>.

<sup>27</sup> En Fingoy (1972:13-14), lemos: *Xaneiro rabioso,/ febreiro amoroso,/ marzo ventoso i algo chuvioso,/ abril das augas,/ maio pardo./ San Xuan e Santiago claros./ valen máis que o coche i os cabalos* (resposta do labrego ao rei, que lles pregunta aos seus convidados canto valería un coche con dous cabalos de ouro macizo; o relato entra na alínea dos Contos Sentenciosos)

<sup>28</sup> O conto parece moi vello porque xerou variantes pseudoautóctonas nas que a sabia resposta sempre vale máis a obra natural que a artificial, sexa un carro sexa o metal labrado sae da boca dun paisano galego. Non obstante, nós reafirmámonos na opinión de G. Placer, a orixe certamente parece oriental, xa que relembra moito a lenda de Buda que deixa o pazo e riquezas e vai na procura do saber. É máis, parece que estamos diante dun vello mito (Deus=rei maniféstase=interroga aos homes). O conto é paralelo a aqueloutro onde un rei lle pregunta a un vasalo canto cre que vale el (o rei) e o vasalo respóndelle con enxeño que nunca máis de 30 moedas, as que valeu Noso Señor (este tema atopámolo, por exemplo, en “Xan sen coidados”, Harguindey e Barrio 1994:157-158).

Documentamos unha variante máis do conto en Lence Santar: “Un gran señor iba por un camiño cun carro carregado. Un labrego preguntou-lle: –¿E que leva aí, aí señor?. –Un carro de oro. –Levará, señor, levará; pro mire: *Xaneiro, xeadeiro; Marzo, venteiro; Abril, chuvieiro; Maio, pardo, e San Xoán, craro, vale-lle máis que o diñeiro do carro*” (Lence 2000:110).

O refrán aparece no dominio do inglés, o cal non implica un refrán latino común (como apunta Ana Vidal 2003:101), senón máis ben a difusión dese conto por Europa. Tamén en terras de fala inglesa (Irlanda) se documenta a frase ‘carro do rei David’ para a constelación do carro, o setestrello galego (‘chariot de David’ en francés, carro de Arturo entre os bretóns, carro de Wotan ou Odín entre os viquingos). É moi posible que ese dato folclórico interviñese na xénese da variante de refrán co carro do rei David, dándose aí unha interferencia doutro material folclórico. En calquera caso, tampouco debemos perder de vista o forte valor simbólico (e histórico) do carro e do carro de ouro, carro solar (na Biblia, é un atributo de Deus: *carro e cabalos de Israel*, L.II Reis, 2: 12; 13; 14) (Florus fala dun *carpentum* de prata do rei Brituitus, citado por T. Braga 2002:v. I, 154 en nota).

Vexamos agora novos casos dubidosos: o refrán *Cando fores ao consello coida do teu negocio e non coides do alleo*, que aparece como remate do conto “O pucho vermello” (Ventín 2007:364) é unha implicación dese conto ou é o conto a explicitación do refrán preexistente? Verosimilmente o primeiro, porque o conto é moi antigo; tanto, que aparece no ‘Roman du Renard’ e tómao T. Braga como texto base de onde proviría outro coñecido refrán (port. *Da pele alheia grande correia*, gal. *De coiro alleo, boas piallas*, cast. *De cuero ajeno, correas largas*)<sup>29</sup>.

En galego chegou este episodio en forma de conto popular, pero hai un elemento a maiores (o lobo dálle queixas da raposa ao león e esta, sabedora, víngase) que produce un desprazamento do tema. Xa non prima o abuso que se fai do alleo, a lección é outra: cada un debe ocuparse do seu e deixar o dos outros<sup>30</sup>.

Tamén nos produce certa dúbida o refrán galego *O ferreiro da maldición, cando ten ferro, non ten carbón, e cando ten todo, non ten devazón*<sup>31</sup>. Todo parece indicar que deriva por implicación dun conto popular moi estendido no ámbito iberoamericano; a dúbida nace do feito de que só unha das variantes, a portuguesa, explicita o refrán<sup>32</sup>. Doutra banda, quizais iso explique que documentemos o refrán unicamente entre nós e non no dominio das outras linguas da península ibérica<sup>33</sup>.

Respecto ao refrán *Amigos, mesmo no inferno* e a súa posible relación co conto “Un amigo no inferno”<sup>34</sup>, case que nos inclinamos a pensar que o conto se fai con independencia do aforismo. Sendo como é un refrán tan coñecido en España, se a orixe estivese nese conto, esperaríamos atopar variantes no folclore do resto da península.

---

<sup>29</sup> Braga 2002: 23, v.II, di que ese adaxio é un *proveio de um episódio* do ‘Roman du Renard’, como o conta Fleury de Bellingen: “O Leão achando-se aflito com uma grande febre mandou chamar a Raposa para saber se no seu conselho poderia ter remédio a sua doença; a Raposa fingindo de médico lhe disse: Que para a sua cura precisava cingir os rins com uma larga cintura tirada de fresco da pele de um Lobo. Seguindo esta receita o Leão doente mandou chamar um Lobo, a quem a Raposa cortou ao largo do corpo uma comprida e larga correia. O Lobo com as dores uivava desesperado: *Ah, Senhora Raposa, da pele que não é vossa tirais correia larga*”.

<sup>30</sup> En Harguindey e Barrio (1994:35-36) o conto “O tío das calzas vermellas” remata cunha variante do refrán: *–¡Tío das calzas vermellas, conte as súas e deixe as alleas!* A proliferación de variantes é tan normal na transmisión oral dos contos que non o podemos valorar nin a favor nin en contra da antigüidade do refrán.

<sup>31</sup> Buján (2003:270, nº 2218), aí lese *forreiro* pero obviamente é *ferreiro*; o refrán serve de base á frase comparativa, “Como o ferreiro da maldición, que cando ten forro [mala lectura por *ferro*] non ten carbón” (Eladio Rodríguez 1958-1961, s.v. *ferreiro*).

<sup>32</sup> “O ferreiro da maldición”, en Consiglieri (1999 [1910]:256-258) e Viegas (1955:283-285): “Era uma vez um ferreiro casado e tinha muitos filhos. *Vivia muito pobre, e chamavam-lhe o ferreiro da maldição, que, quando tinha ferro, não tinha carvão...*”

Noia (2003:165, en nota) di que é un conto moi estendido pola Península e Latinoamérica.

<sup>33</sup> Aínda que nunha das variantes hispanas aparece a maldición enmascarada nun eufemismo: “En cierto lugar había un herrero que tenía poco trabajo y, claro, en su casa lo pasaban mal. Un día, se le ocurrió decir: *–\*Mecachis en la mar, daría mi alma al Diablo con tal de tener hierro para trabajar tres años...*” (“Marconxan”, en Prada 1998:105).

<sup>34</sup> A variante *Amigos, mesmo no inferno* é da nosa nai, valdeorresa. Ferro (1997:222) recolle *Hai que ter amigos astra no inferno*; castelán: *Bueno es tener amigos, aunque sea en el infierno*.

“Un amigo no inferno” aparece en Noia (2003:232-233); remata con estas palabras: “–Bueno, pois váleme un amigo no inferno. Foi o que me salvou.”

Un novo caso dubidoso é o da frase *Ninguén diga desta auga non beberei*, que se nos presenta como unha posible implicación do conto “Desta i-auga non beberei” (Ventín 2007)<sup>35</sup>. A semántica parece axudar, xa que é raro que, en orixe, alguén diga esa frase se non hai algo detrás, mais tamén é verdade que o sentido común neste caso máis ca unha proba é unha apreciación.

### 3.3. Casos difíciles

Trataremos agora os casos difíciles de dilucidar. Presentamos dous: un é *por arte de birlibirloque* e o outro *ser cuspidio/cuspidiño [a alguén]*. Para empezar, parece haber serias dúbidas sobre a enxebreza da voz *birlibirloque* no dominio do galego. Nin a recolle como forma normativa o VOLGA nin o dicionario da Real Academia Galega (1997) nin o Dicionario coordinado por Feixó Cid (2007). Nós discrepamos desta ausencia por varias razóns: porque aparece profusamente documentado noutros dicionarios galegos, porque figura na obra de prestixiosos autores como Otero Pedrayo, porque existe en galego *berloques* como voz común<sup>36</sup> e *Birloque* aparece na microtoponimia coruñesa (hoxe barrio e na xeración anterior á nosa, aldea próxima á cidade, pertencente á parroquia de S. Cristovo das Viñas) e, sobre todo, porque a fórmula, con variantes distintas pero próximas, non é privativa do castelán, senón que é relativamente común na Rumania e, dato importante, entra a formar parte nuclear dun conto folclórico portugués, conto que, doutra banda, presenta motivos universais. Nese conto, “Os berliques-berloques” (Viale 1980), o demo dálle ao protagonista como talismán máxico estes berliques-berloques, “Quando queiras destruír ou matar alguém, que esteja longe, basta que digas: ‘Berliques-berloques’, vão a tal lugar, matem e destrúan tudo” (Viale 1980:156)<sup>37</sup>. Se a hipótese que mantemos é boa, enténdese ben que do uso no conto se pase ao uso na fraseoloxía. A primeira acepción sería esta: *por artes de berliques e berloques*, ‘por artes diabólicas’, que é a que figura nos dicionarios de portugués (Almeida e Sampaio 1975). Reforza a nosa idea o feito de que en italiano *berlicche* é o nome popular festivo para o demo; *far berlicche e berlocche* significa ser voluble, faltar á palabra, unha acepción posiblemente secundaria a partir da idea do que está e non está, aparece e desaparece como por arte de birlibirloque.

<sup>35</sup> Conta como un malvado desagradecido, á ida defeca na pucharca e pola súa mala cabeza esquece alí algo importante e ten que regresar. Esgarece coa sede e non lle queda outra senón beber onde antes defecara. O conto remata: “e pra eixemplo de vindeiros sentenciou: –*Ninguén diga: desta i-auga non beberei...*” (Ventín 2007:380).

<sup>36</sup> *Arte de birlibirloque* (Real Academia Galega 1913-28, s.v. *birlibirloque*), *Arte de birlíqui-birloque* (Rodríguez 1863, s.v. *birlíqui-birloque*), *Arte de birlíqui birloque* (Valladares 1884, s.v. *birlíqui birloque*). Como voz común, *Berloques*, ‘adornos ou pequenas xoias que colgan’, aparece en Carré (1928-31) e Ibáñez (1956) (probablemente da mesma familia semántica que os *berloques* documenta A. Otero (Santamarina 2003) a voz *birlico*, ‘ringorrango, adorno...’ e o verbo *birlicar*). Etimoloxicamente andará acertado Corominas na orixe onomatopeica, talvez polo son que fan estes *berliques-berloques* ao tintinar. En Otero Pedrayo (1960:163), rexistramos *arte de birlibirloque* e nas cantigas do pobo aparece unha variante, *arte de birloque* (Blanco 1992 [1864]:187).

<sup>37</sup> Máis adiante, di que o home chegou a casa cos berloques –xa como voz común. En “La pata del camero” (Camarena 1995:579-581) encontramos de novo o motivo do home pobre que chega aos infernos e consegue do propio demo un obxecto máxico que causa a súa riqueza, aquí un anel, non hai berliques-berloques. T. Braga (2002:V. II, 330) ofrece unha curiosa e imaxinativa etimoloxía para *Arte de Berliques*: fáino derivar de *Artes merlínicas*.

A última e discutible hipótese versa sobre a frase *ser cuspido/cuspidiño [a alguén]*. En opinión dalgúns, a frase xerárase a partir da idea de que un pouco de cuspe é igual a outro pouco de cuspe. É unha opción, evidentemente. En opinión doutros, a frase prodúcese por deturpación da forma *esculpido* (sería un caso de falsa etimoloxía popular). Esta segunda hipótese non se sostén. Hai varios contraargumentos: a) a frase que nos ocupa é universal no dominio do galego; b) se fose certa, deberíamos documentar en Galicia a variante co verbo *esculpir*; c) a presenza documentada dunha variante con outro verbo, *ser cagado/cagadiño* afástanos da semántica de *esculpir* e aproxímanos ao campo nocional dos procesos corporais ricos en orixinar fraseoloxía; d) a mesma imaxe fraseolóxica dáse noutras linguas atlántico-indoeuropeas, á parte do portugués, como o inglés e o francés. Está claro que a hipótese de explicar a frase como falsa etimoloxía popular é unha hipercorrección culta, un caso máis de hipercultismo<sup>38</sup>.

Nós sostemos que na xénese desa unidade fraseolóxica volve intervir o folclore. Quizais, iso si, a implicación sexa opaca porque o cuspe ten un valor curativo, real, entra a formar parte de ritos curativos<sup>39</sup> e esa realidade pode ser primeira, anterior aos relatos folclóricos en que *cuspir* cobra un valor creador: *cuspir*, neses textos, é sinónimo de *crear* e ese valor –deducible, insistimos, deses textos folclóricos– parécenos digno de ser tido en conta para entender mellor que un ser humano *sexa cuspido* (creado igual) *a outro*. Vexamos algún exemplo: nun conto moi difundido por toda Europa, o xa citado de Brancaflor, esta cospe, na maioría das versións galegas que coñecemos, para crear unha voz-réplica exacta de si mesma (Carré 1968:43-49, 49-54. Na área do castelán hai cuspe en Camarena 1995:85-95)<sup>40</sup>.

#### 4. Conclusións

Se cada palabra é un mundo, como dicían os neogramáticos, tamén cada frase é potencialmente un mundo de intertextualidade, de interrelacións, de ricas asociacións

---

<sup>38</sup> Son varios os autores portugueses ou brasileiros que teñen elucubrado sobre a “corruptela” da expresión *cuspidos e (es)carrados* común en portugués (“escarrado” e “cuspidos” son voces portuguesas sinónimas). Como exemplos de elucubracións, citemos “cuspidos e carrados” como corruptela de “esculpido em Carrara” (<http://br.answers.yahoo.com/question/index?qid=20080523101827AAi7yd6>); outros traen “cuspidos e escarrados” de “insculpido e encarnado”, pensando sempre que o pobo oe mal e comprende peor (<http://vestibular.uol.com.br/ultnot/resumos/ult2772u42.jhtm>). Ideas semellantes poden consultarse en Carvalho Costa (1982:volume I, tomo III, 196. Agradecemos a X. Ferro esta información).

En inglés, *To be the dead spit of someone* e *To be the spitting image of somebody* significan ‘ser a imaxe cuspidos de alguén, ser cuspido a alguén’ e, no Reino Unido, os monecos da televisión paralelos a aqueles que actuaban nas españolas Noticias del guiñol eran chamados spit image (imaxe cuspidos). En francés dise *C’est son père tout craché* onde nós dicimos *É cuspidos ó pai*.

<sup>39</sup> O valor curativo do cuspe xa aparece na Biblia (Xesús colle barro e cospe para curar un cego en Xoán 9, 6 e volve tocar co seu cuspe a lingua dun xordomudo en Marcos 7, 33). Quizais sexa importante subliñar que esa pasaxe da curación do cego vén sendo frecuentemente interpretada como un nacemento a unha nova vida e, xa que logo, relacionada coa pasaxe da creación do home con barro da terra e alento do Creador (*lembra que me formaches co barro*, dille Xob a Deus en Xob 10, 9). Alento e cuspe andan xuntos nos ritos curativos populares e, neste sentido, sabemos que “Hay también personas, a las que en España llaman ensalmadores, que curan con la saliva y el aliento” (Mariño 1985:v.II, 39).

<sup>40</sup> Hai outro conto, onde Deus, san Pedro e o demo cospen nas augas do mar creando así, respectivamente, o linguado, o peixe-globo e as medusas (Prada 1998:36, “El origen de las medusas”, conto de Islandia).

culturais e míticas; un mundo semi-perdido, unha especie de paraíso perdido (os contos) que con frecuencia só a través da frase podemos recuperar. Non nos podemos permitir o luxo de desprezar nin unha soa frase popular porque pode acochar un tesouro.

Este aspecto da fraseoloxía, o estudo da súa orixe e a súa interrelación coas distintas formas da literatura popular, é un campo aberto de traballo. Non está esgotado. É un fio que se tende ao vento propicio que trae o futuro próximo.

## 5. Referencias bibliográficas

- ADRIÃO, José Maria (1928-29): “Retalhos de um adagiário”, en *Revista Lusitana* 27, Lisboa, 198-242.
- ALEMÁN, Mateo (1987 [1604]): *Segunda parte de la vida de Guzmán de Alfarache, atalaya de la vida humana*. Edición de José M<sup>a</sup> Micó. Madrid: Cátedra.
- ALFONSO X, EL SABIO (1986): *Cantigas de Santa María*. Mettmann, Walter, ed. Madrid: Castalia.
- ALMEIDA, J.; SAMPAIO, A. (1975): *Dicionário da língua portuguesa*. Porto: Porto editora, 5<sup>a</sup> ed.
- ÁLVAREZ, R.; VILAVEDRA, D. (eds.) (1999): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- ASENSIO GARCÍA, J. (2004): *Cuentos riojanos de tradición oral*. Logroño: Los Libros del Rayo.
- ASIMOV, Isaac (1985): *Guía de la Biblia*. Barcelona: Laia. 2 volumes.
- BABARRO FERNÁNDEZ, X. (1993): *Textos dialectais (do galego de Asturias)*. Tese de Doutoramento sen publicar, Universidade de Santiago. Citado pola edición electrónica no Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG), <http://www4.usc.es/TILG/> [Data de consulta: 10/03/2009]
- BLANCO, D. (1992): *A poesía popular en Galicia. 1745-1885*. Vigo: Xerais.
- (1999): “Do refrán á cantiga”, en ÁLVAREZ Rosario; VILAVEDRA, Dolores (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Tomo II, 203-233.
- BRAGA, Teófilo (2002 [1883]): *Contos Tradicionais do Povo Português*. Lisboa: Publicações Dom Quixote. 2 volumes.
- BUJÁN OTERO, Patricia; FERRO RUIBAL, Xesús; PAZ ROCA, M<sup>a</sup> Carmen; RODRÍGUEZ AÑÓN, Marta; VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2003): “Refraneiro do Seminario de Santiago (1947-1958)”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 173-343.
- CACHO BLECUA, J. M.; LACARRA, M<sup>a</sup>. J. (eds.) (1984): *Calila e Dimna*. Madrid: Castalia.
- CALVINO, Italo (1979): *Fiabe italiane*. Torino: Einaudi. 2 volumes.
- CAMARENA, J.; CHEVALIER, M. (1995): *Catálogo Tipológico del cuento folklórico español*. Madrid: Gredos.
- CARBALLO CALERO, R. (1979): *Estudios rosalianos*. Vigo: Galaxia.



- CARVALHO COSTA, Alexandre De (1982): *Gente de Portugal. Sua linguagem, seus costumes*. Portalegre: Assembleia Distrital de Portalegre. 4 volumes.
- CARRÉ ALVARELLOS, L. (1928-31): *Diccionario Galego-Castelán*. A Cruña: Lar. Citado pola edición en SANTAMARINA, A. (ed.) (2003).
- CARRÉ ALVARELLOS, Lois (1968): *Contos populares da Galiza*. Porto: Museu de Etnografía e História. Junta Distrital do Porto.
- CENTRO DE ESTUDOS FINGOY (1972): *Contos populares da provincia de Lugo*. Vigo: Galaxia.
- COELHO, Adolfo (1985): *Contos Populares Portugueses*. Lisboa: Publicações Dom Quixote.
- CONSIGLIERI PEDROSO, Zophimo (1999 [1910]): *Contos populares portugueses*. Lisboa: Vega, 6ª ed.
- CORREAS, Gonzalo (1967 [1627]): *Vocabulario de refranes y frases proverbiales*. Edición de Louis Combet. Burdeos: Institut d'Études Ibériques et Ibéro-Américaines de l'Université de Bordeaux.
- DUARTE, Don (1982 [1438]): *Leal Conselheiro*. Edición de João Morais Barbosa. Vila da Maia: Imprensa Nacional.
- FEIXÓ CID, X. (coord.) (2007): *Diccionario fraseolóxico século XXI castelán/galego e de correspondencias galego/castelán*. Vigo: Cumio-Galaxia.
- FERNÁNDEZ FLÓREZ, W. (1997): *El bosque animado*. Madrid: Espasa-Calpe.
- FERNÁNDEZ ROCA, X. A.; MARTÍNEZ LÓPEZ, Mª. J. (coords.) (2002): *Vir Bonus Docendi Peritus. Homenaxe a José Pérez Riesco*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- FERRO RUIBAL, X. (1997): “Deus e mailo demo no refraneiro galego”, en *Paremia* 6, 208-222.
- (2004): “Explicitación e implicitación fraseolóxica: notas galegas”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6, 57-80.
- (2006): “Locucións comparativas ou elativas galegas”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, 179-264.
- FERRO RUIBAL, X.; VEIGA NOVOA, C. (2006): “*Paremiás selectas*. Un manuscrito bonaerense (1956) de Vicente Llópez Méndez”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, 265-315.
- GRAVES, R. (2004): *Los mitos griegos*. Barcelona: Círculo de Lectores.
- GUTIÉRREZ MACÍAS, Valeriano (1990): “Verdades como puños: Las del Barquero de Talaván”, en *Revista de Folklore* 115, 35-36. Versión electrónica en <http://www.funjdiaz.net/folklore/index.cfm>. [Data de consulta: 18/04/2009]
- HARGUINDEY, H.; BARRIO, M. (1994): *Antoloxía do conto popular galego*. Vigo: Galaxia.
- HARO CORTÉS, Marta (ed. lit.) (2007 [1493]): *Exemplario contra los engaños y peligros del mundo*. Colección Parnaseo. Valencia: PUV (Publicacions Universitat de València).
- IBÁÑEZ FERNÁNDEZ, J. (1956): *Diccionario Galego da Rima e Galego-Castelán*. Madrid. Citado pola edición en SANTAMARINA, A. (ed.) (2003).

- LAMELA VILLARAVID, C.; PARGA VALIÑA, M. (1998): *A cultura popular de tradición oral nos centros da terceira idade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- LENCE SANTAR, E. (2000 [1938]): *Etnografía mindoniense*. Edición de A. Requeixo. Santiago de Compostela: Follas Novas.
- LÓPEZ TABOADA, C.; SOTO ARIAS, M<sup>a</sup>. R. (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega*. A Coruña: Galinova.
- (2008): *Diccionario de Fraseoloxía Galega*. Vigo: Xerais.
- MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (1985): *La medicina popular interpretada*. Vigo: Xerais.
- MOKIENKO, V. (2000): *Fraseoloxía eslava*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia.
- NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup>. C. (2003): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigra Trea.
- OTERO PEDRAYO, R. (1960): *O señorito da Reboraina*. Vigo: Galaxia.
- PAZ ROCA, M<sup>a</sup>. C. (2003): “Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradición oral por Lois Carré (1898-1965)”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 129-141.
- PEREDA ÁLVAREZ, José María (1953): “Aportaciones léxicas y folklóricas al estudio de la lengua gallega”, en *Douro Litoral VII-VIII*, 19-52. Citado pola edición de Antón Santamarina (ed.) (2003).
- PINEDA, Juan de (1963-1964 [1589]): *Diálogos familiares de la agricultura cristiana*. Edición de Juan Meseguer Fernández. Madrid: Atlas. Citado pola versión electrónica da REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE) [en liña]. *Corpus diacrónico del español*. <http://www.rae.es> / [Data de consulta: 27/03/2009].
- PRADA SAMPER, J. M. de (1998): *Las mil caras del Diablo*. Barcelona: Juventud.
- QUINTÁNS SUÁREZ, M. (1993): *Antoloxía de contos populares de Galicia*. Noia: Tambre.
- (1994): *Anuario de tradicións galegas*. Noia: Tambre.
- REAL ACADEMIA GALEGA (1913-28): *Diccionario gallego-castellano*. Coruña: Roel.
- (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. Vigo: Galaxia-Xerais.
- RIELO CARBALLO, N. (1976): *Escolma de Carballo*. Vigo: Castrelos.
- RODRÍGUEZ, F. J. (1863): *Diccionario Gallego-Castellano*. Coruña: Mariano M. y Sancho.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E. (1958-1961): *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*. Vigo: Galaxia.
- SACO y ARCE, J. A. (1987): *Literatura popular de Galicia*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.
- SAMPEDRO y FOLGAR, Casto (1982): *Cancionero Musical de Galicia*. A Coruña: Fundación ‘Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa’.
- SANTAMARINA, A. (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- SOTO ARIAS, M<sup>a</sup>. R.; GONZÁLEZ GARCÍA, L. (2002): “Brancaflor en Galicia”, en FERNÁNDEZ, X. Á.; MARTÍNEZ LÓPEZ, M. J. (coords.): *Vir Bonus*



- Docendi Peritus. Homenaxe a José Pérez Riesco*. A Coruña: Universidade da Coruña, 433-449.
- SOTO ARIAS, M<sup>a</sup>. R. (2003): “Achegas a un dicionario de refráns”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 3, 1-131. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- VALERA, Juan (1896 [2002]): *Cuentos y chascarrillos andaluces*. Edición dixital Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, <http://www.cervantesvirtual.com/> [Data de consulta : 23/04/2009]
- VALLADARES NÚÑEZ, M. (1884): *Diccionario Gallego-Castellano*. Santiago: Seminario Conciliar Central.
- VÁZQUEZ, L. (2003): “Refranero gallego. Colección hecha por el P. Gumersindo Placer López”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 143-171.
- VÁZQUEZ SACO, F. (2003): “Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral”, en *Cadernos de fraseoloxía galega* 5. Edición de BELOSO GÓMEZ, J.; BUJÁN OTERO, P.; FERRO RUIBAL, X.; PAZ ROCA, C. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- VENTÍN DURÁN, J. A. (2007): “Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*. Anexo 1. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- VIALE MOUTINHO, José (s. a. [1980]): *Contos populares Portugueses. Antologia*. Mem Martins: Publicações Europa-América.
- VIDAL CASTIÑEIRA, A. (2003): “Aproximación ó ‘mínimo paremiolóxico’ galego. Unha proposta didáctica”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 79-116. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- VIEGAS GUERREIRO, M. (1955): *Contos populares portugueses*. Lisboa: Fundação Nacional para a Alegria no Trabalho, Gabinete de Etnografía.

#### Referencias electrónicas:

- <http://br.answers.yahoo.com/question/index?qid=20080523101827AAi7yd6> [Data de consulta: 15/04/2009]
- <http://vestibular.uol.com.br/ultnot/resumos/ult2772u42.jhtm> [Data de consulta: 22/03/2009]



# Lema, categoría e *definiens* na fraseografía monolingüe do español e bilingüe español-alemán

Aina Torrent-Lenzen<sup>1</sup>

Fachhochschule Köln

Universität Wien

Neste artigo expoñemos as directrices que estamos a aplicar na elaboración do *Diccionario español-alemán de locuciones del español de España de Colonia/Hamburgo* polo que se refire a determinados aspectos da microestrutura. Algunhas das dificultades que expoñemos son: por un lado, a determinación dunha forma para o lema, así como dunha categoría gramatical que lle corresponda; e, por outro lado, a formulación do *definiens*. Igualmente, tratamos as interrelacións entre estas tres entidades microestruturais (lema, categoría gramatical e *definiens*). En menor grao, tamén se teñen en conta os mencionados aspectos desde o punto de vista da fraseografía monolingüe do español.

Palabras clave: lema, categoría gramatical, *definiens*, fraseografía monolingüe do español, fraseografía bilingüe español-alemán, microestrutura.

*In this paper we present the guidelines we are applying to the creation of the Diccionario español-alemán de locuciones del español de España of Colonia/Hamburgo with regard to some aspects of its microstructure. Some of the difficulties that are put forward are: on one hand, the determination of one form for the lemma, together with the corresponding grammatical category; and, on the other hand, the formulation of the definiens. We also deal with the relationships between these three microstructural entities (lemma, grammatical category and definiens). To a lesser extent from the point of view of the Spanish monolingual phraseology these aspects are also taken into account.*

*Keywords: lemma, grammatical category, definiens, Spanish monolingual phraseology, bilingual Spanish-German phraseography, microstructure.*

---

Data de recepción 23/01/2009 Data de aceptación 26/03/2009

<sup>1</sup> Tradución de Francisco Javier Trashorras García.

## 1. Introducción

O obxectivo do presente estudo é tratar algúns aspectos relacionados coa microestrutura dos artigos no campo da fraseografía en xeral e, moi especialmente, da fraseografía bilingüe español-alemán de descodificación. Concretamente, analizaranse algunhas das dificultades que encerran a determinación dunha forma para o lema, a especificación dunha categoría gramatical para a locución lematizada e a estruturación e formulación do *definiens*, así como algúns dos problemas que xorden a partir das interrelacións entre estes tres elementos (lema, categoría e *definiens*).

En xeral, centraremos a análise na exposición das directices que seguimos, en relación cos mencionados aspectos, na elaboración do *Diccionario español-alemán de unidades fraseológicas idiomáticas del español de España* de Colonia/Hamburgo. O proxecto, dirixido pola autora destas liñas, estámo-lo a levar a cabo un equipo vinculado á Universidade de Ciencias Aplicadas de Colonia (*Fachhochschule Köln*)<sup>2</sup>. Só de xeito esporádico e resumido comentaremos as solucións doutros dicionarios.

É un feito que a fraseografía bilingüe español-alemán carece dunha terminoloxía e dunha teoría propias e axeitadas. Neste sentido, enténdase este estudo como unha modesta contribución ao desenvolvemento desta nacente subdisciplina lingüística.

## 2. Características xerais do noso dicionario

Concibimos o noso dicionario como unha obra de descodificación dirixida ao público xermanoparlante. Ao noso parecer, un dicionario lingua estranxeira-lingua materna de descodificación oponse, polo menos no que se refire á concepción teórica, tanto a un dicionario contrastivo como o que sería un dicionario de codificación cara á lingua materna. Por suposto que as aplicacións destes diferentes tipos de dicionarios son múltiples e que estamos falando dende un plano teórico que é, non obstante, o que rixe e determina a elaboración dunha obra desta índole. O tema é complexo e será obxecto dun artigo á parte (véxase Torrent-Lenzen, en preparación). En calquera caso, pensamos que se algo caracteriza –ou debería caracterizar– dun xeito especial un dicionario lingua estranxeira-lingua materna de descodificación é a precisión á hora de formular a definición ou de proporcionar solucións para o *definiens*<sup>3</sup>. Este é un dos obxectivos principais do noso traballo fraseográfico.

---

<sup>2</sup> A publicación do noso dicionario, que será unha obra impresa, está prevista para dentro duns sete anos na editorial Buske de Hamburgo; por iso falamos do dicionario “Colonia/Hamburgo”. Véxase unha presentación do proxecto en Torrent-Lenzen (2007) e Torrent-Lenzen (2008c).

<sup>3</sup> Tal como pode observarse, servímonos do termo *definiens*, pouco usual na fraseografía bilingüe. No noso quefacer fraseográfico, o *definiens* constitúe a información semántico-pragmática acontextuada (trátase dunha información que non aparece nun exemplo concreto, senón que amosa un grao de abstracción máis ou menos elevado), sexa cal for o seu tipo ou a súa estrutura, que nas entradas do noso dicionario dáse sobre o *definiendum*. Partimos, entón, por unha parte, do feito de que o equivalente, tan esencial na lexicografía bilingüe en xeral, tamén define, e, pola outra parte, xa que non sempre dispoñemos dun equivalente –ou dun equivalente acontextuado– e que temos que recorrer á paráfrase explicativa, agrupamos todas estas solucións sobre a información semántico-pragmática dunha locución baixo o termo *definiens*.

Tamén constitúen trazos esenciais do noso dicionario os seguintes aspectos: a) será unha obra semasiolóxica que seguirá estritamente a orde continua; b) todas e cada unha das locucións irán acompañadas dun ou varios exemplos, os cales virán en versión bilingüe; c) gran parte do noso traballo apóiase en datos sacados de Internet, sobre todo no que atinxe á confección dos exemplos<sup>4</sup> e d) baseamos tanto a elaboración do noso dicionario coma os estudos fraseográficos que están a xurdir a raíz deste proxecto no instrumentario analítico que ofrece a lingüística pragmática, aínda que un dicionario representa un punto de confluencia de aspectos, e ás veces problemas lingüísticos, de moi diversa índole, polo que cómpre recorrer a outras disciplinas e teorías lingüísticas.

Como fontes do noso dicionario debemos nomear ante todo o *Diccionario fraseológico documentado del español actual* (DFDEA) de Seco et al. (2004), inventario completísimo no campo da fraseoloxía do español de España, aínda que tamén nos baseamos, entre outras, nas seguintes obras: no Dicionario de la Real Academia (DRAE) (2001), no de María Moliner (DUE) (1998), no de Varela / Kubarth (DFEM) (1994), así como nos de Inmaculada Penadés (2002, 2005 e 2008). Tal e como se mencionou, no presente estudo imos contrapoñer de cando en vez as súas respectivas solucións fraseográficas ás nosas alternativas, as cales veñen motivadas en gran parte, sen dúbida, pola perspectiva bilingüe español-alemán.

A nosa definición de locución está inspirada na que ofrecen Seco et al. (2004, XII), Ruiz (1997:74 e 99) e Wotjak (1998:307): unha locución é unha agrupación máis ou menos fixa de palabras que asume unha función gramatical determinada (nominal, adxectiva, verbal etc.), ben na oración ben no texto, e que ten un significado que non pode deducirse necesariamente dos significados dos seus compoñentes.

Todo dicionario ten unha función didáctica, pero moi especialmente tena un dicionario bilingüe, moito máis un dicionario fraseolóxico bilingüe lingua estranxeira-lingua materna de descodificación, xa que está pensado para resolver as dúbidas do usuario sobre o significado dos fraseoloxismos dunha lingua que non domina como falante nativo.

### 3. O lema fraseográfico

O lema ou *definiendum* fraseográfico definímolos como a forma na que é presentada unha locución no dicionario co gallo de ser definida no *definiens*<sup>5</sup>. O lema, polo tanto,

---

<sup>4</sup> Os aspectos relacionados coa exemplificación tratámoslos detalladamente en Torrent-Lenzen (na prensa).

<sup>5</sup> Tamén podemos falar da *locución-guía* (Torrent-Lenzen 2007:281), concepto que utilizamos inspirándonos na terminoloxía proposta por Porto Dapena (2002:184) e por Haensch / Omeñaca (2004:46). Na teoría que estamos a elaborar, ou que está a nacer, a partir do noso proxecto, os termos *lema*, *definiendum* e *locución-guía* denotan o mesmo, se ben dende perspectivas diferentes. Somos conscientes de apartarnos da definición de *lema* que se utiliza na lexicografía xeral. Segundo Porto Dapena (2002:32), o *lema* é a forma coa que aparecen nun dicionario as palabras flexivas. A nosa adaptación terminolóxica obedece a necesidades prácticas, xa que en relación coas locucións preséntase moi a miúdo o problema de decidir baixo que forma figurará unha unidade ou que forma concreta encabezará o artigo, tamén no caso de que non se trate de formas flexivas. Deste xeito, Olímpio (2007:73-132) inclúe no capítulo dedicado ao lema

encabeza cada un dos artigos do dicionario, constituíndo o punto de enlace entre a macroestrutura e a microestrutura dun dicionario (Engelberg / Lemnitzer 2004: 123-124). Non imos tratar aquí todos os aspectos relacionados coa lematización fraseográfica<sup>6</sup>: a bibliografía ao respecto é copiosa e iso podería ser obxecto dun extenso artigo adicado exclusivamente a este tema. Si imos comentar, non obstante, os aspectos máis esenciais da lematización das locucións con función verbal, así como algunhas das consecuencias que se derivan do método aplicado á hora de formular a definición<sup>7</sup>.

### 3.1. A lematización das locucións verbais

De acordo con García-Page (2008: 392), defendemos a opinión de que no lema das locucións con función verbal deben aparecer todos os argumentos<sup>8</sup>, sendo así que o proceso de lexicalización e de transposición semántica (Dobrovol'skij 1988: 62) que se consumou co tempo nun bo número de unidades fraseolóxicas implicou cambios nos posibles elementos que interveñen como obxecto e/ou como suxeito. Ao respecto escribe García-Page (2008: 392):

“[...] ciertas expresiones, consideradas como fijas e idiomáticas, incorporan un actante del que no dispone la secuencia literal [...]; es lo que ocurre con las locuciones *leer la cartilla, hacer la cama, cerrar la puerta, apretar las clavijas*, etc., que exigen un complemento indirecto de persona [...].[...] estos hechos ponen de manifiesto la relevancia que tiene el componente externo de la locución, hasta el punto de poder ser considerado como un constituyente de pleno derecho igual que los componentes internos o léxicamente fijados [...]”<sup>9</sup>.

---

das unidades fraseolóxicas os aspectos relacionados coa negación que comentamos máis abaixo no capítulo 3.4., se ben non se trata de problemas que teñan que ver coa flexión.

<sup>6</sup> Por *lematización* entendemos a toma dunha decisión por parte do fraseógrafo sobre a forma concreta (ou *lema*) co que vai aparecer unha locución determinada na nomenclatura do dicionario. A nomenclatura do dicionario é “el conjunto de léxico estudiado por éste” (Porto Dapena 1997:184).

<sup>7</sup> Deixando á parte os problemas que poidan comportar os fraseoloxismos no que á lematización se refire, en relación cos lemas danse ás veces diferenzas considerables entre un e outro dicionario e aínda máis entre linguas e culturas distintas. Deste xeito, nos dicionarios españois e alemáns hai que buscar os verbos na súa forma de infinitivo, mentres que o lema verbal nos dicionarios de latín o constitúe a primeira persoa singular do presente de indicativo (isto é, hai que buscar o verbo *ser* baixo *sunt* (‘soy’), non baixo *esse*), e nos dicionarios de árabe, a terceira persoa masculino singular do pasado (hai que buscar o verbo *comer* baixo *comeu*). Estas diferenzas na lematización verbal ocorren por ser o verbo xustamente a clase de palabra que indica acción e movemento, de modo que é un pouco contraditorio querer darlle unha forma estática ou neutra coa que poida ser catalogado nun dicionario e seguir chamándoo “verbo”.

<sup>8</sup> Servímonos dos termos *argumento* e *estructura argumental*, procedentes da gramática creativa (Eguren / Fernández 2004:126; Villalba 2004:28) aínda que moi difundidos. En relación co verbo ou predicado verbal, constitúen argumentos o suxeito e os complementos.

<sup>9</sup> Os compoñentes internos son os elementos constitutivos da locución propiamente dita: trátase de elementos fixos, o cal non significa que no poidan ser flexivos (*llamar, la e atención* son os compoñentes internos da locución *llamar la atención a alguien una persona*); pola contra, os compoñentes externos son os que acompañan á locución propiamente dita e constitúen os seus argumentos no caso de que estes non sexan compoñentes internos: trátase de elementos variables (“Pedro”, “mi tío”, etc. no canto de *alguien* e *una persona* en *llamar la atención a alguien una persona*: “Mi tío llamó la atención a Pedro”). No noso dicionario seguimos as recomendacións de Wotjak (1998:313 e 319) no que se refire á diferenciación de compoñentes internos e externos nos lemas.

Poñamos por exemplo a locución *llamar la atención a alguien una persona*<sup>10</sup>, a cal ten como compoñente externo un obxecto indirecto –posto que diríamos *llamarle la atención* (a un home, por exemplo) e non *\*llamarlo la atención*– e como compoñente interno un obxecto directo. Fóra desta construción idiomática, o verbo *llamar* non podería esixir un obxecto directo non humano, como é *la atención*, máis un obxecto indirecto humano<sup>11</sup>. Trátase dunha constelación argumental do verbo *llamar* caracteristicamente idiomática.

García-Page (2008: 392) cuestiona a pertinencia das propostas lexicográficas que prescinden dos compoñentes externos ou que minimizan a súa importancia dende o momento no que os colocan entre parénteses ou corchetes<sup>12</sup>. En xeral, se observamos os distintos dicionarios monolingües mencionados máis arriba, parécenos detectar unha certa reticencia por parte dos fraseógrafos españois a presentar de maneira sistemática os compoñentes externos das locucións verbais e/ou a presentalos como parte integrante do lema verbal. Dende o punto de vista da fraseografía bilingüe, a renuncia a indicar os argumentos parécenos completamente inaceptable, posto que é unha información que o usuario –por regra xeral, falante nativo doutra lingua que non é o español– non posúe, polo que pode desorientalo á hora de identificar unha locución nun texto en español e confundilo á hora de producir textos na devandita lingua. Polo demais, segundo o noso ver, a gran maioría das locucións verbais apenas se entenden desprovistas dos argumentos: tal é o caso de *hacer con los pies* (no canto de *hacer algo con los pies*), de *no querer nada* (no canto de *no querer nada con alguien*) ou de *dejar tamaño* (no canto de *dejar tamaño a alguien [ou a algo]*)<sup>13</sup>.

<sup>10</sup> Utilizamos grosa para as formas citativas das locucións: a) cando se trata de lemas tal como figuran nos dicionarios; se non se indica a procedencia, o lema en cuestión provén do noso; como aínda non apareceu, obviamente non podemos poñer indicación de ano e páxina; e b) cando queremos explicitar a diferenza entre compoñentes internos e externos.

<sup>11</sup> Por suposto que existen construcións do tipo *llamar a una ambulancia* ou *llamar a un taxi*, nas que aparece o verbo *llamar* cun obxecto directo non humano, pero nestes casos non forma parte do predicado ningún argumento que sexa un obxecto indirecto humano, tal como ocorre en *llamar la atención a alguien una persona*.

<sup>12</sup> En Seco et al. (2004) utilízanse corchetes (“*patinarle las neuronas [a alguien]*”, Seco et al. 2004:686), aínda que esta información sobre os argumentos só figura de maneira esporádica (véxase nota 21 a pé de páxina); en Penadés Martínez (2002, 2005 e 2008), estes datos son ofrecidos de maneira sistemática, mais non no lema (“*parecerse en el blanco de los ojos v. (s) infor. [alguien, a alguien]*”, Penadés Martínez 2002: 23).

<sup>13</sup> Na *Guía de consulta* do DFDEA están recollidas, unha tras outra e sen complementos, locucións de estrutura sintáctica e semántica moi distintas. Na nosa opinión, é chocante e desorientador ler *hacerse a la idea* e, xusto despois, *hacerse a la mar*, como se ambas locucións tiveran a mesma estrutura argumental e, polo tanto, como se fose posible deducir un significado sintáctico semellante de ambas, cousa que non é viable. Consideramos que ao despojar a locucións como *hacerse a la idea* do seu complemento preposicional, neste caso *de algo*, omítese unha información sintáctica e semántica esencial, e pensamos que iso non debería facerse baixo ningún concepto, nin sequera nunha guía ou rexistro deste tipo; poñemos en dúbida, logo, que a algún usuario se lle ocorra espontaneamente buscar a locución *hacer algo con los pies* baixo *hacer con los pies*, que é como aparece na devandita *Guía de consulta* do DFDEA (Seco et al. 2004:50). E non esquezamos que un rexistro deste tipo está pensado para facilitarlle a busca ao usuario, o cal ten unha forma citativa determinada na súa mente, e a partir desta forma vai consultar a guía. Por *forma citativa* entendemos a forma ou estrutura que escolle ou utiliza un falante para referirse a unha locución (tal como ocorre na seguinte oración, na que o emisor “cita” unha unidade fraseolóxica: *Mi padre siempre lo decía, esto de “ser el acabóse”*); na nomenclatura dun dicionario, e de acordo coa

A indicación dos argumentos no lema fraseográfico non debe confundirse co chamado *contorno*. Na lexicografía monolingüe adoita falarse do *contorno* (ou tamén do *entorno*) dunha palabra ou expresión en referencia aos elementos que non forman parte do significado, senón do contexto sintáctico e semántico no que esta adoita aparecer, os cales son indicados no *definiens*, non no *definiendum*; por exemplo: “**Comprar**. *tr.* Adquirir algo por dinero” (Porto Dapena 2002:308); “**Confluir**. *intr.* Juntarse dos o más ríos u otras corrientes de agua en un mismo lugar” (Porto Dapena 2002:310). Nestes *definiens* está claro que nin “algo”, no primeiro, nin “dos o más ríos u otras corrientes de agua”, no segundo, forman parte dos significados de *comprar* y de *confluir* respectivamente. O concepto de *contorno* lexicográfico foi acuñado por Manuel Seco (Porto Dapena 1997). No DFDEA (2004:XXV), no capítulo titulado “Cómo usar el diccionario”, os autores falan do *contexto* para referirse aos argumentos, independentemente de se figuran no *definiendum* ou no *definiens* e presentan os seguintes exemplos, entre outros: “**esperar el santo advenimiento**. *v (col)* Estar inactiva [una pers.] o sin uso [una cosa] en espera de algo que no llega” (Seco et al. 2004:XXV e 115); “**poner a caldo** [a alguien]. *v (col)* Reprender[le] duramente o llenar[le] de improperios” (Seco et al. 2004:XXV e 228). Nós propoñemos falar do *contexto sintáctico argumental*<sup>14</sup>. Nun dicionario bilingüe, a solución de indicar só o contexto sintáctico argumental no *definiens* é totalmente inviable, xa que se dá a miúdo o caso de que unha palabra ou un predicado que nunha lingua esixe un tipo de argumento, noutra esixe outro, de xeito que hai que dar esta información para cada lingua por separado.

Nalgúns casos, a introdución ou a omisión dos compoñentes externos no lema pode ser determinante á hora de decidir se unha unidade fraseolóxica é unha locución ou unha colocación. Por exemplo, en relación coa acepción de *sacar la lengua* que implica a realización do xesto<sup>15</sup>, pensamos que sen argumentos (*sacar la lengua*) sería, en todo caso, unha colocación ou acaso nin sequera isto, xa que se corresponde a construcións

---

terminoloxía que utilizamos nós, a forma citativa coincide co lema. O termo *forma citativa* é utilizado a miúdo na fraseografía hispánica por parte de investigadores xermanofalantes e é tradución do término alemán *Nennform*, o cal se refire á forma base ou canónica dunha locución independentemente dos aspectos lexicográficos ou fraseográficos.

<sup>14</sup> No campo da fraseoloxía e a fraseografía españolas, diversos autores (véxase, por exemplo, Penadés Martínez 2002-2003:116-118) utilizan o termo *contorno* para referirse ao contexto sintáctico argumental. Non obstante, parécenos importante distinguir terminoloxicamente entre a indicación da devandita información no *definiendum* e a súa indicación no *definiens*. Polo demais, o “contorno”, segundo a tradición lexicográfica iniciada por Seco e continuada por Porto Dapena, adoita facer alusión a contidos semánticos moito máis precisos do que ocorre cando se indican os argumentos no lema ou *definiendum*, xa que, neste último caso, trátase de indicacións moi abstractas sobre a natureza semántica de posicións sintácticas que teñen que estar ocupadas.

<sup>15</sup> Ao contrario do que figura no DFDEA (“**sacar la lengua** [a alguien]. *v* Burlarse [de él] con el gesto de sacar la lengua en su presencia” (Seco et al. 2004:578) e noutras obras, opinamos que a realización do xesto na locución *sacar la lengua* non é sempre necesaria e que, nesta acepción de significado máis traslaticio na que non se realiza o xesto, o obxecto é “algo (non material)”, non “alguien”, tal como nolo demostra o seguinte exemplo procedente da rede: *Lo único que puedo decirte es que vale la pena sacarle la lengua al mundo, sacarle el trasero y seguir siendo como es uno*. Sobre o significado de *sacar la lengua*, véxase Torrent-Lenzen / Uría Fernández (2009). Se non se indica o contrario, os exemplos presentados foron extraídos da Internet. Abstémonos de citar os enderezos das páxinas web das que proceden. Non cambiamos nada neles, agás algún que outro acento ou signo de puntuación



libres como *sacar la mano* (do peto, por exemplo), *sacar el dinero* (da carteira, por exemplo) etc.; mentres que coa indicación do obxecto indirecto (*sacarle la lengua a alguien*; deixemos agora á parte a posibilidade de sacarlle a lingua a algo), entón si que este sintagma adquire as características dunha locución, xa que a persoa que actúa non lle saca a lingua ao seu interlocutor (e dicir, non a extrae da boca deste), senón que saca a súa propia (compárese o significado de *sacarle la lengua a alguien* co que interpretamos en sintagmas libres como *sacarle una muela a alguien* ou *sacarle las tripas a un animal*).

### 3.2. Lema e definición (ou *definiendum e definiens*)

Os termos *definiendum* e *definiens* analizan as estreitas relacións de interdependencia que existen entre estes dous elementos na microestrutura dun dicionario. A resposta que proporciona o *definiens* debe corresponder á cuestión que presenta o *definiendum*. Esta interdependencia ten implicacións fraseográficas que imos comentar nas páxinas seguintes.

#### 3.2.1. Dúas cuestións fundamentais

Á hora de determinar o lema dunha locución e sempre co obxectivo de conseguir un *definiens* óptimo, o fraseógrafo, ao noso entender, debe preguntarse dúas cuestións fundamentais: 1) Dá conta o lema de todos os usos e significados posibles ou, pola contra, pásaos por riba ou informa indebidamente o usuario? e 2) Foi reducida a locución a unha unidade mínima que a segue facendo recoñecible como unidade cun sentido traslaticio determinado ou, pola contra, impide a devandita redución identificar o significado? Como veremos, ambas as cuestións están directamente relacionadas coa información que ofrece o *definiens*, sobre todo, dende o punto de vista da fraseografía bilingüe de descodificación.

En relación co segundo aspecto, Morvay (2006:391-392) critica que no DFDEA algunhas locucións fosen reducidas á súa forma mínima e agrupadas nunha mesma entrada como se de acepcións dunha mesma locución se tratase. Tal é o caso de *en blanco*: con esta forma mínima no lema, os autores do DFDEA (2004:188) irmandan locucións de significado tan dispar como *poner los ojos en blanco*, *pasar la noche en blanco* ou *quedarse en blanco*. A nosa maneira de proceder é tan práctica como pragmática: ante a posibilidade ou a necesidade (por cuestións de técnica fraseográfica) de reducir unha locución a unha forma mínima, preguntámonos se a devandita forma segue sendo asociable co significado da locución: por exemplo, a unidade fraseolóxica *sin consuelo*, nunha das súas acepcións, a cal denota a intensidade dun sentimento de tristeza ou estado anímico semellante, pode ser adxectiva, tal como nos amosa a rede: *tristeza sin consuelo*; *palabras sin consuelo* ou adverbial: *llorar sin consuelo*; *comenzó a gritar sin consuelo y con gran desesperación*; *penar sin consuelo* e acompaña, nestas funcións, a substantivos e verbos diversos. Esta locución, nesta acepción que tratamos aquí, non significa que ninguén console a persoa aflixida, senón que a tristura desta é tan grande que todos os esforzos por consolala serán inútiles. Un lema do tipo *llorar sin consuelo* sería, en principio, máis fácil de entender, pero reduciría as posibilidades de uso. Neste caso, opinamos que a locución é identificable nesta forma reducida, polo

que a presentamos así. En cambio, non nos parece viable presentar *a jarros* como locución adverbial, tal como o fan Seco et al. (2004:558), xa que para identificar o significado desta unidade cómpre o uso do verbo *llover*, polo que non consideramos suficiente, nin convincente, dar esta información na acoutación da unidade, e non no lema. Na nosa opinión, non se podería escoller *a jarros* como título a secas para un cadro no que se vise chober torrencialmente, por exemplo. A nosa entrada reza: “***llover a jarros*** (verb. Ph.): ***wie aus Kübeln gießen***. *Cuando nos despertamos, estaba lloviendo a jarros y se nos había inundado el garaje. Als wir aufwachten, goss es wie aus Kübeln, und die Garage stand unter Wasser*”. En xeral, na investigación fraseográfica criticase e considérase unha falta de sistematicidade (Morvay 2006:387) o feito de que algúns dicionarios recollan unha unidade como verbal –por exemplo, *dársele/importarle u. p./u. c. un ardite a alguien*, figura como lema no DFEM (1994: 14)– e outros como adverbial –*un ardite*, figura como lema no DFDEA (2004:153)–. En diversos libros e artigos, o lector atopará esta esixencia de uniformidade en todo o que respecta á fraseografía en xeral. Nós non consideramos que este tipo de crítica ou de esixencia sexa xusta nin pertinente. Cada fraseógrafo ten as súas propias conviccións científicas e o único que importa é que aplique o seu sistema da maneira máis consecuente posible<sup>16</sup>.

### 3.2.2. Consecuencias definicionais da lematización

No capítulo 3.1. xa expuxemos que, ao noso parecer, cómpre explicar no lema os argumentos das locucións verbais. Agora queremos facer fincapé no feito de que a renuncia a indicar (e, de rebote, a investigar) os argumentos das locucións verbais impide, ás veces, definir ben. Así, no DFDEA o usuario le que o complemento de *minar el terreno* só pode ser “alguien”, mentres que en Internet atopamos numerosos exemplos do tipo *minar el terreno del convenio*. Se tivesemos en conta que tamén “algo” pode actuar como complemento desta locución, quedaría claro que a definición “trabajar solapadamente para desbaratar[le] los planes” é insuficiente (Torrent-Lenzen / Uría Fernández 2006:177). Do mesmo xeito, na nota 14 a pé de páxina xa se indicou que, de acordo cos usos reais, a locución *sacar la lengua* tamén pode ter “algo (non material)” como obxecto e nesta constelación sintáctica o significado devén máis traslaticio e xa non cómpre realizar o xesto.

Á parte dos inconvenientes que pode supoñer para o *definiens*, a non inclusión dos argumentos no lema, as interrelacións entre *definiendum* e *definiens* presentan verdadeiros retos para o fraseógrafo. Consideremos algúns exemplos. En relación coa locución *escardar cebollinos*, Varela / Kubarth (1994:52) presentan, como lemas distintos “*irse u. p. a escardar cebollinos*” e “*mandar u. p. a escardar cebollinos a alguien*”<sup>17</sup>. Pola súa parte, Penadés Martínez (2002:105) cataloga só *mandar a escardar cebollinos*. A pesar diso, na Internet atopamos exemplos nos que non figuran nin *irse* nin *mandar*: *Se admiten firmas de adhesión solidaria y de protesta cívica, contra una injusticia flagrante, cometida, con alevosía y anonimato, por una peña de*

<sup>16</sup> Dicimos “da maneira máis consecuente posible” porque a heteroxeneidade do sistema fraseolóxico obriga a ser flexible.

<sup>17</sup> Obsérvese que Varela / Kubarth (1994) non diferencian entre compoñentes internos e externos.

*impresentables que mejor estarían escardando cebollinos en Bucaramanga, sin ir más lejos*<sup>18</sup>. Neste caso, logo, o lema debería ser *escardar cebollinos*, que é tal como figura en Seco et al. (2004:267), porque doutro xeito omítense posibilidades sintácticas e, por conseguinte, semánticas. O certo é que o lema *escardar cebollinos una persona* é relativamente abstracto, polo feito de representar unha unidade mínima que normalmente aparece en contextos máis amplos e máis definibles. Quizais sexa este o motivo polo que os autores do DFDEA escriben que se trata dun fraseoloxismo “vacío de significado”: “Vacío de significado, se usa para manifestar rechazo o desprecio” (Seco et al. 2004:267). Cómpre dicir que non compartimos en absoluto a opinión dos autores do DFDEA e pensamos que, se un signo lingüístico serve para manifestar desprezo ou calquera outra dimensión emotiva, non está baleiro de significado. Vemos, daquela, que unha redución do lema implica a miúdo un maior grao de abstracción no *definiens*, o cal dificulta, sen dúbida, a formulación da definición<sup>19</sup>.

Consideremos igualmente a unidade fraseolóxica *recoger con pala a alguien una persona*, a definición da cal encerra unha certa complexidade. En Seco et al. (2004: 721) é definida da seguinte maneira: “**recoger con pala**. *v (col)* Se usa para ponderar el alto grado de cansancio o agotamiento de una pers[ona].” Somos do parecer de que esta definición non é precisa dabondo, xa que unha acción que realiza unha persoa dificilmente pode corresponder a un estado, a algo tan abstracto como é o grao de cansazo. Para un dicionario bilingüe, esta solución sería insuficiente. Ademais, o problema desta locución radica en gran parte en que adoita aparecer en contextos sintácticos e semánticos máis amplos, os cales, se ben ao figuraren no lema facilitarían a definición, tamén implicarían unha redución das posibilidades combinatorias. Tal como nos amosan os seguintes exemplos do noso dicionario<sup>20</sup>, onde aparece esta locución en estruturas moi variadas, non é posible engadir verbos no lema: *Estos circuitos turísticos son para que te recojan con pala: al final acabas maldiciendo haber hecho el viaje y todo; Los viernes llego a casa que me tienen que recoger con pala, es que ni me apetece decir hola a mi familia ni tengo ánimos siquiera para comer*. Analizando os contextos nos que aparece esta expresión, poderíamos acaso formular que a locución *recoger con pala a alguien una persona* (así reza o noso lema) describe un acto reactivo que unha persoa imaxinaria (*una persona* no lema do noso

---

<sup>18</sup> Tradución proposta no noso dicionario: “Wir freuen uns über große Solidarität durch rege Teilnahme an der Unterschriftenaktion gegen eine offenkundige Ungerechtigkeit, die hinterlistig und anonym durch eine verabscheuungswürdige Clique begangen wurde, die am liebsten dahin gehen sollte, wo der Pfeffer wächst”.

<sup>19</sup> Velai a nosa definición: “mit der Wendung drückt der Sprecher Ablehnung und Verachtung gegenüber jmdm. aus”. En español sería: “con esta locución, el emisor expresa rechazo y desprecio hacia otra persona”.

<sup>20</sup> Aproximadamente un 75 % dos exemplos do noso dicionario foron extraídos de Internet (con pequenos cambios como a adxudicación dun suxeito, corrección de erros tipográficos e doutra índole, redución da extensión do exemplo etc.; se cadra non tivemos que cambiar nada nun 15% dos casos), outro 20 % son completamente inventados de acordo coa nosa intuición e o noso saber lingüísticos sobre a lingua española e o 5 % restante están inspirados ben na Internet ben, ao raro, noutras fontes (véxase Torrent-Lenzen, na prensa).

dicionario) debería realizar ante o cansazo do protagonista (*alguien* no lema do noso dicionario)<sup>21</sup>.

### 3.3 A lematización das locucións verbais no noso dicionario

No dicionario que estamos a elaborar, optamos polo seguinte sistema: nos lemas das locucións verbais indicáanse de maneira sistemática todos os argumentos (posibles obxectos e/ou suxeitos) ao mesmo tempo que, co tipo de letra (grosa fronte a non grosa), indicamos os compoñentes internos e externos. Polo demais, elaboramos un método de lematización verbal inspirado no que empregan Varela / Kubarth (1994), que diferencia entre os entes que poden actuar como suxeitos (*una persona* ou *una cosa*) e os que poden actuar como complementos (*alguien* ou *algo*)<sup>22</sup>. Exemplos de locucións verbais, segundo este modo de proceder, tal como figuran no noso dicionario, son: **haber nacido ayer una persona**, **llegar a oídos de alguien una cosa**, **echar la vista encima a alguien** [ou a algo] *una persona* o **perder de vista algo** [ou a alguien] *una persona*<sup>23</sup>. Excepcionalmente figuran outros entes, como por exemplo *una mujer* (**tener donde agarrarse una mujer**), *un proyecto* (**irse a pique un proyecto** [ou *una ilusión*]) etc. Este tipo de lematización caracterízase polo feito de que, se nas locucións verbais figura un adxectivo –ou unha forma adxectivada– acompañando ao suxeito, o adxectivo en cuestión toma a forma do feminino singular, posto que, tal como acabamos de indicar, escollemos de maneira uniforme para todo o dicionario as formas *una persona* e *una cosa* para os posibles suxeitos dunha acción; así, os lemas de tales locucións cunha palabra adxectivada seguirán o esquema **darse por aludida una persona** (no canto de *darse por aludido*), se ben na paréntese de acoutación que seguirá á locución informamos sobre a forma citativa<sup>24</sup> máis xeneralizada: “**estar bien emparentada una persona** (verb. Ph.; ugs.; übliche Nennform: **estar bien emparentado**)”<sup>25</sup>, a cal tamén figurará no rexistro. Somos conscientes de que este sistema de lematización afástase da tradición fraseográfica. Non obstante, ao noso ver,

<sup>21</sup> A nosa definición reza da seguinte maneira: “die Wendung beschreibt ein reaktives Verhalten, das ein imaginärer Situationsteilnehmer (*una persona*) auf die Müdigkeit des Protagonisten (*alguien*) zeigen sollte”.

<sup>22</sup> En relación co DFDEA e co uso que fan os seus autores da palabra *persona* fronte a *alguien* e de *cosa* fronte a *algo* nas locucións verbais, podemos afirmar que non hai sistematicidade á hora de proporcionar estes datos. Así, a unidade *dar un revolcón* é presentada con *a alguien* na primeira acepción mais con *a una persona* na segunda; a mesma arbitrariedade detéctase na adxudicación de entes para os suxeitos. Polo demais, non queda claro por que nalgunhas locucións se ofrece esta información, mentres que noutras non. O mesmo podemos observar no dicionario de María Moliner, no que, en relación coas locucións verbais, chama a atención o uso totalmente caprichoso de *persona* fronte a *alguien* e de *cosa* fronte a *algo*; compárense, por exemplo, as unidades *tener alguien buenas espaldas* e *tener una persona las espaldas cubiertas* (DUE 1998, I, 1195). O DRAE (2001) é algo máis sistemático no que á repartición de entes se refire, pero trátase de datos que só se dan de maneira esporádica.

<sup>23</sup> Na indicación dos complementos e se estes poden referirse tanto a entes [+ hum] como [- hum], por regra xeral poñemos *alguien* antes de *algo* (**echar la vista encima a alguien** [ou a algo] *una persona*); non obstante, para que o usuario entenda que no complemento directo non se conserva a preposición *a* ante *algo*, este sistema alterna con lemas do tipo **perder de vista algo** [ou a *alguien*] *una persona*.

<sup>24</sup> Véxase nota 12 a pé de páxina.

<sup>25</sup> Coa cruciña queremos facer fincapé en que o participio é adxectivado e que, polo tanto, é forma flexiva sometida á variación morfosintáctica.

ten unha indiscutible vantaxe didáctica: o usuario xermanofalante, que por regra xeral, amosa a miúdo enormes dificultades coa flexión das formas adxectivadas na súa produción de textos orais e escritos en español, verase obrigado a asimilar a variabilidade das devanditas formas no proceso de descodificación no que se verá implicado ao consultar o noso dicionario.

Malia as bondades que nós lle vemos a este sistema, está claro que tamén presenta problemas, para os cales, por suposto, encontramos solucións. O certo é que algunhas locucións quedan bastante desvirtuadas se este modo de proceder se aplica ao pé da letra (isto é, *una persona* ou *una cosa* como suxeitos e *alguien* ou *algo* como obxectos); véxase, por exemplo, o pouco natural que soa a expresión *ser una mandada una persona*. Por este motivo, optamos por un sistema flexible, de modo que utilizamos lemas do tipo *haber nacido ayer una persona* ou *echar la vista encima a alguien* [ou *a algo*] *una persona* e lemas do tipo *ser un mandado un hombre* [bzw. *ser una mandada una mujer*] ou *hacerse el contradizo un hombre* [bzw. *hacerse la contradiza una mujer*]; é dicir, aplicamos esta última alternativa sempre que entre os compoñentes internos da locución figure un substantivo flexivo en canto ao xénero acompañado dun determinante. Polo demais, tamén se dan casos nos que cómpre utilizar este tipo de lematización mixta para dar conta de todas as posibilidades de uso. Así ocorre con *disfrutar como un enano*: tendo en conta que unha muller podería dicir *disfruté como un enano* ou *disfruté como una enana* (puidemos comprobar estes usos na Internet), no lema haberá que poñer “*disfrutar* [o. ä. V.] *como un enano una persona* (verb. Ph.; ugs.; VAR.: *disfrutar* [o. ä. V.] *como una enana una mujer*)”.

Obsérvese que utilizar *una persona* ou *una cosa* para o obxecto e *alguien* ou *algo* para o suxeito –isto é, ao revés de como o facemos– implicaría problemas flexivos de semellante índole nas locucións do tipo *tener negro a alguien una persona*, que agora sería *tener negra a una persona alguien*. En contra desta alternativa, cabe tamén argumentar que as formas *una persona* e *una cosa* teñen máis peso semántico que *alguien* e *algo*, polo que a repartición *una persona* ou *una cosa* para o obxecto e *alguien* ou *algo* para o suxeito non sería axeitado, non sería unha adxudicación de entes funcionais natural e acertada.

No noso dicionario, os corchetes servirán para indicar opcionalidade, a diferenza do sistema seguido no DFDEA, obra na que os argumentos son indicados sempre entre corchetes, mentres que na acoutación se indica, eventualmente, se son elementos opcionais na oración.

### 3.4. *Desiderátums*

Está claro que na fraseografía bilingüe o fraseógrafo deberá afrontar non só dificultades que xorden a raíz do bilingüismo da obra que escribe, e/ou específicas do par de linguas que trata, senón tamén problemas que atinxen á fraseografía da lingua de partida en xeral. Imos mencionar aquí algúns *desiderátums* relacionados coa lematización.

No campo da fraseoloxía e fraseografía españolas queda aínda moito que facer no que se refire á investigación dos posibles argumentos como compoñentes externos, porque aínda que os dicionarios de Varela / Kubarth, o de Penadés, e tamén o noso cando estea terminado, entre outros, intentan dar resposta sistemática a esta cuestión, a falta dunha tradición dificulta ás veces a solidez dos datos. Unha das cuestións pendentes, ao noso modo de ver, é analizar se o trazo semántico [+ hum] ou [- hum] en relación cos posibles compoñentes externos de determinadas locucións xustifica realmente a súa inclusión no lema. Poñamos por caso a locución *hacer acto de presencia*, para a cal atopamos exemplos na Internet que indican a posibilidade de que o suxeito (compoñente externo) non sexa humano: *La nieve hizo acto de presencia en nuestra localidad*. Debemos indicar, neste caso, que o suxeito tamén pode ser unha cousa? Ou trátase dunha metaforización posible e acaso frecuente dunha acción que, en principio, esixe un suxeito coa característica [+ hum]? Nós decidímonos por esta segunda opción, polo que na paréntese de acotación que segue ao lema indicamos: “(in metaphorischer Verwendung (Personifikation) kann das Subjekt auch *una cosa* sein)”<sup>26</sup>.

A indicación e integración dos argumentos no lema comporta outros problemas pouco aclarados na fraseografía española. Un deles é a eventual introdución do pronome átono do dativo *le* no lema. Morvay (2006:387) comenta que no DFDEA (Seco et al. 2004:163-164) figura *llamar la atención a alguien* no canto de *llamarle la atención a alguien*, malia que o usuario tamén atopa lemas do tipo “**salirle del alma** [algo a alguien]” na mesma obra. Certamente, no DFEM (Varela / Kubarth 1994:17) figura “**llamar(le) u. p./u. c. la atención a/de alguien**”. Nós opinamos, en xeral, que é mellor introducir a partícula *le* no lema verbal (*salirle del alma a alguien una cosa* é o lema no noso dicionario); non obstante, consideramos que a forma *llamarle la atención a alguien* non é correcta, a pesar de que diríamos *Tuve que llamarle la atención*; é dicir, no verbo conxugado aparece o pronome *le* neste caso, pero non no infinitivo. Téñase en conta que o español é unha lingua de desenvolvemento e comprensión sintácticos progresivos –ao contrario do que ocorre co alemán, por exemplo, lingua na cal, segundo o tipo de oración, o desenlace sintáctico ten lugar ao final da mesma–, e que se empezamos a ler ou a escoitar *llamarle*... identificamos outro tipo de construción libre. O motivo radica, supoñemos, nos cambios de tipo argumental que tiveron lugar en relación co verbo *llamar*, o cal ten unha estrutura argumental específica nos sintagmas libres, que é distinta á fraseolóxica. Neste sentido, un *desiderátum* importante sería estudar, estritamente dende o punto de vista da sintaxe, a complexidade que encerra o infinitivo en relación cos argumentos nas construcións fraseolóxicas.

Tamén son importantes, ata o momento pouco estudados (Olímpio 2007:100-107; Torrent-Lenzen 2008a), os aspectos relacionados coa estrutura do lema das unidades fraseolóxicas que se usan ben nas construcións negativas, ben nas oracións nas que se suspende o valor de verdade da oración, xa que os dicionarios adoitan poñer só a partícula *no* (*no acertar [ni] una; no saber [ni] hacer la o con un canuto*), aínda que no seu lugar a miúdo –pero non sempre– poden aparecer outras partículas negativas (*nunca, nadie, sin, apenas si* etc.). Nós resolvemos este problema servíndonos da

<sup>26</sup> En español: “en su uso metafórico (personificación), el sujeto también puede ser *una cosa*”.



abreviatura “Neg.” (*no* [bzw. Neg.] *lo verán sus<sup>+</sup> ojos*; *no* [bzw. Neg.] *pegar ojo una persona*; *no* [bzw. Neg.] *saber [ni] hacer la o con un canuto una persona*; *no* [bzw. Neg.] *acertar [ni] una una persona*), a cal indica no noso dicionario que algunha palabra ou estrutura (por exemplo, na interrogación retórica ou a comparación<sup>27</sup>; isto é, non ten que figurar un *no* necesariamente) debe activar un ámbito da negación e que a locución en cuestión é de polaridade negativa<sup>28</sup>. Por suposto que no prólogo daremos explicacións ao respecto.

#### 4. A categoría gramatical das locucións

En relación coa clasificación das locucións é sabido que hai dous enfoques, os cales poden conducir a conclusións moi distintas. Por un lado, é posible clasificar as locucións dende unha perspectiva formalista e determinar a súa estrutura interna. Por outro lado, e dende un punto de vista funcionalista, as unidades fraseolóxicas son clasificadas segundo a clase de palabra pola que poden ser substituídas, isto é, segundo a súa función na oración ou no texto<sup>29</sup>. Polo menos no que ao español se refire, ambos os métodos teñen as súas limitacións dada a heteroxeneidade e a complexidade do sistema fraseolóxico. Así, por un lado, é difícil determinar a estrutura interna de locucións con palabras diacríticas<sup>30</sup> ou idiomáticas, do tipo *a troche y moche* ou *a topa tolonдро*. Por outro lado, as categorías funcionais tradicionais son insuficientes para dar cabida a todas as funcións existentes, de modo que hai discrepancias á hora de decidir a que categoría gramatical ou funcional pertencen unidades do tipo *sin embargo* (García-Page 2008:84)<sup>31</sup> ou *ni que decir tiene* (García-Page 2008:83).

De acordo con Montoro (2006:242), pensamos que no campo da fraseoloxía a perspectiva funcional é esencial, xa que o proceso de lexicalización destas estruturas supuxo que un sintagma antes libre adquirise unha función, un valor funcional como un todo, como se fose unha soa palabra. Mediante a determinación dunha categoría, o falante alemán poderá comprender que construcións de estrutura morfosintáctica tan

<sup>27</sup> Tamén pode darse o caso da negación anticipada, como ocorre no seguinte exemplo inventado: *No creo que tu abuela esté para esos trotes*.

<sup>28</sup> O tema é mencionado en Torrent-Lenzen (2008a) e será tratado polo miúdo en Torrent-Lenzen (en preparación/b). A polaridade é unha propiedade das oracións que determina o tipo de unidades que se poden utilizar nelas, de modo que non poderíamos dicir \**Dame ningún libro*, xa que non é posible utilizar unha palabra negativa (*ningún*) nunha oración afirmativa. Hai polaridade afirmativa, negativa e modal (Pérez Saldanya / Torrent-Lenzen, na prensa). En relación coa lingua francesa, Ducrot (1984: 221) opina que tamén debería falarse dunha polaridade irónica, a cal xustificaría expresións do tipo *C'est du propre!* ou *C'est du joli!*.

<sup>29</sup> A perspectiva formalista é adoptada por Espinal (2004), para quen, por exemplo, a locución catalá *a primera vista* é un sintagma preposicional (e non unha locución adxectiva ou adverbial, como habería que clasificala dende a perspectiva funcionalista), e por Schlaefer (2002:34), quen expón que *aus freien Stücken* é un sintagma preposicional (no canto dunha locución adverbial).

<sup>30</sup> Así as denominan Zuluaga (1980: 8-19) e Ruiz Gurillo (1997:75-76).

<sup>31</sup> A unidade *sin embargo* é clasificada como locución adverbial en Seco et al. (2004:416) e en Moliner (1998, vol. I:1071) e como locución conxuntiva no DRAE (2001, vol. I:876). Non obstante, está claro que as funcións de *sin embargo* non corresponden ás que nos tratados gramaticais adoitan asignarlle ao adverbio (o cal pode afectar a un verbo, a un adxectivo ou a outro adverbio) ou á conxunción, a cal representa o nexa sintáctico fundamental na oración composta, sendo así que *sin embargo* pode unir varias oracións ou incluso varios parágrafos con outras partes do discurso.

distinta como *de castigo, ligero<sup>+</sup> de cascos, hecho<sup>+</sup> una criba, como una catedral, un kilo de, que no veas e entre ceja y ceja* teñen ou poden ter unha mesma función: a saber, adxectiva<sup>32</sup>.

Nun dicionario bilingüe de descodificación, a categoría gramatical das unidades fraseolóxicas é un importante punto de enlace entre o *definiendum* e o *definiens*, xa que a equivalencia entre ambos os elementos debe ser non só semántica senón tamén sintáctica (Jesenšek 2007:277), sendo a categoría o que existe un tipo ou outro de equivalencia no plano sintáctico. Algúns dicionarios eluden esta cuestión: no de Varela / Kubarth (1994), por exemplo, non figura ningún tipo de información explícita sobre a categoría gramatical, aínda que ás veces si implícita, posto que o *definiens*, a menos que se defina mediante unha paráfrase explicativa, está estruturado segundo a categoría. Tampouco se dá indicación ningunha sobre a categoría gramatical no dicionario alemán de locucións de Drosdowski / Scholze-Stubenrecht (1998). Nós pensamos, non obstante, que a indicación da categoría gramatical é un instrumento de análise e, polo tanto, de comprensión para o usuario, ao que non queremos renunciar, malia os problemas que comporta.

No noso dicionario, *definiendum* e *definiens* deben corresponder á mesma categoría sintáctica, a menos que optásemos por definir utilizando unha paráfrase explicativa. A categoría debe axudarlle ao usuario a entender o valor funcional do *definiendum* e a estrutura do *definiens*, segundo o esquema seguinte: “*con conocimiento de causa* (adv. Ph.): aus Erfahrung [über etwas sprechen]”<sup>33</sup>.

Non imos expoñer aquí con detalle o sistema de clasificación que seguimos nin as categorías que establecemos. Ao respecto queremos sinalar que aínda non tomamos decisións definitivas en relación con moitos aspectos. Porén, si imos comentar algúns puntos nos que diferimos doutras obras teóricas ou doutros dicionarios.

Na nosa opinión, existen locucións con función oracional dentro do marco máis amplo que constitúe o texto<sup>34</sup>. No noso dicionario falamos de *satzwertige Phraseologismen*. Tal como a definimos nós, unha unidade fraseolóxica oracional (ou un *satzwertiger Phraseologismus*) é aquela que, ben leva un verbo no infinitivo que, en principio, non pode ser nin conxugado nin substantivado (*oír, ver y callar*), ben leva un verbo conxugado que non pode aparecer noutras formas do paradigma verbal (*se cuenta y no se cree*), ou ben ten unha autonomía sintáctica como a ten a oración aínda que non teña unha estrutura oracional propiamente dita (*arriba los corazones*). Todas estas construcións non son consideradas verbais no noso dicionario, xa que por fraseoloxismo verbal entendemos aquel que asume a función dun verbo e na que, polo tanto, figura un verbo que pode ser conxugado. Ao respecto, a nosa opinión difire da de García-Page e coincide en gran modo coa de Seco et al. Para García-Page (2008:92) as locucións cun verbo e co suxeito como compoñente interno (do tipo *ir la procesión por dentro*) non son verbais senón oracionais. Seco et al. (2004:664), en cambio, clasifican

<sup>32</sup> Véxase, ao respecto, o estudo de Martínez López (2008).

<sup>33</sup> Véxase en Torrent-Lenzen (2008b) unha exposición detallada do noso modo de proceder no que á estruturación do *definiens* se refire.

<sup>34</sup> Véxase un resumo das discusións ao respecto en García-Page (2008:30-31).



esta unidade baixo a categoría das locucións verbais. Dende a perspectiva bilingüe español-alemán, uns criterios como os que segue García-Page neste punto concreto serían pouco razoables, xa que locucións tan semellantes e, na nosa opinión, absolutamente equivalentes –tamén dende o punto de vista sintáctico-funcional– como son *estar con el agua al cuello una persona* e *jmdm. steht das Wasser bis zum Halse*<sup>35</sup> pertencerían a categorías distintas, se ben o único que ocorre é que a estrutura argumental é distinta. No noso dicionario *estar con el agua al cuello una persona* e *jmdm. steht das Wasser bis zum Halse* son locucións verbais<sup>36</sup>.

Pola contra, apartámonos de Seco et al. (2004) polo feito de que utilizamos unha categoría de enlace supraoracional que de momento, chamamos *conector* (*konnektorwertiger Phraseologismus*), a cal, no noso dicionario, abarca unidades do tipo *o sea* ou *sin embargo*<sup>37</sup>. Esta decisión está inspirada na proposta de Ruiz Gurillo (2004) e Montoro (2006) de introducir na investigación fraseolóxica unha nova categoría, para a cal eles utilizan o termo *locuciones marcadoras* (ou tamén *locuciones con valor de marcadores discursivos*). Por regra xeral, na investigación os conectores son vistos como unha subcategoría dentro dos marcadores discursivos. Nós apartámonos do termo proposto por eles por cuestións didácticas relacionadas coa claridade lexicográfica, xa que moitas locucións con valor de marcadores discursivos son claramente clasificables baixo as categorías adverbial, prepositiva e conxuntiva e, en tales casos, preferimos incluílas nestas clases tradicionais. Polo demais, non somos os únicos que utilizan o termo *conector* neste sentido máis amplo, tal como indica Montoro (2006: 158).

Tamén diferimos das clasificacións que aplican os autores do DFDEA en relación con unidades do tipo *dímelo a mí* ou *a mí que no me digan*, consideradas oracionais en Seco et al. (2004:364-365). Está claro que estas unidades teñen estrutura oracional, pero non gozan da autonomía semántica que, en principio, ten toda oración; ou, dito con outras palabras, trátase de unidades fraseolóxicas totalmente dependentes, semántica e pragmáticamente, do contexto e doutros membros do discurso<sup>38</sup>. Aínda non tomamos unha decisión definitiva sobre a categoría que as devanditas unidades van ter no noso dicionario, pero si sabemos que non imos asignarlles a categoría oracional. É posible que recorramos ao termo *marcadores discursivos* ou tamén que inventemos un novo

---

<sup>35</sup> O sintagma nominal *das Wasser*, ‘el agua’, cumpre aquí a función de suxeito.

<sup>36</sup> O feito de que, nunha locución verbal determinada, a posición do suxeito estea ocupada por un compoñente interno ou por un externo é, dende o punto de vista sintáctico, irrelevante. Burger (2003: 179) critica con razón que os dicionarios alemáns presenten na forma do infinitivo as locucións verbais con suxeito como compoñente externo, xa que cunha estrutura de infinitivo no alemán non se pode indicar de que tipo de suxeito se trata ([+ hum] ou [- hum]). Pero sexa cal for a forma citativa que escollamos (*jmdm. auf den Magen schlagen* ou *etwas schlägt jmdm. auf den Magen*), trátase de locucións verbais. E, se aceptamos esta premisa, onde radica a diferenza sintáctica entre as unidades *etwas schlägt jmdm. auf den Magen* e *jmdm. steht das Wasser bis zum Halse*? Por suposto que non existe ningunha.

<sup>37</sup> Véxase nota 30 a pé de páxina.

<sup>38</sup> Compárese a independencia semántica de locucións como *oír, ver y callar, se cuenta y no se cree* e *arriba los corazones* coa dependencia contextual de unidades do tipo *dímelo a mí*. As do primeiro grupo poderían utilizarse, por exemplo, como título dun artigo ou algo semellante e seguirían sendo identificadas como unidades fraseolóxicas idiomáticas. En cambio, se un texto se titulase *dímelo a mí* probablemente interpretaríamos este sintagma como construción libre.

(nestes momentos, estamos sopesando falar de *fórmulas pragmáticas*). Trátase, por certo, de unidades que, por regra xeral, non teñen equivalente acontextuado válido para o *definiens*, polo que temos que recorrer á paráfrase explicativa, co cal a cuestión da equivalencia sintáctica entre *definiendum* e *definiens* devén irrelevante nestas entradas.

No noso labor fraseográfico, unha vez que repartimos no posible as categorías tradicionais, as cales corresponden a funcións gramaticais dentro da oración, e tamén dentro do texto cando de oracións independentes se trata, vémonos na necesidade de dispoñer de dúas categorías máis: a do *conector*, que no plano do *co-texto* e de acordo coa nosa teoría conecta partes do discurso de dimensións moi variadas (por exemplo, dúas oracións con outras dúas oracións, ou varios parágrafos con outro parágrafo), e a da *fórmula pragmática* (supoñendo que optemos definitivamente por este termo), a cal, no plano do *contexto* e tamén de acordo coa nosa teoría, implica unha referencia ao acto da fala.

No noso dicionario, fixemos poucas excepcións á regra da equivalencia sintáctica entre *definiendum* e *definiens*. Tal é o caso dunha das acepcións de ***cerrar los ojos una persona***, unidade que é verbal no español, pero que no equivalente alemán é oracional<sup>39</sup>: *Augen zu und durch* (exemplo do noso dicionario xunto coa tradución: “*Si no te queda más remedio que pasar por el tubo, lo mejor es hacerlo cerrando los ojos: sin pensar, sin darle más vueltas. Wenn es keinen anderen Ausweg mehr gibt, dann hilft nur eins, Augen zu und durch, und zwar ohne Wenn und Aber*”). Téñase en conta, non obstante, que as categorías verbal e oracional son semellantes, xa que un predicado verbal (un verbo ou unha locución verbal con todos os argumentos) dispón de todos os membros necesarios para crear unha oración. Polo demais, interpretamos a fórmula *Augen zu und durch* como unha oración na que se elidiu o verbo.

## 5. Outros aspectos da microestrutura fraseográfica

Por cuestións de espazo, e a fin de non lle restar coherencia ao artigo, non tratamos aquí outros aspectos da microestrutura fraseográfica que tamén inflúen nas relacións entre lema, categoría e *definiens*. Son importantes, por exemplo, as indicacións sobre eventuais restricións de uso na acoutación da locución-guía. Poñamos por caso que a locución española sexa vulgar e que exista un equivalente no alemán, pero de rexistro coloquial. Con este problema atópamonos moi a miúdo, xa que a maneira vulgar de expresarse está moito máis xeralizada en España que nos países de fala xermánica. En tales casos, e se queremos atenernos ao principio descrito por Porto Dapena (2002:307-328), segundo o cal *definiendum* e *definiens* deben ser semánticamente conmutables, este tipo de información na acoutación suple o déficit definicional: “***de coña*** (adv. Ph.; derb): nicht ernst [gemeint]”.

Na microestrutura dun dicionario fraseográfico tamén son decisivos os exemplos, os cales, na nosa opinión, deben cumprir ante todo a función definitoria e seren, polo tanto, un complemento da definición (Torrent-Lenzen, na prensa). Opinamos que un exemplo desempeña unha función definitoria cando lle permite ao usuario, malia

---

<sup>39</sup> Véxase, anteriormente, a definición que damos á locución oracional.

descoñecer este a unidade fraseolóxica en cuestión e supoñendo que coñece o significado do resto das palabras que interveñen no exemplo, entender o significado do exemplo en xeral e da unidade fraseolóxica en particular, sen a axuda dun *definiens* ou dunha tradución (Torrent-Lenzen, na prensa)<sup>40</sup>. Na fraseoloxía bilingüe, tamén será de crucial importancia a tradución dos mesmos e a relación que se establece entre a tradución e a información acontextuada que figura no *definiens*.

## 6. Consideracións finais

Todo usuario dun dicionario agradece a exactitude e a claridade na obra que consulta, e esta esixencia será aínda maior nun dicionario bilingüe de descodificación á lingua materna. Consideramos impensable ter en conta as interrelacións entre lema, categoría gramatical e *definiens* na microestrutura dun dicionario co gallo de acadar sistematicidade e precisión. En calquera caso, un mal lema pode ser un impedimento para definir ben.

## 7. Referencias bibliográficas

- BURGER, Harald (2003<sup>2</sup>): *Phraseologie. Eine Einführung am Beispiel des Deutschen*. Berlin: Erich Schmidt Verlag.
- DOBROVOL'SKIJ, Dimitrij O. (1988): *Phraseologie als Objekt der Universalienlinguistik*. Leipzig: Enzyklopädie.
- DROSDOWSKI, Günther; SCHOLZE-STUBENRECHT, Werner (1998): *Redewendungen und sprichwörtliche Redensarten. Idiomatisches Wörterbuch der deutschen Sprache*. Mannheim et al.: Dudenverlag.
- DUCROT, Oswald (1984): *Le dire et le dit*. Paris: Les Éditions de Minuit.
- EGUREN, Luis; FERNÁNDEZ SORIANO, Olga (2004): *Introducción a una sintaxis minimalista*. Madrid: Gredos.
- ENGELBERG, Stefan; LEMNITZER, Lothar (2004<sup>2</sup> [2001<sup>1</sup>]): *Lexikographie und Wörterbuchbenutzung*. Tübingen: Stauffenburg.
- ESPINAL, M. Teresa (2004): *Diccionari de Sinònims de Frases Fetes*. Barcelona / València: Universitat Autònoma de Barcelona, Servei de Publicacions / Publicacions de la Universitat de València / Publicacions de l'Abadia de Montserrat.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones*. Barcelona: Anthropos.
- HAENSCH, Günther; OMEÑACA, Carlos (2004<sup>2</sup> [1997<sup>1</sup>]): *Los diccionarios del español en el siglo XXI*. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca.
- JESENŠEK, Vida (2007): “Äquivalenz in der mehrsprachigen Phraseologie”, en HÄCKI BUHOFFER, A.; BURGER, H. (2007): *Phraseology in Motion*. Baltmannsweiler: Schneider Verlag Hohengehren. Vol. II, 275-285.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, Juan A. (2008): “Sobre la estructura morfosintáctica de las locuciones adjetivas”, en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Colocaciones*

---

<sup>40</sup> Tal como escribe Rey-Debove (1994:42), “una palabra desconocida, en un contexto de habla conocido, no recobra por ello su sentido, salvo si el contexto es definicional”.

- y fraseología en los diccionarios*. Frankfurt am Main et al.: Peter Lang, 106-116.
- MOLINER, María (1998<sup>2</sup> [1966-1967<sup>1</sup>]): *Diccionario de uso del español*. Madrid: Gredos. (DUE).
- MONTORO DEL ARCO, Esteban Tomás (2006): *Teoría fraseológica de las locuciones particulares. Las locuciones prepositivas, conjuntivas y marcadoras en español*. Frankfurt am Main et al.: Peter Lang.
- MORVAY, Károly (2006): Recensión de SECO, M. et al. (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual*, en *Estudis Romànics XXVIII*, 386-393.
- OLÍMPIO DE OLIVEIRA SILVA, Maria Eugênia (2007): *Fraseografía teórica y práctica*. Fráncfort del Meno et al.: Peter Lang.
- PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2002): *Diccionario de locuciones verbales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco Libros.
- (2002-2003): “La elaboración del Diccionario de locuciones verbales para la enseñanza del español (DICLOCVER)”, en *Revista de Lexicografía IX*, 97-129.
- (2005): *Diccionario de locuciones adverbiales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco Libros.
- (2008): *Diccionario de locuciones nominales, adjetivas y pronominales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco Libros.
- PÉREZ SALDANYA, Manuel; TORRENT-LENZEN, Aina (en prensa): “Los activadores negativos en catalán antiguo”, en *Actes du XXVe Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes, Innsbruck 2007*. Tübingen: Niemeyer.
- PORTO DAPENA, José-Álvaro (1997): “Algunas observaciones sobre el contorno de la definición lexicográfica”, en ALMEIDA, Manuel; DORTA, Josefa (eds.): *Contribuciones al estudio de la lingüística hispánica. Homenaje al profesor Ramón Trujillo*. Tomo II, Santa Cruz de Tenerife: Montesinos, 211-226.
- (2002): *Manual de técnica lexicográfica*. Madrid: Arco Libros.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Diccionario de la Lengua Española* (2001). Vixésima segunda edición. Madrid: Espasa Calpe. (DRAE).
- REY-DEBOVE, J. (1994): “La lexicografía moderna. Diccionarios Le Robert”, en *Voz y Letra V/I*, 31-45.
- RUIZ GURILLO, Leonor (1997): “Aspectos de fraseología teórica española”, en *Cuadernos de Filología. Anejo 24*. Valencia: Universitat de València.
- (2004): “Las locuciones marcadoras del español: análisis y aplicaciones”, en ALMELA, R.; RAMÓN TRIVES, E.; Wotjak, Gerd (eds.): *Fraseología contrastiva*. Murcia: Publicaciones de la Universidad de Murcia, 241-257.
- SCHLAEFER, Michael (2002): *Lexikologie und Lexikographie. Eine Einführung am Beispiel deutscher Wörterbücher*. Berlín: Erich Schmidt Verlag.
- SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia; RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*. Madrid: Aguilar.

71. **ó leilán**<sup>31</sup>. Descubierito (5a,360). [1973: LEILÁN. O leilán: A la intemperie].
72. **pián, pián**<sup>32</sup>. Poco a poco (15,247). [1973: PIÁN, PIÁN. Pouco a pouco].
73. **sin ton nin son**. Sin orden ni concierto (6a,373).
74. **\*el año pasado**. Siempre se dice en castellano, y no "o ano pasado", en gallego (07,106).
75. **andar a facenda arraiada**<sup>33</sup>. Cuando come con fruición, en

<sup>21</sup> *Inda che lle bota aceite ó lume pra que se encenda mais.*

<sup>22</sup> *Mirarlle coma o gato á sardiña.*

<sup>23</sup> *Por a pan pedir.*

<sup>24</sup> *Por a parir.*

<sup>25</sup> *Por de vólta e média.*

<sup>26</sup> *Regañou os dentes.*

<sup>27</sup> *Ter mau de unha cousa.*

<sup>28</sup> *Val-o que pesa.*

<sup>29</sup> *A rupi-i-apélo.*

<sup>30</sup> *Nin-o fixo nin farrapos de gaitas.*

<sup>31</sup> *Ó leilán.*

<sup>32</sup> *Pi-i-án, pi-i-án.*

<sup>33</sup> *Andar a facenda arra-i-ada.*

- el monte, separados los animales unos de otros sin otra preocupación que comer, es decir, tranquilos (1a,301).
76. **andar á gambernia**<sup>34</sup>. De vago, divirtiéndose (1a,300).
77. **andar a gamusinos**<sup>35</sup>. Andar a golpes (1a,308). [1973: ANDAR A GAMUSINOS. Andar de diversión].
78. **andar a velas vir**<sup>36</sup>. Sin un céntimo (1a,307).
79. **andar com'a pita sin os pitos**<sup>37</sup>. Triste por una persona ausente (01,13). [1973: ANDAR COMA A PITA SIN OS PITOS. Acharse triste por ausencia de alguén].
80. **andar con rendibús**. Andar con cerimonias (1a,306). [1973: ANDAR CON RENDIVÚS. Mostrarse tan pracenteiro que anoxa].
81. **andar êlas**. Empatados en el juego. Cuando en una riña no hay vencedor ni vencido (1a,309). [1973: ANDAR ÊLAS. Empatar. Non haber vencedor nin vencido].
82. **andar ós caldos feitos**<sup>38</sup>. Comer donde se lo ofrecen (1a,305). [1973: ANDAR ÓS CALDOS FEITOS. Comer onde llo dan].
83. **avezou a vella os veldros**<sup>39</sup>. Se tomó gusto (02,29e).
84. **descubrir un santo por tapar outro** (06,86).
85. **dun pau, matar dúas lebres**<sup>40</sup> (06,88).
86. **ese non oie o cuco**<sup>41</sup>. No llega a la primavera (3a,319b). [1973: NON OÍR O CUCO. Morrer logo].
87. **esperar pola coiracha**<sup>42</sup>. Esperar sentado; es decir, por lo que no llega (06,97). [1973: AGUARDAR POLA COIRACHA. Agardar un acontecemento que non vai a ter lugar].
88. **estar coma uña e carne** (06,89).
89. **estar levado do demo**. Estar en desgracia; También se dice cuando uno hace una cosa fuera de la Ley o de costumbre (2a,316).
90. **estar o capador encima da cocha**. Se dice cuando alguien está haciendo una cosa y otra persona le pone defectos, dando a entender que aún no ha terminado y los puede corregir (06,93).
91. **facer a volta** (3a,328a).
92. **facer boa feira**. Hacer buen negocio (3a,325).
93. **facerlle a rosca**. Tratar de conquistar una mujer (3a,323). [1973: FACERLLE A ROSCA. Rondar ónha moza].
94. **facerlle as beiras**. Tratar de conseguir una cosa, conquistar una mujer (3a,322). [1973: FACERLLE A BEIRA. Rondar ónha moza].
95. **facerlle as páscoas** (3a,324). [1973: FACERLLE AS PÁSÇOAS. Matar unha persoa ou animal].
96. **fuma en pipa**. Se dice encomiando a una persona por su riqueza, méritos o abolengo (07,109a). [1973: FUMA EN PIPA! Persoa rica ou de muta categoría].

<sup>34</sup> *Andar á gambernia.*

<sup>35</sup> *Andar á gamusinos.*

<sup>36</sup> *Andar á velas vir.*

<sup>37</sup> *Andar com-a pita sin-os pitos.*

<sup>38</sup> *Andar ós caldos feitos.*

<sup>39</sup> *Avezóu a vella os veldros.*

<sup>40</sup> *De un pau matar duas lébres.*

<sup>41</sup> *Ese non o-i-e o cuco.*

<sup>42</sup> *Esperar pol-a coiracha.*

97. **ir á tuna**<sup>43</sup>. A divertirse (4a,350).
98. **leva-la cesta**<sup>44</sup>. Acompañar a una pareja que habla de amores (4a,354). [1973: LEVALA CESTA. Dice que leva a cesta da persoa que acompaña ónha parexa de namorados].
99. **levar boa guía**<sup>45</sup>. Se utiliza en sentido irónico. No salir bien parado, estropeado (4a,352). [1973: LEVAR BOA GUÍA. Estropearse].
100. **morrer á míngo**<sup>46</sup>. Sin cuidados (09,131).
101. **non haber pan partido**. Llevar gran amistad (09,142).
102. **non hai can que lle ladre**. Se dice de una persona que presume de ir bien vestida (09,141). [1973: NON HABER CAN QUE LLE LADRE. Ir feito un brazo de mar].
103. **non lle ando con dimes nin \*diretes**. Sin contemplaciones (4a,356).
104. **non lle cabe nada no peito**. Es incapaz de guardar un secreto (4a,355). [1973: NON LLE CABE NADA NO PEITO. Non sabe gardar un secreto].
105. **non ten mau de si**<sup>47</sup>. No se tiene en pie (4a,357). [1973: NON TER MAU DE SÍ. Estar mui débil].
106. **non ten un alifaz**<sup>48</sup>. No tiene manchas. Está intacto, íntegro (4a,358). [1973: NON TER UN ALIFAZ. Non ter un soio defeuto].
107. **parir a porca cadelos**<sup>49</sup>. Salir las cosas mal (15,241). [1973: PARIR A
- PORCA CADELOS. Non saír as cousas como se pensa].
108. **pintar ben unha cousa**. Ser favorable (5a,363).
109. **poder dar cun canto nos queixos**. Poder darse por satisfecho (5a,361). [1973: PODER DAR CUN CANTO NOS QUEIXOS. Poder darse por satisfeito].
110. **rabear pola peneira**<sup>50</sup>. Desesperarse por no poder conseguir algo (5a,364b).
111. **remanga-la mau**<sup>51</sup>. Levantarla en ademán de pegar (5a,367). [1973: REMANGALA MAU. Erguer a mau co aceno de bater].
112. **requicha o rabo**. No deja hacer lo que uno quiere (5a,364a). [1973: REQUICHALO RABO. Desobedecer].
113. **roer cuaños**. Estar acompañando a una pareja que habla de amores (6a,369). [1973: CUAÑOS. Roer cuaños: Estar ó lado dunha parexa de nemorados, escutándolle a conversa].
114. **roer o zorrolo**. Estar acompañando a una pareja que habla de amores (6a,368). [1973: ROER O ZORROLLO. Roer cuaños].
115. **saír por viño portugués**. No salir una cosa de la calidad que se esperaba por su precio (16,262). [1973: SAÍR POR VIÑO PORTUGUÉS. Saír má unha cousa cando se pensaba que era do millor].
116. **ter a porta suchouza**<sup>52</sup>. Tenerla entreabierta (17,273). [1973: ESTAR A PORTA SUCHOUSA. Estar a porta entreaberta. (C. da S., Conso)].

<sup>43</sup> *Ir á tuna.*

<sup>44</sup> *Leval-a cesta.*

<sup>45</sup> *Levar boa guía.*

<sup>46</sup> *Morrer á míngo.*

<sup>47</sup> *Non tén mau de si.*

<sup>48</sup> *Non tén un alifaz.*

<sup>49</sup> *Parir a pôrca cadelos.*

<sup>50</sup> *Rabear pol-a peneira.*

<sup>51</sup> *Remangal-a mau.*

<sup>52</sup> *Ter a pôrta suchouza.*

117. **ter o peito estreito**. Ser incapaz de guardar un secreto (6a,378). [1973: TER O PEITO ESTREITO. Non saber gardar un secreto].
118. **tirar pola \*lengua**<sup>53</sup>. Hacer hablar (6a,376).
119. **tírase á tarrandana**<sup>54</sup>. Al desdén (17,272). [1973: TIRARSE A TARRANDAINA. Non intresarse polo que un tén que facer].
120. **tomar a requêsta**<sup>55</sup>. Exigir explicaciones (17,277).
121. **traelo coma os ovos en peneira**<sup>56</sup>. Manejar una cosa con sumo cuidado. Tratar a una persona con todas las consideraciones (17,275). [1973: TRAELO COMA OS OVOS NA PENEIRA. Tratar ónha persoa con mutos miramentos].
122. **vir os do monte a'scorrexar os da casa**<sup>57</sup>. Se dice cuando uno se mete en lo que no le importa (18,289). [1973: VIR OS DO MONTE A ESCURRIZAR OS DA CASA. Meterse un no que non lle importa].
123. **xa sabe onde lle manca o zapato**. Bien sabe lo que trae entre manos (18,298).
124. **\*salir a Páscoa á \*viernes**. Salir mal una cosa (16,256).
- (02,29c). [1973: ALÉ? Ten as variantes LE? e ELÉ? Equival a ¿E VERDAI?].
127. **Ande a \*lengua i-as maus quedas**<sup>59</sup> (03,34b). [1973: ANDE A LENGUA IAS MAUS QUEDAS. Falar o que se queira pro non tocar].
128. **Bótalle graú!**<sup>60</sup>. No vengas con cuentos (2a,311).
129. **Cuando tu naciche, xa eu arrabuñaba** (04,59).
130. **Deste carneiro non se rapa outra la**<sup>61</sup> (06,83).
131. **Gracias á galla**<sup>62</sup>. Gracias a su ingenio (08,112).
132. **Hai días á mau**<sup>63</sup>. "Hay días dichosos", si salen las cosas bien. "Hay días fatales", si salen mal (4a,349).
133. **Ó que non quer caldo, sete tazas**<sup>64</sup> (11,169).
134. **Pergúntalle a Mateu, que minte coma eu**<sup>65</sup> (15,244).
135. **Poucas son as malas fadas**. Poco falta; hablando de cosas desagradables (5a,362). [1973: POUCAS SON AS MALAS FADAS. Pouco nos queda que penar].
136. **Predícame, cura, predícame, flaire; por un oído me entra e pol'outro me \*sale**<sup>66</sup> (14,231).

## Fórmulas

125. **á fe**<sup>58</sup>. De verdad, juramento (02,29b). [1973: A FÉ. De veras, de verdái. [Carr.da S.]].
126. **alé?, le?, elé?.**¿Verdad? Seguramente viene de "el é"

<sup>53</sup> *Tirar pol-a lengua.*

<sup>54</sup> *Tírase á tarrandana.*

<sup>55</sup> *Tomar a requêsta.*

<sup>56</sup> *Traélo coma os ovos en peneira.*

<sup>57</sup> *Vir os do monte a-scorrexar os da casa.*

<sup>58</sup> *Á fê.*

<sup>59</sup> *Ande a lêngua i-as maus quedas.*

<sup>60</sup> *Bótalle graú!*

<sup>61</sup> *De este carneiro non se rapa outra lâ.*

<sup>62</sup> *Gracias á galla.*

<sup>63</sup> *Hai dias á mau.*

<sup>64</sup> *Ó que non quer caldo, sete tazas.*

<sup>65</sup> *Pergúntalle a Matêu que minte coma eu.*

<sup>66</sup> *Predícame cura, predícame flaire; por un oído me entra e pol-outro me sale.*

137. **Quen o collera onde pare a loba**<sup>67</sup> (15,250). [1973: QUEN O COLLERA ONDE PARE A LOBA! Denota desexo de algunha cousa].
138. **Róncallo o nabo**. Se dice en son de elogio: Es de mal gusto (5a,366).
139. **S'eres home, ve acá; s'eres araña, tent'alá**<sup>68</sup>. *Araña*: en el dialecto se dice arañón; esta palabra, araña, sería tomada del castellano (16,257).
140. **Tal che é Pedro coma Xan**. Tan honrado es uno como el otro (7b,382).
141. **Total, patatas sin sal**. En resumen, nada (17,278).
142. **Vaiche na misa!**<sup>69</sup>. Exclamación de incredulidad. O también como dándose por enterado de lo que dicen como cosa ya vieja (18,290). [1973: VAICHE NA MISA. Eso xa se sabe fai tempo].
143. **Zúmballe o merequetén!** ¡Se precisa cinismo! (7b,385). [1973: ZÚMBALLE O MEREQUETÉN! Parece increíble].
144. **\*Dios creza o pan no forno i-ô ben polo mundo todo**<sup>70</sup> (05,72).
145. **\*Dios che valia**. Dios te ayude (2a,315).
147. **Orates frates; non queiras tratos con rapaces** (11,164).
148. **Tía, tía, da manga \*vacía, chámolle tía pra que me día**<sup>71</sup> (17,280).
149. **Tíu das calzas bermellas, conte as súas e deixe as alleas**<sup>72</sup> (17,283).
150. **Unha vella i-on cesto e non sei máis desto**<sup>73</sup> (17,286).

### Wellerismos

151. **As berzas dicen: -Calcaime ben a terra**<sup>74</sup> (03,29f).
152. **Cando a i-auga falou: -Os que quero ver son os de dentro que os de fóra segúro-los teño**<sup>75</sup> (04,61).
153. **Dice o pan: -Seméntame no po e de min non teñas dó**<sup>76</sup> (05,77).

### Dialogismos

154. **Castaña rapada que estás no camiño, deixa o teu amo e vente comigo**<sup>77</sup> (04,60).
155. **Díxolle o millo á liñaza: - Cálate cadela \*salida que ós tres días de \*sembrada xa estás nacida. I-ela respondeu: -**

### Frases proverbiais

146. **Gracias a \*Dios que cocemos tres panochiños e cuatro debemos** (08,113).

<sup>67</sup> *Quen-o collera onde pare a loba.*

<sup>68</sup> *S-eres home vé acá, s-eres araña tent-alá.*

<sup>69</sup> *Vaiche na misa!*

<sup>70</sup> *Dios creza o pan no forno i-ô ben pol-o mundo todo.*

<sup>71</sup> *Tía, tía, da manga vacía, chámolle tía pra que me día.*

<sup>72</sup> *Tíu das calzas bermellas, conte as súas e deixe as alleas.*

<sup>73</sup> *Unha vella i-on cesto, e non sei mais de esto.*

<sup>74</sup> *As berzas dicen: calcáime ben a terra.*

<sup>75</sup> *Cando a i-auga falôu: Os que quero ver son-os de dentro que os de fora seguro-los teño.*

<sup>76</sup> *Dice o pan: Seméntame no pô e de min non teñas dó.*

<sup>77</sup> *Castaña rapada que estás no camiño deixa o teu amo e vente comigo.*

**Cálate morrión que estás oito días debaixo do terrón**<sup>78</sup> (05,76).

156. **Díxolle o millo á liñaza: - Cálate presumida, que ós tres días xa estás nacida-. Ela respondeu: -Pra eso tu, \*perezoso, que tardas oito días en saír de debaixo do foxo**<sup>79</sup> (05,80).

### Refráns

157. **A boa fame non hai mau pan** (03,34c).
158. **A cabalo regalado non se lle mira o dente** (01,03).
159. **A cabra da miña veciña sempre dá máis leite cá miña**<sup>80</sup> (01,12).
160. **A cabra viciosa dá cos cornos no cu**<sup>81</sup> (02,23).
161. **A can vello non hai tustús** (02,25).
162. **A cocha, lombo; i-o cocho, fondo**<sup>82</sup> (02,24b).
163. **A fame i-o friu fan meter a un na casa do enemigo** (03,34a).
164. **A gata rubia, según as fai así as cudia**<sup>83</sup> (03,30).

165. **A i-auga de agosto tolle o viño e non dá magosto**<sup>84</sup> (02,19b).

166. **A i-auga de agosto, nin nabo nin magosto**<sup>85</sup> (02,21).
167. **A i-auga de San \*Juan tolle o viño e non dá pan**<sup>86</sup> (02,18).
168. **A i-auga de Santa Mariña na meda fai fariña** (02,19a).
169. **A letra con \*sangre entra** (01,01).
170. **A morrer Marta, que morra farta**<sup>87</sup> (01,08).
171. **A muller que non come co seu marido, o millor da ola xa o ten lambido**<sup>88</sup> (01,10).
172. **A muller que queira ver o home morto que lle día en agosto berzas do horto**<sup>89</sup> (7a,392).
173. **A ningún boi escornón lle falta unha cornada** (02,24a).
174. **A pan duro, dente agudo**<sup>90</sup> (03,34d).
175. **A pita de aldeia, se non come, esgarabella**<sup>91</sup> (01,07).
176. **Á pita i-á vaca polo fociño lle entra a nata**<sup>92</sup> (01,05).
177. **A pita que na aldeia fica, se non come, sempre pica**<sup>93</sup> (01,11).

<sup>78</sup> *Díxolle o millo á liñaza: -Cálate cadela salida que ós tres días de sembrada xa estás nacida. I-ela respondeu: -Cálate morrión que estás oito días debaixo do terrón.*

<sup>79</sup> *Díxolle o millo á liñaza: -Cálate presumida, que ós tres días xa estás nacida-. Ela respondeu: Pra eso tú, perezoso, que tardas oito días en saír de debaixo do foxo.*

<sup>80</sup> *A cabra da miña veciña sempre da mais leite qu-a miña.*

<sup>81</sup> *A cabra viciosa dá cos cornos no cú.*

<sup>82</sup> *A cocha lombo, i-o cocho fondo.*

<sup>83</sup> *A gata rubia, según as fái así as cudia.*

<sup>84</sup> *A i-auga de Agosto tolle o viño e non da magosto.*

<sup>85</sup> *A i-auga de Agosto, nin nabo nin magosto.*

<sup>86</sup> *A i-auga de San Juan tolle o viño e non da pan.*

<sup>87</sup> *A morrer Marta que morra farta.*

<sup>88</sup> *A muller que non come co seu marido, o millor da ola xa o tén lambido.*

<sup>89</sup> *A muller que queira ver o home morto que lle día en Agosto berzas do horto.*

<sup>90</sup> *A pan duro dente agudo.*

<sup>91</sup> *A pita de alde-i-a se non come esgarabella.*

<sup>92</sup> *Á pita, i-a vaca, pol-o fociño lle entra a nata.*

<sup>93</sup> *A pita que na alde-i-a fica, senon come sempre pica.*

178. **A pita que na casa habita sempre pica** (02,29a).
179. **A quen cose i-amasa, non se lle furte a \*hogaza** (03,36).
180. **A raposa pode perde-lo rabo pero non perde as mañas**<sup>94</sup> (01,04).
181. **A santos non ofrezas nin a rapaces prometas**<sup>95</sup> (02,29d).
182. **A sarna con gusto non pica, anque mortifica** (01,06).
183. **Aire do norte, nin pesca no riu nin caza no monte**<sup>96</sup> (01,16).
184. **Amentando a Roma, logo asoma** (01,09).
185. **Ano de cenceno, ano de \*centeno** (02,20).
186. **Arde a casa, quantar êla** (03,37). [1973: ARDE A CASA? ¡QUENTARSE ÉLA! Aproveitarse das circunstancias].
187. **As mulleres i-as vacas, de primeiras, sempre \*engañan**<sup>97</sup> (7a,391).
188. **As mulleres tolas cambéan o pan polas olas**<sup>98</sup> (01,02).
189. **As \*Navidades onda \*tus \*mujeres \*y-el Entrudío por onde \*pudieres**<sup>99</sup> (03,35).
190. **Besta grande, ande ou non ande** (03,40).
191. **Boa pata e boa orela, \*señal de boa besta** (03,41).
192. **Boi e marrau, a barriga \*hasta o chau**<sup>100</sup> (03,39b).
193. **Burra prestada, ou coxa ou amatada** (03,42).
194. **Burras de herba, burras de m[erda]** (03,39a).
195. **Cada roca seu fuso i-en cada terra seu uso**<sup>101</sup> (04,56).
196. **Cada un fala da feira asegún lle vai nela**<sup>102</sup> (03,46).
197. **Cada un ten o mêdo que quer** (04,57).
198. **Cada un tira polo seu pra que lle creza**<sup>103</sup> (04,50).
199. **Carne de peito, muto gusto e pouco porveito**<sup>104</sup> (04,65).
200. **Centeo temporau, ou en palla ou en grau**<sup>105</sup> (04,51).
201. **Cochos de herba, cochos de merda** (03,44).
202. **Comer e rascar, todo é empezar**<sup>106</sup> (03,48).
203. **Comprar sin poder, vender sin querer** (04,58).
204. **Con rapaces e galochos non quer o demo tratos** (03,45).
205. **Cuando a folla do amieiro verdega no rigueiro, muxe cabreiro** (04,67).

<sup>94</sup> *A raposa pode perdel-o rabo pero non perde as mañas.*

<sup>95</sup> *A santos non ofrezas, nin a rapaces prometas.*

<sup>96</sup> *Aire do norte, nin pesca no riu nin caza no monte.*

<sup>97</sup> *As mulleres i-as vacas de primeiras sempre engañan.*

<sup>98</sup> *As mulleres tolas, cambéan o pan pol-as olas.*

<sup>99</sup> *As Navidades onda tus mujeres; y-el Entrudío por onde pudieres.*

<sup>100</sup> *Boi e marráu a barriga hasta o chau.*

<sup>101</sup> *Cada roca seu fuso, i-en cada terra seu uso.*

<sup>102</sup> *Cada un fala da feira asegún lle vai n-ela.*

<sup>103</sup> *Cada un tira pol-o seu pra que lle creza.*

<sup>104</sup> *Carne de peito muto gusto e pouco porveito.*

<sup>105</sup> *Centeo temporáu ou en palla ou en grau.*

<sup>106</sup> *Comer e rascar todo é empezar.*

206. **Cuando a folla do bedulo é com'on duro, muxe de duro**<sup>107</sup> (05,68).
207. **Cuando a pita pica o galo, sinal de bon ano** (03,47).
208. **Cuando a \*luna de marzo é tronada, sementa o liño na fraga** (04,55).
209. **Cuando búsque-la \*novia non a busques na romaría, búscaa na casa dos seus pais na roupa de cada día**<sup>108</sup> (04,66).
210. **Cuando dan a cabritiña, acudir cua baraciña** (04,63).
211. **Cuando meu pai vivía: ¡atrás, atrás!; agora que morreu: ¡adiante, adelante!** (04,49).
212. **Cuando o can quer a cadela, muta farela**<sup>109</sup> (04,64).
213. **Cuando se fala no rei de Roma, logo asoma** (04,62).
214. **Cuanta máis présa, máis vagar**<sup>110</sup> (04,52).
215. **Chova en abril e maio, aunque non chova en todo o ano** (05,69).
216. **De casta lle vén ó galgo de ter o rabo largo**<sup>111</sup> (05,71).
217. **De modo e de maneira, que o que non ten pan, escúsache peneira** (06,87).
218. **De morrer, que morra meu pai que é máis vello**<sup>112</sup> (05,78).
219. **De onde hai, sempre sai**<sup>113</sup> (06,84).
220. **De ruín madeira, non pode saír bon pau**<sup>114</sup> (06,85).
221. **Debe terlle tanto medo o fillo á mai, como o salpedrés á xeitada**<sup>115</sup> *Salpedrés* = granizo (05,70).
222. **Decrúa en maio e bima en San \*Juan e collerás pan**<sup>116</sup> (05,74).
223. **Decrúa tarde, alpallón seguro** (05,79).
224. **Desde o San Xoán ao Santiago, \*Dios nos libre dun nublado**<sup>117</sup> (05,75).
225. **Dous lobos òn can, logo o paparán** (05,82).
226. **En abril morren as abellas, que non son as ovellas**<sup>118</sup> (06,99).
227. **En abril morren as flacas, mais son as abellas que non son vacas** (07,100).
228. **En abril, augas mil**<sup>119</sup> (06,91).
229. **En maio, queima a vella o tallo i-en San \*Juan, o escano**<sup>120</sup> (06,92).

<sup>107</sup> *Cuando a folla do bedulo é com-on duro, muxe de duro.*

<sup>108</sup> *Cuando búsquel-a novia non-a busques na romari-i-a, busca-a na casa dos seus pais na roupa de cada di-i-a.*

<sup>109</sup> *Cuando o can quer-a cadela, muta farela.*

<sup>110</sup> *Cuanta mais presa mais bagar.*

<sup>111</sup> *De casta lle ven ó galgo de ter o rabo largo.*

<sup>112</sup> *De morrer, que morra meu pai que é mais vello.*

<sup>113</sup> *De onde hai, sêmpre sai.*

<sup>114</sup> *De ruín madeira non pode sair bon pau.*

<sup>115</sup> *Debe terlle tanto medo o fillo á mai, como o salpedrés á xe-i-ada.*

<sup>116</sup> *Decrúa en Maio e bima en San Juan, e collerás pan.*

<sup>117</sup> *Desde o San Xoan ao Santiago Dios nos libre de un nublado.*

<sup>118</sup> *En Abril morren as abellas, que non son as ovellas.*

<sup>119</sup> *En Abril augas mil.*

<sup>120</sup> *En Maio queima a vella o tallo, i-en San Juan o escano.*



230. **En Santos cata a neve polos cantos; en San Andrés \*en tu puerta la veréis**<sup>121</sup> (07,105).
231. **Entre primos i-\*hermanos, non méta-las \*manos**<sup>122</sup> (07,101).
232. **Escuta muto e fala pouco** (06,98).
233. **Febreiro, ferverexeiro**<sup>123</sup> (07,109b).
234. **Fun á casa alleia i-avergonçeime, volvín á miña e governeime**<sup>124</sup> (07,108).
235. **Grau a grau enche a galiña o papo.** *Galiña*: Esta palabra no es propia de la comarca; se dice *pita* (07,111).
236. **Guarda pan pra maio i-herba pra San \*Juan**<sup>125</sup> (07,110).
237. **Hai pillos sin fortuna i-homes de ben sin ningunha**<sup>126</sup> (08,117).
238. **Hai que dar e ter pra que nos veñan a ver** (08,116).
239. **Home pequeno, fol de veneno**<sup>127</sup> (11,165).
240. **Lonxe da vista, lonxe do corazón**<sup>128</sup> (08,119).
241. **Mairo airoso, abril chuvirnos, maio pardo e San \*Juan claro; son os 4 meses que cargan o carro**<sup>129</sup> (09,130).
242. **Mairo me molla, maio me enxuga, maio me dá unha sacudidura, mais é de fame que non de fartura** (09,133).
243. **Mairo, pardo** (08,127).
244. **Máis vale maña ca forza**<sup>130</sup> (08,121).
245. **Mal ano temos se o muíño moie a bica pra Santos**<sup>131</sup> (08,126).
246. **Mal lle vai á \*zorra cuando anda ós grilos**<sup>132</sup> (09,135).
247. **Malla feita, palleiro cerrado, fóra criado**<sup>133</sup> (08,120).
248. **Mañás dulces de \*Navidá n'abril e maio as pagarás**<sup>134</sup> (08,128).
249. **Marzo airoso i-abril chuvirnos sacan a maio frocido i-\*hermoso** (08,129).
250. **Marzo, nin rabo de gato mollado** (08,125).
251. **Miña mai ten unto vello do cocho que ha de matar, tamén ten berzas no hórto das coíñas que ha plantar**<sup>135</sup> (09,134).

<sup>121</sup> *En Santos cata a neve pol-os cantos; en San Andrés en tu puerta la veréis.*

<sup>122</sup> *Entre primos i-hermanos, non metal-as manos.*

<sup>123</sup> *Febreiro ferverexeiro.*

<sup>124</sup> *Fun á casa alle-i-a i-avergonçeime, volvín á miña e goberneme.*

<sup>125</sup> *Guarda pan pra Maio i-herba pra San Juan.*

<sup>126</sup> *Hai pillos sin fortuna i-homes de ben sin ningunha.*

<sup>127</sup> *Ome pequeno, fol de veneno.*

<sup>128</sup> *Lonxe da vista lonxe do corazón.*

<sup>129</sup> *Mairo airoso, Abril chuvirnos, Maio pardo e San Juan claro; son os 4 meses que cargan-o carro.*

<sup>130</sup> *Mais vale maña qu-a forza.*

<sup>131</sup> *Mal ano temos se o muíño moie a bica pra Santos.*

<sup>132</sup> *Mal lle vai á zorra cuando anda ós grilos.*

<sup>133</sup> *Malla feita, palleiro cerrado, fóra criado.*

<sup>134</sup> *Mañás dulces de Navidá n-Abri e Maio as pagarás.*

<sup>135</sup> *Miña mai ten unto vello do cocho qu-a de matar tamén ten berzas no hórto das coíñas que ha plantar.*

252. **Morreu o can, acabouse a rabia**<sup>136</sup> (08,122).
253. **Mula que fai ¡hin! non é pra min**<sup>137</sup> (09,132).
254. **Muto e ben, non hai quen**<sup>138</sup> (08,123).
255. **Na cabeza ou nos pés, haste saír a quen es**<sup>139</sup> (09,145).
256. **Na casa alleia, se ben estás, ben esteias** (7b,387).
257. **Na casa do ferreiro, coitelo de pau**<sup>140</sup> (09,138).
258. **Na terra dos lobos, aulear coma eles**<sup>141</sup> (09,140). [1973: NA TERRA DOS LOBOS AULEAR COMA ELES. Facer coma os demás].
259. **Na terra dos ollapís, o que ten un ollo é rei**<sup>142</sup> (10,156).
260. **Nin de risas nin de veras, co teu amo non partias peras** (10,150).
261. **Ningún boi orneia pola cría**<sup>143</sup> (09,136).
262. **Nino feito, páxaro môrto** (10,153).
263. **No mes de maio, cérranse as paneiras da xente i-ábrense as das vacas**<sup>144</sup> (09,146).
264. **No tẽmpo que vira de noite e na muller que é doutro non hai que se fiar** (10,151).
265. **Non hai palleiro sin palla** (10,149).
266. **Non hai pior cuña cá da mesma madeira**<sup>145</sup> (09,137).
267. **Non hai rodeio sin paseo nin atallo sin traballo**<sup>146</sup> (10,148).
268. **Non hai romeiriño sin flor nin sábado sin sol**<sup>147</sup> (10,154).
269. **Non hai trutas cuas bragas enxutas** (09,139).
270. **Non merques a vaca sin dúas veces mirala**<sup>148</sup> (7b,390).
271. **Non se sabe de quen é a récoa \*hasta que morre o arrieiro** (10,152).
272. **Non sempre é martes de Entrudío**<sup>149</sup>. No salen siempre las cosas como uno quiere (09,143). [1973: NON SEMPRE E MARTES DE ENTRUDIO. Non sempre sain as cousas como un quer].
273. **Non te sentes nas pedras nin de risas nin de veras**<sup>150</sup> (10,147).
274. **Non todos van á misa por rezar**<sup>151</sup> (10,155).
275. **O boi pola corda i-o home pola palabra**<sup>152</sup> (10,162).
276. **O boi, dianteiro; a vaca, traseira**<sup>153</sup> (7b,389).

<sup>136</sup> *Morréu o can, acabóuse a rabia.*

<sup>137</sup> *Mula que fai hin, non é pra min.*

<sup>138</sup> *Muto e ben non hai quen.*

<sup>139</sup> *Na cabeza ou nos pés haste saír a quen ès.*

<sup>140</sup> *Na casa do ferreiro coitelo de pau.*

<sup>141</sup> *Na terra dos lobos aulear coma eles.*

<sup>142</sup> *Na terra dos ollapís o que ten un ollo é rei.*

<sup>143</sup> *Ningún boi orneia pol-a cría.*

<sup>144</sup> *No mes de Maio cérranse as paneiras da xente i-ábrense as das vacas.*

<sup>145</sup> *Non hai pior cuña qu-a da mesma madeira.*

<sup>146</sup> *Non hai rode-i-o sin sin pase-i-o, nin atallo sin traballo.*

<sup>147</sup> *Non hai romeiriño sin flor, nin sábado sin sol.*

<sup>148</sup> *Non merques a vaca sin duas veces mirala.*

<sup>149</sup> *Non sèmpre é martes de Entrudío.*

<sup>150</sup> *Non te sentes n-as pedras, nin de risas nin de veras.*

<sup>151</sup> *Non todos van à misa por rezar.*

<sup>152</sup> *O boi pol-a cõrda i-o home pol-a palabra.*

<sup>153</sup> *O boi dianteira, a vaca traseira.*

277. **O boi, por diante; a vaca, por detrás**<sup>154</sup> (7b,388).
278. **O can cego i-ô cazador coxo**<sup>155</sup> (12,188).
279. **O can que máis ladra non é o que máis morde**<sup>156</sup> (10,158).
280. **Ó can vello todas se lle volven pulgas**<sup>157</sup> (12,189).
281. **Ó catarro, darlle co xarro**<sup>158</sup> (12,192).
282. **O criado i-ô galo, \*solo un ano** (13,204).
283. **O día de Santa Cruz, moxe o cabreiro detrás da uz**<sup>159</sup> (12,190).
284. **O diñeiro d'Habana, entra pola porta e sai pola \*ventana**<sup>160</sup> (13,205).
285. **O entrecosto vai do mes de agosto**<sup>161</sup> (10,157).
286. **O falar sai dos queixos** (11,173).
287. **O fillo do lobo ten que aulear coma el**<sup>162</sup> (13,206).
288. **O gato escaldado á i-auga fría lle ten mêdo**<sup>163</sup> (14,227).
289. **O liño en San Marcos nin nacido nin no saco**<sup>164</sup> (11,178).
290. **O mular, comer ou andar** (11,172).
291. **O pan mol, de seu se engol**<sup>165</sup> (14,228).
292. **O pouco chega i-o muto acábase** (10,161).
293. **O primeiro ano é pra os páxaros** (13,211).
294. **O que a fóra vai casar, falta leva ou vai buscar**<sup>166</sup> (13,221).
295. **O que á hora non viñera, comerá do que trouxera**<sup>167</sup> (14,229).
296. **O que aforra, sempre s'alcontra con algo**<sup>168</sup> (13,213).
297. **O que anda en pleito, balsa aberta, pata lixeira e boca calada** (11,179).
298. **O que cambéa odre podre, non sei cual sairá máis podre**<sup>169</sup> (13,209).
299. **O que camisas non ha duto, costuras lle fan \*daño**<sup>170</sup> (13,223).
300. **O que co demo anda, o boi se lle esmouca**<sup>171</sup> (12,195).
301. **O que come sin grasa, come sin tasa** (11,180).
302. **O que cuas maus non pode, cos dentes acode**<sup>172</sup> (12,197).
303. **O que cuspe pra riba, na cara lle cai**<sup>173</sup> (13,210).

<sup>154</sup> *O boi por diante, a vaca por detrás.*

<sup>155</sup> *O can cêgo, i-ô cazador coxo.*

<sup>156</sup> *O can que mais ladra non é o que mais môrde.*

<sup>157</sup> *Ó can vello todas se lle volven pulgas.*

<sup>158</sup> *Ó catarro darlle co xarro.*

<sup>159</sup> *O dia de Sta. Cruz moxe o cabreiro detrás da uz.*

<sup>160</sup> *O diñeiro d-Habana, entra pol-a pôrta e sai pol-a ventana.*

<sup>161</sup> *O entrecosto vai do mes de Agosto.*

<sup>162</sup> *O fillo do lobo tén que aulear coma él.*

<sup>163</sup> *O gato escaldado á i-auga fría lle tén mêdo.*

<sup>164</sup> *O liño en San Marcos, nin nacido nin no saco.*

<sup>165</sup> *O pan môl de séu se engól.*

<sup>166</sup> *O que a fóra vai casar, falta lêva ou vai buscar.*

<sup>167</sup> *O que á hora non viñera comerá do que trouxera.*

<sup>168</sup> *O que aforra sêmpre s-alcontra con algo.*

<sup>169</sup> *O que cambéa odre podre, non sei cual sairá mais podre.*

<sup>170</sup> *O que camisas non a duto, costuras lle fan daño.*

<sup>171</sup> *O que co demo anda, o boi se lle esmôuca.*

<sup>172</sup> *O que cuas maus non pôde, cos dentes acôde.*

<sup>173</sup> *O que cuspe pra riba na cara lle cai.*

304. **O que chega tarde non oie misa nin come carne**<sup>174</sup> (11,168).
305. **O que da miña petaca fuma muto, da miña petaca pouco fuma** (11,182).
306. **O que dá o que ten antes que morra, merece que lle dían cunha cachiporra**<sup>175</sup> (12,183).
307. **O que de alto fia, o fuso lle cai i-ô cu lle asubía**<sup>176</sup> (12,202).
308. **O que de mêdo morre, de m[erda] lle fan o enterro**<sup>177</sup> (12,191).
309. **O que debe e paga, sabe o que lle queda**<sup>178</sup> (13,212).
310. **O que dos seus se desavén, cos outros non lle vai ben**<sup>179</sup> (12,198).
311. **O que é bon pra o bazo, mau pra o espiñazo** (13,214).
312. **O que en maio fênde, pan non vende** (12,193).
313. **O que fala mal dunha vaca, é que a quer mercar**<sup>180</sup> (13,220).
314. **O que guarda, sempre ten**<sup>181</sup> (12,196).
315. **O que lle \*desea mal ó veciño, êl lle vén polo camiño**<sup>182</sup> (13,222).
316. **O que muto fala, muto erra** (12,199).
317. **O que non é cego, ben vêi polo cribo**<sup>183</sup> (12,200).
318. **O que non louqueia de mozo, louqueia de vello**<sup>184</sup> (13,203).
319. **O que non mata, engorda**<sup>185</sup> (11,170).
320. **O que non pide non o oie \*Dios**<sup>186</sup> (14,226).
321. **O que non rouba nin f[ode] é porque non pode**<sup>187</sup> (12,184).
322. **O que paga e mente, a bolsa llo sente** (12,187).
323. **O que queira bon allal, que os bote en Natal** (11,176).
324. **O que queira bon alleiro, que os semente en xaneiro** (11,177).
325. **O que queira bon navieiro, bóteo no mes de xaneiro** (11,175).
326. **O que quer peixes, ten que molla-lo cu**<sup>188</sup> (12,186).
327. **O que rouba, fai por ter** (12,185).
328. **O que se arrima á \*iglesia, sempre lle toca algo**<sup>189</sup> (12,194).

<sup>174</sup> *O que chega tarde non oie misa nin come carne.*

<sup>175</sup> *O que dá o que tén antes que morra, merece que lle d[i]-an c-unha cachiporra.*

<sup>176</sup> *O que de alto fi-i-a, o fuso lle cai i-ô c[u] lle asubía.*

<sup>177</sup> *O que de mêdo m[er]re, de m[er]da] lle fan o enterro.*

<sup>178</sup> *O que debe e paga sabe o que lle queda.*

<sup>179</sup> *O que dos séus se desavén, cos outros non lle vai b[en].*

<sup>180</sup> *O que fala mal de unha vaca é que a qu[er] mercar.*

<sup>181</sup> *O que guarda s[em]pre t[en].*

<sup>182</sup> *O que lle desea mal ó veciño, êl lle vén pol-o camiño.*

<sup>183</sup> *O que non é c[ego] ben vêi pol-o cribo.*

<sup>184</sup> *O que non louque-i-a de mozo, louque-i-a de vello.*

<sup>185</sup> *O que non mata engorda.*

<sup>186</sup> *O que non pide non-o o-i-e Dios.*

<sup>187</sup> *O que non rouba, nin f[ode] é por que non p[ode].*

<sup>188</sup> *O que quer peixes t[en] que molla-lo c[u].*

<sup>189</sup> *O que se arrima á ig[lesia] s[em]pre lle toca algo.*

329. **O que se herda, non se merca**<sup>190</sup> (11,181).
330. **O que ten burro non pode ir calado; cuando ¡arre burro!, cuando mandando aquedalo**<sup>191</sup> (10,160).
331. **O que ten fillos non reventa de cheio**<sup>192</sup> (11,166).
332. **O que ten \*léngoa, vai a Roma**<sup>193</sup> (11,171).
333. **O roubado non loce**<sup>194</sup> (10,159).
334. **O vestido ó uso, os zapatos a gusto**<sup>195</sup> (12,201).
335. **Ofréceo a pez, que a cera vale cara**<sup>196</sup> (13,207). [1973: OFRECELO A PEZ QUE A CERA VAI CARA. Dar unha cousa por perdida].
336. **Onde hai forza, non hai resistencia**<sup>197</sup> (11,167).
337. **Onde ten os ovos, ten os ollos**<sup>198</sup>. Se dice del que mira con frecuencia a una persona querida (11,174).
338. **Os malos, hai que amalos, que os bois, de seu se aman**<sup>199</sup> (13,208).
339. **Óso de soá, barba untada e barriga en vao**<sup>200</sup> (14,224).
340. **Óso de soá, barba untada e barriga larega**<sup>201</sup> (14,225).
341. **Ovella que berra, bocado que perde**<sup>202</sup> (11,163).
342. **Parente rico, cata que comes** (15,243).
343. **Pitas e res, as que podías haber; cochos e vacas, as que podías manter**<sup>203</sup> (15,246).
344. **Polo mau non te mates e polo bon non te agaches**<sup>204</sup> (14,236).
345. **Polo rabo da culler, vai o gato á ola**<sup>205</sup> (14,232).
346. **Polos santos bícense as pedras; polas mozas festéxanse as vellas**<sup>206</sup> (14,233).
347. **Por muto pan, non é o ano caro**<sup>207</sup> (14,235).
348. **Pr'ôn adequiridor, sempre hai un desvalidor**<sup>208</sup> (15,248).
349. **Pra ir á festa, non se está coxo**<sup>209</sup> (15,245).
350. **Pra que haxa bullotes, en agosto arder i-ên \*setiembre beber**<sup>210</sup> (15,242).

<sup>190</sup> *O que se herda non se mërca.*

<sup>191</sup> *O que tèn burro non pode ir calado; cuando, arre burro, cuando mandando aquedalo.*

<sup>192</sup> *O que tèn fillos non reventa de che-i-o.*

<sup>193</sup> *O que ten léngoa vai a Roma.*

<sup>194</sup> *O roubado non lóce.*

<sup>195</sup> *O vestido ó uso, os zapatos a gusto.*

<sup>196</sup> *Ofréceo a pez que a cera vale cara.*

<sup>197</sup> *Onde hai forza non hai resistencia.*

<sup>198</sup> *Onde tèn os óvos tèn os ollos.*

<sup>199</sup> *Os malos hai que amalos que os bois de seus se aman.*

<sup>200</sup> *Óso de soá, barba untada e barriga en vao.*

<sup>201</sup> *Óso de soá, barba untada e barriga larêga.*

<sup>202</sup> *Ovella que bêrra, bocado que perde.*

<sup>203</sup> *Pitas e rés, as que podías haber; cochos e vacas as que podías manter.*

<sup>204</sup> *Pol-o máu non te mates, e pol-o bon non te agaches.*

<sup>205</sup> *Pol-o rabo da cullêr vai o gato á ola.*

<sup>206</sup> *Pol-os santos bícense as pedras, pol-as mozas festéxanse as vellas.*

<sup>207</sup> *Por muto pan non é o ano caro.*

<sup>208</sup> *Pr-ôn adequiridor sempre hai un desvalidor.*

<sup>209</sup> *Pra ir á festa non se está coxo.*

<sup>210</sup> *Pra que haxa bullôtes, en Agosto arder, i-ên Setiembre beber.*

351. **Prado no cima e leira no fondo**<sup>211</sup> (15,249).
352. **Probe do rato que \*solo sabe un buraco** (14,230).
353. **Quéroche muto no tẽmpo enxuto e no mollado que te leve o \*diablo**<sup>212</sup> (15,251).
354. **Rato que \*solo sabe un buraco logo o papa o gato** (15,252).
355. **Reflais de vellos, consellos pequeniños**<sup>213</sup> (15,254).
356. **Reunión de pastores, mortaldá de ovellas**<sup>214</sup> (15,253).
357. **San Miguel das uvas, tarde veis e pouco duras**<sup>215</sup> (16,265).
358. **Santo Tomé, dálle ó cocho polo pé e se che di coé, dille a ver que tẽmpo é**<sup>216</sup> (16,266).
359. **Se a monto, berra; se non a monto, quedo sin ela**<sup>217</sup> (16,258).
360. **Se non chove en febreiro nin herba nin palleiro**<sup>218</sup> (16,271).
361. **Se o porco voara, non había ave que lle ganara**<sup>219</sup> (16,255).
362. **Se o vello pudera i-o mozo quixera, non había cousa que non se fixera**<sup>220</sup> (16,270).
363. **Señora sin \*rentas ben mal lle m'asenta**<sup>221</sup> (7b,386).
364. **Sol madrugador, cura sanabrés e dama \*ventanera, amãños todos tres** (16,268).
365. **Somos amigos no tẽmpo dos figos** (16,269). [1973: SER AMIGOS NO TEMPO DOS FIGOS. Ser amigo de comenencia].
366. **Tanto ladrón, i-a \*horca \*vacía**<sup>222</sup> (17,282).
367. **Tẽnde-lo meniño morto i-o apio no horto** (17,274).
368. **Tres anos, cachorro; tres, can; e tres, lambón**<sup>223</sup> (17,281).
369. **Tripas e casamento, en quente** (17,279).
370. **Un grau non fai montón**<sup>224</sup> (17,287).
371. **Un lobo non com'auto**<sup>225</sup> (17,284).
372. **Unha camisa na pedra i-autra na costela**<sup>226</sup> (17,288). [1973: TER UNHA CAMISA NA PEDRA I AUTRA NA COSTELA. Non ter, cuaxi, con que vestirse].
373. **Unha mosca \*sola non fai feira** (17,285).
374. **Vaca de Fradelo e muller da Gudiña, \*Dios che ma retire da miña cociña** (18,292).
375. **Vale máis duro que teña ca blando que non teña**<sup>227</sup> (18,293).

<sup>211</sup> Prado no cima, e leira no fondo.

<sup>212</sup> Quéroche muto no tẽmpo enxuto, e no mollado que te leve o diablo.

<sup>213</sup> Refláis de vellos, consellos pequeniños.

<sup>214</sup> Reunión de pastores mortaldá de ovellas.

<sup>215</sup> San Miguel das uvas tarde veis e pouco duras.

<sup>216</sup> Santa [sic] Tomé, dalle ó cocho pol-o pé, e se che di coé, dill á ver que tẽmpo é.

<sup>217</sup> Se a monto berra, se non-a monto quedo sin ela.

<sup>218</sup> Se non chove en febreiro, nin herba nin palleiro.

<sup>219</sup> Se o porco voara non había ave que lle ganara.

<sup>220</sup> Se o vello pudera, i-o mozo quixera, non había cousa que non se fixera.

<sup>221</sup> Señora, sin rentas, ben mal lle m-asenta.

<sup>222</sup> Tanto ladrón, i-a horca vacía.

<sup>223</sup> Tres anos cachorro, tres can e tres lambón.

<sup>224</sup> Un grau non fai montón.

<sup>225</sup> Un lobo non com-auto.

<sup>226</sup> Unha camisa na pedra, i-autra na costela.

<sup>227</sup> Vale máis duro que teña qu-a blando que non teña.

376. **Vicios me poñas e non me \*los tollas** (18,291).
377. **Volta feita non mete présa**<sup>228</sup> (18,294).
378. **Xaneiro, xeadeiro** (18,296).
379. **Xente probe e leña verde, arde cuando hai ocasión** (18,299a).
380. **Xogos de homes, rompedeiros de cus**<sup>229</sup> (18,295).
381. **Xuntanza de \*zorras, perdición de pitas** (18,297).
382. **\*Bienes cuantos vieres e casa onde vivieres**<sup>230</sup> (03,43).
383. **\*El que la burra presta y la mujer trai en festa, logo se quedará cornelán e sin besta**<sup>231</sup> (07,107).
384. **\*Entre marido y mujer, nadie tiene que ver**<sup>232</sup> (07,102).
385. **\*Hasta o cuarenta de maio, non quíte-lo saio**<sup>233</sup> (08,115).

---

<sup>228</sup> *Volta feita non mete presa.*

<sup>229</sup> *Xogos de homes rompedeiros de cus.*

<sup>230</sup> *Bienes cuantos vieres, e casa onde vivieres.*

<sup>231</sup> *El que la burra prêsta y la mujer trai en fêsta: logo se quedará cornelán e sin besta.*

<sup>232</sup> *Entre marido y mujer nadie tiene que ver.*

<sup>233</sup> *Hasta o cuarenta de Maio non quíte-lo saio.*

#### 4. Referencias bibliográficas

- BELOSO GÓMEZ, Josefa; BUJÁN OTERO, Patricia; FERRO RUIBAL, Xesús; PAZ ROCA, M<sup>a</sup> Carmen (2003): “Complexidade e riqueza do arquivo fraseolóxico de Vázquez Saco”, en VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003). *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.
- PRIETO (RODRÍGUEZ), Laureano (1946): “Antiguas minas del río Camba” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Ourense* 15, 3, 1946, 116-121.
- (1947): “Juegos infantiles (tierra de La Gudiña)”, en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Ourense* 16, 1, 1947, 25-46.
- (1947): “Vida del individuo. Tierra de la Gudiña (Orense)”, en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* III, 3, 4, 1947, 558-578.
- (1948): “Cuentos de animales” en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* IV, 1, 1948, 123-148.
- (1949): “Notas etnográficas sobre animales domésticos y salvajes de la Gudiña (Orense)”, en *Douro Litoral* 3<sup>a</sup> serie, V, 1949, 50-67.
- (1949): “As adiviñas na terra de Gudiña (Ourense) e no concello de Vinhais (Tras-os-Montes)”, en *Douro Litoral* 3<sup>a</sup> serie, VI, 1949, 33-39.
- (1950): “Tradiciones gallegas”, en *Douro Litoral* 3<sup>a</sup> serie, VIII, 1950, 11-14.
- (1950): “A cantiga na Gudiña I”, en *Douro Litoral* 4<sup>a</sup> serie, I-II, 1950, 84-98.
- (1951): “A cantiga na Gudiña II”, en *Douro Litoral* 4<sup>a</sup> serie, II-IV, 1951, 56-75.
- (1951): “La zoantropía en Galicia”, en *Zephyrus* IV, 1953, 353-362.
- (1956): “Restos de una villa en las Hermitas (Col. Fl. Cuevillas)”, en *Cuadernos de estudios gallegos* XI, 1956, 149-151.
- (1957-1958): “Astrología y meteorología popular (La Gudiña)”, en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* 19, 1-4, 1957-1958, 157-160.
- (1952): “Seitureiro”, en *Posío* 13-24, 1952, 23.
- (1953-1954): “Neve”, en *Posío* 1953-1954, 26; “¡Qué belidas elas son!”, en *Posío*. 1953-1954, 26; “Quixera...” en *Posío*. 1953-1954, 26.
- (1958): *Contos vianeses*. Vigo: Galaxia, 1958.
- (1968): *Contos pra nenos*. Vigo: Galaxia, 1968.
- (1968): *Contos populares da Terra*. [serie de 8 artigos] en *La Región*. Ourense.
- (1971): “A Meiguería en terras de Viana do Bolo”, en *Boletín auriense* 1, 1971, 199-209.
- (1972): “O Pan na terra da Gudiña”, en *Boletín auriense* 2, 1972, 279-297.
- (1973): “Notas encol da fala vianesa”, en *Boletín auriense* 3, 1973, 97-123.
- (1975): “O Fiadeiro en terras de Viana”, en *Boletín auriense* 5, 1975, 143-157.
- (1978): “Contos de cregos: Terra de Viana do Bolo”, en *Boletín auriense* 8, 1978, 13-48.



## Fraseoloxía de Matamá (Vigo)

Anxos Hermida Alonso<sup>1</sup>

Edición de 251 locucións e fórmulas recollidas na freguesía de Matamá (Vigo) nos anos 2000, 2001 e 2009.

Palabras clave: fraseoloxía galega, galego, traballo de campo.

*Edition of 251 locutions and formulae compiled in Matamá (Vigo) in 2000, 2001 and 2009.*

*Keywords: Galician phraseology, Galician, field work.*

A maior parte das expresións que figuran neste traballo recollínanse entre os anos 2000 e 2001 e unha pequena parte en 2009. Todas elas son coñecidas e usadas por min mesma ou na miña familia e veciñanza. Con todo, cómpre dicir que unha parte delas eran de uso máis habitual nas décadas pasadas. Entre as unidades fraseolóxicas que presento hai bastantes correntes ou moi correntes que se cadra non sería preciso recoller aquí. O motivo de as incluír é a idea de que recollémos todo, o corrente e o menos corrente, axúdanos a coñecer mellor precisamente este aspecto, a súa frecuencia. Ademais, moitas veces, ao darnos por feito que unha unidade fraseolóxica xa é coñecida furtamos unha información interesante, algún matiz ou variante novos na forma ou no significado

Pertencente ao concello de Vigo, a parroquia de Matamá está situada no seu interior e limita coas freguesías de Beade, Castrelos, Comesaña e Valadares.

O galego que falamos na parroquia de Matamá pertence ao bloque occidental e máis concretamente á subárea do Morrazo-Fragoso. Algúns trazos da nosa fala son os seguintes: a) existencia de gheada (*aghora*) e pronuncia do grupo -ng- enxordecido (*dominco, ancaso, ninquén*) e b) seseo total predorsal (*visiño, sapato, rapás*) con despalatalización do x (*santar, coso* no canto de *xantar e coxo*).

---

Data de recepción 14/04/2009 Data de aceptación 29/07/2009

<sup>1</sup> Ex-alumna da Escola Oficial de Idiomas de Vigo

Nesta recolla, cando a expresión non coincide co galego estándar, adáptoa á forma normativa e indico ao final a variante local. Fago o mesmo coas interferencias. Utilizo as conxuncións comparativas *coma* e *ca* a pesar de que na nosa fala son máis comúns as formas *como* e *que*.

Con este pequeno traballo quero contribuír á recuperación e á popularización da nosa fraseoloxía.

**Abreviaturas e símbolos:**

COL. = coloquial

*comp.* = expresión comparativa.

EUF. = eufemismo

*fór.* = fórmula

HUM. = humorístico

IRÓN. = irónico

*loc. adv.* = locución adverbial

*loc. adx.* = locución adxectiva

*loc. subst.* = locución substantiva

*loc. ver.* = locución verbal

PEX. = pexorativo

VULG. = vulgar

# = forma como foi oída a expresión

1. **a burra non é chosca** *fór.* COL. [Dise para expresar que non se é parvo ou ignorante]. –*Non é así, non é así; o meu terreo ten máis metros, chega até aquí. –Que a burra non é chosca!*
2. **a cabalo** *loc. adv.* Coas pernas abertas sobre o lombo da cabalgadura que se monta ou, por extensión, sobre outra cousa ou persoa. *No verán andan a cabalo por eses montes. | Non te poñas a cabalo de teu irmán que pesas máis ca el.*
3. **a cachón** *loc. adv.* 1. Formando burbullas, con forza. [Úsase co verbo *ferver*]. *Cando entrei na cociña a pota do caldo fervía a cachón.* 2. Moito, con forza, en cantidade. [Utilízase con verbos como *rir*]. *Contaron contos cos que rimos a cachón.*
4. **a cara de can** *loc. adv.* COL. Pagando cada un o seu. *Imos, mais a cara de can.*
5. **a carrachaperna / a carranchas** *loc. adv.* Escarranchado sobre os ombreiros [de alguén]. *Non te podó*

- pór a carrachaperna porque pesas moito.*
6. **a casa da Collona** *loc. subst.* VULG. Lugar indefinido e moi afastado. –*Dixeches que hoxe me ías levar á sala de festas Canela. ¿onde queda iso? –Na casa da Collona.*
7. **a deshora** *loc. adv.* 1. Tarde ou fóra de tempo. *Ten por costume chegar a deshora ás citas amorosas ¡e logo quere casar!, que aprenda a ser puntual.* 2. Nun momento intempestivo e inoportuno. *Non telefona, el aparece de súpeto. Xa non é a primeira vez que vén a deshora pola casa.*
8. **a landra que te/o... deu!** *fór.* COL. [Expresa desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento ou desacordo]. –*Mamá rompín o vestido. –Pero outra vez? A landra que te deu!*
9. **a madre que te/o... zampou** *fór.* COL. [Expresa desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento, desacordo ou admiración]. [Tamén se usa con “nai”]. *A madre que te zampou, sae de aí, rapaz!* [Pereda Álvarez (1853: s.v.) define así “zampar”: ‘Echar fuera a alguen, con violencia. Tirarlo o tirarse desde una altura’. Poida que sexa o sentido que ten nesta locución].
10. **a paso de galiña** *loc. adv.* COL. Con lentitude, moi devagar. –*Non dás chegado. –É que vin a paso de galiña.*
11. **a pé firme** *loc. adv.* De pé e sen se mover. *Hoxe como houbo misa maior tiven que estar todo o tempo a pé firme.*
12. **a pisar ovos / pisando ovos** *loc. adv.* COL. Moi devagar; moi lentamente e con moito coidado. –*Como vés soa, Manuela? –Deixei atrás a miña irmá, parece que vén a pisar ovos. # a pisar ovos/güevos*
13. **a plan** *loc. adv.* COL. Moi cargado, cheo. *O carro de toxo viña a plan.*
14. **á rapañota** *loc. adv.* COL. 1. Concorrendo apresuradamente con outros a apañar algo que alguén lanza. [Úsase con verbos como *andar, coller, ir* ou *pórse*]. *Arroz prós pitos e merda prós señoritos. Isto lles dicíamos aos padriños nos casamentos cando non botaban cartos ou caramelos e os rapaces íamos á rapañota.* 2. Para que outros apañen [algo que se bota]. [Úsase con verbos como *botar* ou *lanzar*]. *Botounos á rapañota moedas de pouco valor e caramelos.*
15. **a rego cheo** *loc. adv.* COL. Moito, abundantemente; con fartura. *Gastaba a rego cheo e acabou arruinándose, claro. | Estes rapaces non beben viño... e beben zumes a rego cheo.*
16. **a rente** *loc. adv.* Rozando a superficie de onde sae. *Desta vez cortáronche moi a rente o cabelo.*
17. **a toque de caixa** *loc. adv.* COL. A toda prisa e á forza, baixo presión, sen un respiro. [Úsase con verbos como *andar, baixar, marchar, saír, traer...*]. *Cando vin o que os cativos fixeran no cuarto*

- mandeinos baixar a toque de caixa.*
18. **afeitarse para arriba** *loc. ver.* COL. Desentenderse [de algo]. – *Como vai o divorcio de teu irmán? –Nese asunto afeitome para arriba.* # afeitarse pa riba
19. **afiar os dentes** *loc. ver.* COL. Disporse para gozar de algo moi desexado, en especial algo de comer. *Carlos non deixa de afiar os dentes pensando no casamento de mañá do Lisardo.* # afilar os dentes
20. **amarrarse coma un cravo** *loc. ver.* COL. Suxeitarse ou agarrarse ben. *Que gusto bailar con este mozo! Amárrase coma un cravo!* # amarrarse como un clavo
21. **andan os ladróns atrás dos que rouban** *fór.* COL. [Expresa que dúas ou máis persoas son iguais, do mesmo feitío, normalmente en sentido negativo]. *Tanto che ten un coma outro: andan os ladróns atrás dos que rouban.*
22. **andar co lombo** [a alguén] *loc. ver.* COL. Bater ou golpear [a alguén]. *O que se mete nesas leas quere que lle anden co lombo.*
23. **andar coas costelas** [a alguén] *loc. ver.* COL. Bater ou golpear [a alguén]. *Tes que vir máis cedo do baile, senón ándoche coas costelas.* # andar coas costelas/costillas
24. **andar coma o tardo** *loc. ver.* COL. Acostumar andar de noite. –*Ainda non chegou Flora? –Xa sabes que anda sempre coma o tardo.* [O “tardo” é, segundo crenza popular, un trasno que anda polas noites e senta sobre os que dormen para lles producir pesadelos].
25. **ao rebusco** *loc. adv.* Á procura do que caeu ao chan ou do que ficou [nas vendimas, colleitas etc.]. [Úsase con verbos como *andar* ou *ir*]. *Despois de a xente vendimar, os rapaces iamos ao rebusco a ver se atopabamos camballos de uvas para comelos porque non nos daban nunca froita.*
26. **apertar o cinto** *loc. ver.* COL. Facer economías, reducir o gasto. *Eu digoche que se queremos facer unha casa temos que apertar o cinto.* # apretar o cinto
27. **arre demo!** *fór.* COL. [Expresa admiración ou sorpresa]. *Arre demo! Esa levada que vén por ese rego vai asolaragar os campos e o noso traballo vai ser en balde!*
28. **ás apalpadadas** *loc. adv.* Axudándose do tacto [por causa da escuridade ou da falta de vista]. *Non había luz e tiven que buscar a chave ás apalpadadas.*
29. **ás leguas** *loc. adv.* De xeito claro e evidente, moi ben. [Úsase con verbos como *coñecer*, *ver* ou *notar*]. *Parece mentira que o preguntes, xa sabes que te coñezo ás leguas.*
30. **ás minchas** *loc. adx.* COL. Moi distraído, moi despistado. sen decatarse do que ocorre. [Úsase con verbos como *andar* ou *estar*]. *Ese anda ás minchas, coma sempre.*
31. **as quiñentas** *loc. subst.* COL. Unha hora moi avanzada. *Non sei*

- como fai ese mais sempre chega ás quiñentas ao choio. | Estabamos até as quiñentas a conversar e a beber licor café. # ás quinientas*
32. **as tantas** *loc. subst.* COL. Unha hora moi avanzada [da mañá ou da noite]. *Coma sempre, a nena chegou onte ás tantas. | Eran as tantas da noite e el non chegara.*
33. **ás voltas** [con algo/alguén] *loc adv.* 1. Dedicándolle tempo ou traballo [a algo]. [Úsase xeralmente co verbo *andar*]. *Anda ás voltas con ese traballo que ten que entregar para a semana.* 2. Dando voltas. [Úsase xeralmente co verbo *andar*]. *Cariño, deixa de andar ás voltas e fai a cea que teño fame.*
34. **até a punta dos pelos** COL. 1. *loc. adv.* Moi farto, moi canso, moi aborrecido. *Tiven que aturar toda a tarde o repugnante do meu sobriño. Estou de rapaces até a punta dos pelos.* 2. *loc. adv.* Completamente, totalmente. *Non sei que lle dixo que se puxo roibo até a punta dos pelos. # asta a punta dos pelos*
35. **bailar de cuaña** *loc. ver.* COL. Levar unha tunda. *Levou a moto sen o meu consentimento, mais deixa que cando chegue vai bailar de cuaña.* [Coído que “cuañas” ou “coañas” son anacos de palla ou espigas que aparecen mesturados co gran cando se malla na eira].
36. **bater coas pernas no cu** *loc. ver.* COL. Correr moito; fuxir. *Fomos ás ameixas, mais cando vimos vir o dono das froiteiras batemos coas pernas no cu.*
37. **beber coma unha esponxa** *loc. ver.* COL. Beber moito. –*Canto viño collestes este ano! –Non ha durar moito, xa sabes que o meu home bebe coma unha esponxa.*
38. **bico de poupa** *loc. subst.* COL. Cara de enfado ou desagrado. *Non poñas ese bico de poupa que eu non teño a culpa do que che pasa. [“poupa” é o nome que recibe en Matamá a “bubela”].*
39. **boca aberta** *loc. subst.* COL. Persoa que chora moito, chorón; persoa que fala moi alto ou berra. *Non podo ir ao concerto de Nadal porque teño que levar a ese e, co boca aberta que é, é imposible asistir.*
40. **bolo de leite** *loc. subst.* COL. Persoa gordecha e tenra. *Este rapaciño é un bolo de leite. Está para comelo.*
41. **botar a man** [a algo] *loc. ver.* COL., EUF. Roubar [algo]. *Alguén deixou este traxe de baño esquecido na area e eu boteille a man.*
42. **botar a vida de Noé** *loc. ver.* COL. Tardar moito tempo nalgún sitio ou en facer algunha cousa. *A nena acaba de comer logo, mais o pequeno non dá acabado. El bota a vida de Noé.*
43. **botar a vida dun can** *loc. ver.* COL. Tardar moito tempo nalgún sitio ou en facer algunha cousa. *Arre demo, habíache tanta xente no médico que botei a vida dun can esperando a miña vez.*
44. **botar auga nunha cesta** *loc. ver.* COL. Facer algo inútil, sen

- proveito, perder o tempo. *Non me fales, non aproveitou as oposicións, iso foi coma botar auga nunha cesta.* # botar agua nunha cesta
45. **botar o carozo** *loc. ver.* COL. Chover todo o que ha de chover. *A ver se hoxe o día bota o carozo e mañá podemos gozar de sol.* | *Toda a tarde a arroiñar, a ver se bota o carozo dunha vez e podemos saír.*
46. **botar o carro diante dos bois** *loc. ver.* COL. Facer unha acción antes ca outra que por lóxica debería facerse primeiro, anticiparse a feitos que aínda non ocorreron. *Non fagas iso, non botes o carro diante dos bois.*
47. **botar os boches** *loc. ver.* COL. 1. Esforzarse ou traballar moito. *Deixou ese emprego de estibador porque botaba os boches.* 2. Vomitar. *–Non estará embarazada? Ten mala cara. –Supoño, ¡non fai máis ca botar os boches!*
48. **botar por fóra** *loc. ver.* COL. Xactarse; falar de máis, inventar. *Dáme noxo oír falar ao Carlos, non fai máis ca botar por fóra.*
49. **botar terra** [a algo] *loc. ver.* COL. Facer que non se volva falar de [algo], facer que se esqueza, encubrir ou esconder [algo]. *Vaia, pasou o que pasou, e agora, miña amiga, imos botar terra ao asunto.*
50. **cacho de pan** *loc. subst.* COL. Persoa moi boa. *O señor abade é un cacho de pan, pódese dicir que ninguén lle quere mal.*
51. **caer a Pascua en luns** [a alguén] *loc. ver.* COL. Saír unha cousa mal, non pasar o que se esperaba. *Ían ir de excursión e non lles veu o autobús: caeulle a Pascua en luns.* # caír a Pascua en luns
52. **caer coma unha bosteira** *loc. ver.* VULG. Caer moi facilmente. *Cando leva o balde cae sempre coma unha bosteira.* # caír como unha bosteira
53. **caer da burra (abaixo)** *loc. ver.* COL. Recoñecer estar equivocado; rectificar; darse conta, comprender. *–Maruxa, vouche explicar outra vez o exercicio. –Non te molestes, xa caín da burra.* | *Despois de moitas horas de insistirles e explicárllelo por fin caían da burra e recoñecían que eu tiña razón.* # caír da burra (abaixo)
54. **caer do ceo** *loc. ver.* COL. Conseguir sen esforzo ningún [algo], ser gratis. [Úsase máis en construción negativa]. *–Papá, ¿cando me mercas unha moto? –Cala, rapariga, que os cartos non caen do ceo.* | *Que pensas, que a solución ao teu problema vai caer do ceo?* # caír do ceo
55. **caer en graza** [a alguén] *loc. ver.* Agradar [a alguén], gozar da simpatía [de alguén]. *Caícheslle en graza ao xefe do almacén e por iso che deron o posto.* # caír en gracia
56. **caer un ollo** [a alguén por algo] *loc. ver.* COL. Ollar [unha persoa] con desexo [algo], devercer [por algo]. *Cando estabas comendo o pastel, ao veciño estáballe caendo un ollo.* # caír un ollo

57. **cagar alto** *loc. ver.* VULG. Terse por moi importante ou aspirar a moito. –*Estende o mantel máis para alí que están as túas primas e pasámolo mellor na romaría. – Nin o soñes, esas cagan moi alto.*
58. **cagar bólas** *loc. ver.* VULG. Mentir. *Ese rapaz non fai máis ca cagar bólas.*
59. **cagar o can diante** [a alguén] *loc. ver.* VULG. Malograrse algo que se tiña previsto, saír [a alguén] mal un asunto, ter mala sorte. –*Señor, o arranxo do teléfono custa cinco mil pesetas. –Vaia, cagoume o can diante; con eses cartos ía mercar un perfume.*
60. **calcetín para un só pé** *loc. subst.* COL. Preservativo ou condón. *Agora nas discotecas xa hai máquinas que teñen calcetíns para un só pé. # calcetín pa un solo pé*
61. **cantar coma unha calandra** *loc. ver.* COL. Cantar ben. *Esa rapariga canta coma unha calandra. # cantar como unha calandra/landra*
62. **cara de ferreiro** *loc. subst.* COL. Expresión da cara pouco amigable, de enfado ou mal humor. *Con esa cara de ferreiro que ten non é milagre que teña menos clientela ca os seus veciños.*
63. **catro ollos** *loc. subst.* COL. Persoa que usa lentes. *Ernesto é un catro ollos e non quero bailar con el.*
64. **cheirar a can** [a alguén] *loc. ver.* COL. Resultar [unha cousa, a alguén] sospeitosa. –*Mañá imos xantar á de miña irmá, que me convidou hoxe. –Ui, isto chéirame a can.*
65. **chica ganada, chica papada** *fór.* COL. [Resume unha situación en que se gasta o que se ten, sen aforrar nada]. *Non me estraña que non vaian ao xantar, nesa casa chica ganada, chica papada.*
66. **chorar as mantas do demo** *loc. ver.* COL. Chorar moito. *Mónica cando a deixou o mozo chorou as mantas do demo.*
67. **chorar coma unha madalena** *loc. ver.* COL. Chorar desconsoladamente. *O meu fillo estaba tan aflito que choraba coma unha madalena.*
68. **coller os talentos** [a alguén] *loc. ver.* COL. Perder o respecto [a alguén], deixar de temer [alguén]. *O neno xa lle colleu os talentos á que o coida e xa non lle fai caso.*
69. **coma area / máis ca area** *loc. adv.* COL. En abundancia, en cantidade. [Úsase con verbos como *abundar, haber, gañar, ter...*]. –*Vaia abrigo que ten Nicanor! Xa me dá envexa. –A calquera, o que pasa é que o pai ten máis cartos ca area.*
70. **coma o can e o gato** *loc. adv.* COL. Moi mal, con enfrontamentos ou pelexas constantes. [Úsase con verbos como *andar, estar, levarse...*]. *Os meus rapaces lévanse coma o can e o gato.*
71. **coma un fideo** *comp.* COL. Moi delgado. *Que envexa me dá Casiano, eu con quilos de máis e el coma un fideo.*
72. **coma un pancho** *comp.* COL. Saciado, farto de comer e beber ben

- [Úsase con verbos como *estar*, *ir*, *pórse* ou *quedar*]. *Co convite de hoxe quedei coma un pancho.*
73. **coma un pirixel** *comp.* COL. Moi limpo e arranxado. *Uxío vai coma un pirixel á misa. Nin que fose procurar muller para casar. # coma un pixxel*
74. **coma un rei nunha cesta** *loc. adv.* COL. Moi ben, moi comodamente, á vontade. [Úsase con verbos como *encontrarse*, *estar* ou *ir*]. *Manuel co traballo está coma un rei nunha cesta.*
75. **coma unha flor** *comp.* COL. Ben de saúde, ben conservado. [Úsase co verbo *estar*]. *Pois a miña nai está coma unha flor.*
76. **coma unha londra** *comp.* COL. Ben mantido, gordo. *Estás coma unha londra, como se nota que non das puntada.*
77. **coma unha poupa** *loc. adv.* COL. Moi mal. [Úsase cos verbos *cheirar* ou *feder*]. *Onde te metiches que fedes coma unha poupa?* [Crese que a orixe desta locución está en que esta ave, a poupa ou bubela, exhala un cheiro desagradable que se atribúe a que lixa o niño con excrementos ou a que os adultos non poden tirar do niño as dexeccións dos pitos que constitúen a rolada, de maneira que o niño cheira mal e as aves conservan ese cheiro moitos días. (Rodríguez González 1958 s.v.)].
78. **comer a figura** [a alguén] *loc. ver.* COL. Berregar moito, intimidar, asoballar [a alguén nun asunto]. *O meu fillo xa sae de noite; o pai a el non lle di nada mais a min cómeme a figura.*
79. **comer as papas (na cabeza)** [a alguén] *loc. ver.* COL. **1.** Ser máis alto [ca alguén]. *A pesar de seren da mesma idade, o teu cómelle as papas na cabeza ao meu.* **2.** Gañar ou superar [a alguén en algo], ser máis listo [ca alguén]. *É máis novo ca eles e mais cómelles as papas a todos os compañeiros.*
80. **comer coma un boi** *loc. ver.* COL. Comer moito. *Quéixaste de que gasto moito. A culpa tela ti xa que comes coma un boi.*
81. **comer coma un pito** *loc. ver.* COL. Comer moi pouco, ser moi mal comedor. –*Non me poñas máis comida no prato que empacho.* – *Arre demo, comes coma un pito!*
82. **comer máis cos ollos ca coa boca** *loc. ver.* COL. Non ter medida do que realmente pode comer, non saber calcular o apetito. –*Que ben, voume pór coma un abade.* – *Paréceme a min que ti comes máis cos ollos ca coa boca.*
83. **comer o cu** [a alguén] *loc. ver.* VULG. Rosmar, rifar [a alguén] seguido, insistir seguido [en algo]. *Se pensas saír á noite pidelle permiso a teu pai, se non despois cómeme o cu a min.*
84. **comer/levar unha costela** *loc. ver.* COL. Cobrar moi caro. *Pobre Luísa, o médico que a trata lévalle unha costela.* # *comer/levar unha costela/costilla*
85. **(contento) coma un cuco / máis contento ca un cuco** *comp.* COL.



- Moi contento. *Botou moza e anda contento coma un cuco.*
86. **cortar leña** *loc. ver.* COL. Durmir. *Hoxe vou cortar leña toda a tarde ao son da chuvia.*
87. **cortar un traxe** [a alguén] *loc. ver.* COL. Murmurar, rexoubar [de alguén], criticar [alguén]. *Fun á festa cos amigos e non pararon de cortar traxes todo o tempo.*
88. **cos pés por diante** *loc. adx.* COL. Morto, sen vida. [Úsase con verbos como *entrar, saír, tirar* etc.]. *Vállame Deus, outro que vai cos pés por diante.*
89. **cousa con cousa** *loc. subst.* COL. [En frases negativas con verbos como *facер, deixar, dicir, haber* etc., expresa a falta de orde ou de sentido]. *Hoxe non fas cousa con cousa, Mila, non sei que che pasa. | Entraron na casa e non deixaron cousa con cousa, vaia desfeita!*
90. **custar ferro e fariña** [a alguén] *loc. ver.* COL. Custar [unha cousa a alguén] moito esforzo, ser difícil de facer. –*Conseguiches o permiso de conducir?* –*Conseguín, o certo é que me custou ferro e fariña, mais pagou a pena o esforzo.* # *costar ferro e fariña*
91. **dar ao trapo** *loc. ver.* COL. Falar moito. *Arre demo, eses dous como lle dan ao trapo!*
92. **dar ao veo** *loc. ver.* COL. Falar continuamente; molestar. *Que aborrecido!, pasou toda a tarde a darlle ao veo sen deixar falar aos máis!*
93. **dar máis voltas ca un muiño** *loc. ver.* COL. Ser moi inqueda, non poder estar quieto; andar dun sitio para outro. *Fun con Anxo mercar o traxe de noivo. Demos máis voltas ca un muiño e chegamos á casa sen nada. Que aborrecida estou!*
94. **dar no cravo** *loc. ver.* COL. Acertar. *Que mala sorte ten ese concursante, con tantos nervios non dá no cravo.*
95. **dar nos fociños** [a alguén] *loc. ver.* COL. Bater, agredir [a alguén]. *Vaille dar ben nos fociños cando o agarre.* # *dar nos fuciños*
96. **dar o corpo** [algo a alguén] *loc. ver.* COL. Presentir [algo]. *Xa me daba a min o corpo que o xersei estaba mal feito.*
97. **dar o mariñeiro** *loc. ver.* COL. Cansar. –*Vamos, muller! Fai unha piada máis de masa que falta pouco para rematar a parede.* – *Uf, eu xa dou o mariñeiro!*
98. **dar puntada** *loc. ver.* COL. Facer algo, traballar. [Úsase máis en construcións negativas como “non dar puntada” ou “sen dar puntada”]. *Estás coma unha londra, como se nota que non das puntada.*
99. **de acá para alá** *loc. adv.* COL. Dun lado para outro. *Toda a tarde de acá pra ala facendo recados, non parei un momento.* # *de acá pa la*
100. **de aquí a Loura** *fór.* COL. [Expresa que algo vai tardar ou que falta moito para chegar a un sitio]. –*Fáltalle moito ao xantar?* –*Ai, home, de aquí a Loura.* | – *Mamá, ao dar esa volta xa*

- chegamos, ¿non si? –Estás boa, nena, de aquí a Loura.*
101. **de boa palla** *loc. adx.* COL. Ben mantido, con bo aspecto. [Úsase xeralmente co verbo *estar*]. *Carai coa Manuela que de boa palla está.*
102. **de fociños** COL. **1.** *loc. adx.* Afociñado, incomodado, de mal humor. [Úsase con verbos como *andar, estar, seguir* ou *vir*]. *Non sei que ten que sempre que o vexo anda de fociños.* **2.** *loc. adv.* De fronte; de fronte e boca abaixo; dando coa cara [contra algo, caendo, levando un golpe]. *Ao chegar á rúa batemos con eles de fociños. | Tiven que beber de fociños no regueiro. | Cain de fociños e houben romper o nariz. # de fuciños*
103. **de gavota** *loc. adv.* COL. Fóra da casa, na rúa a pasear ou divertirse. [Dise xeralmente como recriminación ou crítica e úsase xeralmente con verbos como *andar, ir* e *sair*]. *–Nena, teu irmán foi á tenda como lle mandei? –Non, hoxe anda de gavota por aí. # de gavota*
104. **de moca** *loc. adv.* COL. Á custa doutro ou doutros; sen pagar, gratuitamente. *–Non vaias para aquel recanto que está a túa prima e sempre lle gusta andar de moca. –Ben dito, que gaste do seu forrollo.*
105. **de palleiro** *loc. adx.* COL. De pouca calidade, de pouco mérito. *–Despois do que me custaron non van ser de palla. –De palla non, mais se cadra son de palleiro. | Vaia reloxos de palleiro que tes.*
106. **de pau de caldeiro** *loc. adv.* COL. A esperar, parado, no medio e sen facer nada, sen participar, coma un pasmón. [Úsase con verbos como *estar* e *ir*]. *Oe, mozo, o noso acabouse. Teño máis que facer que botar dúas horas de pau de caldeiro na alameda a esperar por un desleixado coma ti.*
107. **de rapar e peitear** *loc. adx.* COL. Dificil de carácter, perigoso, con quen hai que ter coidado. *Tende coidado con ela que esa é de rapar e peitear. # de rapar e peinar*
108. **de rebolos** *loc. adv.* Dando voltas sobre si mesmo [xeralmente algo que se bota ou lanza]. *O rapaz caeu de rebolos pola pendente abaixo.*
109. **de remollo** *loc. adv.* [Úsase con verbos como *deixar, estar* ou *pór*]. **1.** Dentro de auga ou doutro líquido [para que amoleza, para lle tirar o sal, etc.]. *Puxeches de remollo o bacallau? | Non deixes de remollo a roupa que se pode estragar.* **2.** COL., HUM. A arraxarse con moita antecedencia [antes de ir a un acontecemento ou acto social]. *–Como non veu apañar a herba? –É que mañá vai a un casamento e hoxe ten que estar de remollo.*
110. **de varanda** *loc. adv.* COL. A divertirse. [Úsase xeralmente con verbos como *andar, ir* e *sair*]. *Non me dá chegado este fin de semana, penso andar por aí de varanda.*
111. **deitarse canda as galiñas** *loc. ver.* COL. Deitarse moi cedo [No canto de *deitarse* úsanse tamén equivalentes como *ir para a cama*]. *Miña nai xa estará deitada*

- que se deita canda as galiñas. Mellor vai mañá. # deitarse cando as galiñas*
112. **durmir coma un pancho** *loc. ver. COL.* Durmir moi ben. *Cos problemas que ten e dorme coma un pancho.*
113. **(duro) coma un canoto / máis duro ca un canoto** *comp. COL. 1.* Moi duro, de moita dureza. *Ese ten a cabeza máis dura ca un canoto. 2.* Moi forte fisicamente, moi resistente. *O rapaz éche duro coma un canoto. 3.* Moi san, con moita saúde. *Inda habemos de ir nós antes ca ela que esa está dura coma un canoto. # (duro) como un cañoto*
114. **(duro) coma un ferrote / máis duro ca un un ferrote** *comp. COL.* Moi duro, moi forte fisicamente. *Que envexa me dan os teus fillos, ao lado dos meus son coma ferrotos. # ser como ferrotos*
115. **(duro) coma unha pedra / máis duro ca unha pedra** *comp. COL. 1.* Moi duro, de moita dureza. *Este pan está coma unha pedra. 2.* Moi forte fisicamente, moi resistente. *Non cansa nunca, é duro coma unha pedra este furafollas. 3.* Moi san, con moita saúde. *O meu avó xa ten noventa anos, e está duro coma unha pedra.*
116. **é igual dar no cu ca no cu dar fór.** *COL* [Dise para expresar que dúas cousas, en realidade, son o mesmo]. *Boh! Éche o mesmo! éche igual dar no cu ca no cu dar! # é igual dar no cu que no cu dar*
117. **empreñar do vento** *loc. ver. COL.* Crer todo o que lle din, ser moi crédulo. *–Contáronme que meteron no cárcere o fillo da Marta. –Que dis? Ti empreñas do vento! Iso non é verdade, que cho digo eu!*
118. **en coiro** *loc. adx. COL.* Nu, sen roupa. *Como saiba que Iria se pon en coiro na praia póñoa en vinagre.*
119. **entrar por un oído e saír polo outro** [a alguén] *loc. ver. COL.* Non prestar a menor atención [ao que outro di], ignorar totalmente [o que outro di]. *Neno, ¿non che dixen que non puxeses ese pantalón? Levo razón cando digo que o que eu falo étrache por un oído e sáche polo outro. # entrar por un oído e saír polo outro*
120. **estar para lerias / ter gana de leria** *loc. ver. COL.* Estar de humor, estar disposto a aturar. [Úsase máis en construcións negativas]. *É a última vez que volo digo. Credes que estou para lerias? | Fai o que queiras, eu hoxe non estou para lerias. | Paréceche que teño gana de leria?*
121. **estar que arde** *loc. ver. COL.* Estar moi enfadado. *Miña nai está que arde porque a mandaron ao paro por seis meses.*
122. **estar que traba** *loc. ver. COL.* Estar moi enfadado. *Non lle digas nada agora que está que traba.*
123. **estirar a pata** *loc. ver. COL.* Morrer. *O papagaio? Hai un mes que estirou a pata.*
124. **facer barro (coas orellas)** *loc. ver. COL.* Facer moi ben algo, ter moito éxito, sobresaír. *–Cantos*

- goles marcaches no partido, mozo? –Hoxe fixen barro, metín catro goles. # facer barro (coas ourellas)*
125. **facer de tripas corazón** *loc. ver.* COL. Adoptar unha boa disposición de ánimo [para se enfrontar a unha situación difícil, desagradable ou que custa un grande esforzo]; pór boa cara aínda estando mal. *Non queda outro remedio, Carme, hai que facer de tripas corazón.*
126. **facer o cu luis-luis** [a alguén] *loc. ver.* VULG. Ter moito medo ou moito nerviosismo. *Mañá teño que ir ás oposicións e o cu faime luis-luis.*
127. **facer** [de alguén] **un pandeiro** *loc. ver.* COL. Facer [con alguén] o que quere, dominar completamente [alguén], abusar [de alguén]. *Fai de ti un pandeiro, parece mentira que non te decates, sempre caes de parvo.*
128. **fai/facede lume nun ollo** *fór.* COL., HUM. [Dise a quen di que non ve ben]. *–Xa non vexo as letras pequenas do xornal. –Pois fai lume nun ollo.*
129. **fainas Deus e págaas Cristo** *fór.* COL. [Dise cando levan a culpa os inocentes e non os culpables]. *– Por que estragaches o espertador? –Eu non fun, aquí fainas Deus e págaas Cristo. # fainas Dios e págaas Cristo*
130. **feito á machada** *loc. adx.* COL. Moi mal feito, tosco, imperfecto. *Este moble está feito á machada, parece mentira que che custase tanto. 2. Moi feo. A pesar de ser feito á machada ten bastante éxito coas raparigas. [En Matamá diferénciase a “machada” (máis grande e de manexo coas dúas mans) da “macheta” (máis pequena e de manexo con unha)].*
131. **feo coma os meus pecados / máis feo ca os meus pecados** *comp.* COL. Moi feo. *O Xosé leva un traxe máis feo ca os meus pecados.*
132. **ferver a merda no cu** [a alguén] *loc. ver.* VULG. Estar inquieto, non acougar. *No cine case non entendín nada da película pola súa culpa, fervíalle a merda no cu.*
133. **fiate/fiádevos (de Deus) e non corras/corrades** *fór.* COL. [Expresa que non se debe un fiar pasivamente, que é preciso o propio esforzo para atinxir un obxectivo]. *–Dixo que non me preocupase, que xa mo fai el. –Si, ti fiate e non corras. # fiate (de Dios) e non corras*
134. **(frío) coma a neve / máis frío ca a neve** *comp.* COL. Moi frío. *– Achégate a min, muller, que teño frío. –Non, arrímate alá que estás coma a neve.*
135. **gábate, can, que non tes cadela!** *fór.* COL. [Dise a quen se gaba moito]. *–Non é por nada pero non o mellor da clase en todo. – Gábate, can, que non tes cadela!*
136. **(gordo) coma un bocoi** *comp.* COL. Moi gordo ou con moita barriga. *Arre demo! o médico que me operou da vista está coma un bocoi.*

137. **grande coma un día sen pan / máis grande ca un día sen pan** *comp.* COL. De moita estatura ou altura ou moi grande ou extenso. *Ten un fillo grande coma un día sen pan. | Estou farto de cavar! Este campo é máis grande ca un día sen pan!*
138. **(grande) coma un mundo** *comp.* COL. Moi grande. *Que amolado quedei, leveille o ovo de Pascua ao meu afillado, e nisto chegou a madriña del cun roscón coma un mundo.*
139. **haber roupa ao clareo** *loc. ver.* COL. Haber persoas diante, nomeadamente rapaces, que non deben oír o que se está a dicir. *Cala, que hai roupa ao clareo.*
140. **ir a Vigo por ver Cangas** *loc. ver.* COL. Non lograr facer o que pensaba, ir en balde a un sitio, ir por algo e vir sen nada. *–Fun ao médico e non estaba o ambulatorio aberto. –Xa cho dicía eu, fuches a Vigo por ver Cangas. # ir a Vigo por mirar Cancas*
141. **ir pór os bancos** *loc. ver.* COL. Ir ou chegar cedo de máis [a algún sitio]. *Non vaias tan cedo, ho, que sempre vas pór os bancos.*
142. **irse o leite** [a alguén] *loc. ver.* COL., HUM. [Dise de quen ten moita présa]. *–Mamá, ¿fáltache moito para rematar?, é que faltan tres semanas para o casamento de Xulio e aínda non teño a roupa, se vou soa despois non fungues se a ti non che gusta. –Tes tempo, ¿ou váiseche o leite?*
143. **lamber unha vaca** [alguén] *loc. ver.* COL., HUM. [Dise de alguén que vai co cabelo moi graxento ou mollado pegado á cabeza]. *Agora non mires para atrás, mais á secretaria do teu xefe parece que a lambeu unha vaca.*
144. **levar o demo** [alguén] *loc. ver.* COL. Sentir moita rabia, estar furioso. *O meu home non fai máis que trapalladas e a min lévame o demo.*
145. **limpar o salón** *loc. ver.* COL., HUM. Limpar o interior do nariz cos dedos. *Xa está outra vez a limpar o salón.*
146. **man solta** *loc. subst.* COL. Persoa desinteresada, xenerosa. *Eu teño sorte con meu irmán, sempre que vou de copas arrimome a el porque é un man solta.*
147. **(mareado) coma unha maragota / máis mareado ca unha maragota** *comp.* COL. Moi mareado. *Cando baixei do barco de Moaña viña máis mareada ca unha maragota.*
148. **mares e moreas** *loc. subst.* COL. Moitas cousas, grande cantidade [de algo], [xeralmente riquezas ou cousas de valor ou importancia. Úsase con verbos como *fácer, ofrecer, prometer, querer* ou *ter e*, a miúdo, ironicamente]. *Xa sei que che gustaría pero o meu soldo é cativo e non podemos ter mares e moreas de xoguetes.*
149. **María a Molla** *loc. subst.* COL. A chuvia. [Sobre todo cando comeza]. *Vaia!, teño que ir ao toxo e non podo porque xa chegou María a Molla. | O espectáculo será na praza ás cinco, se María a*

- Molla o permite, xaora.* [“molla” pronúnciase con o cerrado].
150. **María matouse!** *fór.* COL. [Disecando alguén cae ou cando non se pode facer o que se pensaba. Expresa contrariedade]. –*Non podemos ir ao concerto que meu pai castigou a miña irmá e aínda somos pequenas para irmos soas. –María matouse!, sempre nos ten que pasar algo!*
151. **medir a estrada** *loc. ver.* COL. Caer para os lados, cambalea [por estar bébedo]. *Vai con xeito, e procura non medir a estrada para que non se decaten do teu estado.* # medir a carretera
152. **mesa de noite** *loc. subst.* COL. Persoa moi baixa. –*O mozo da Tereixa é un anaco máis pequeno ca ela. –Certo, é unha mesa de noite.* # mesilla de noite
153. **mirar para dentro** *loc. ver.* COL. Durmir. –*Terás que ir soa, eu teño máis que facer. –E logo? – Vou mirar para dentro.*
154. **mirar para o aire** *loc. ver.* COL. Non facer nada, non traballar. *Están aí toda a tarde a mirar para o aire sen saberen que facer.* # mirar pó aire
155. **(mollado) coma un pito / máis mollado ca un pito** *comp.* COL. *Moi mollado, empapado. Púxenme coma un pito por querer acabar de arrancar as patacas.*
156. **(mollado) coma unha sopa / máis mollado ca unha sopa** *comp.* COL. *Moi mollado. Este rapaz ten o cueiro coma unha sopa.*
157. **mollar a palleta** *loc. ver.* COL. Beber un pouco de viño ou doutra bebida. –*Bule, Carlos, que levo présa. –Pois non me esperes, que non paso por esta taberna sen mollar a palleta.*
158. **mollar o ollo** *loc. ver.* COL. Chorar. –*Avoa, que contenta estou, teño mozo! –Pobre miña neta, ¡canto vas mollar o ollo!*
159. **mollar os pés** *loc. ver.* COL. Embebedarse. *O meu home, no casamento, mollou os pés. Que vergoña!*
160. **mover (unha) palleira** *loc. ver.* COL. Facer algo, tomar algunha iniciativa, facer un mínimo esforzo. [Úsase máis en construcións negativas como “non mover palleira” ou “sen mover palleira”]. *Non sei como non estás máis gordo, pasas o día sen mover palleira. | Ela traballando de sol a sol e el non move palleira, non o entendo.* [Na fala desta parroquia viguesa e, polo menos, dalgunha outra, existe o sufixo *-eiro, -eira* con valor individualizador. Así, por exemplo, nos pares *folla/folleira, herba/herbeira, millo/milleiro, palla/palleira* e *pelo/peleiro*, o primeiro elemento ten valor colectivo e o segundo individual].
161. **negro coma os (meus) pecados / máis negro ca os (meus) pecados** *comp.* COL. **1.** *Moi escuro, moi negro. Aquel bar estaba negro coma os pecados. 2.* *Moi sucio. Ai, meniño, como imos ir para a festa con ese pantalón negro coma os meus pecados?*
162. **negro coma un corvo / máis negro ca un corvo** *comp.* COL.

- Moi negro ou moi escuro. *Levaba unha roupa negra coma un corvo.*
163. **non coller** [varias persoas] **nunha cesta** *loc. ver. COL.* Non conxeniarse. [Dise de persoas que rifan con frecuencia, que nunca están de acordo ou que rematan sempre discutindo]. *Lévanse a matar, non collen nunha cesta.*
164. **non comer para non cagar** *loc. ver. VULG.* Ser moi avaro. *Non nos quixo dar nada, ese non come para non cagar.* # non comer pa non cagar
165. **non dar (nin) a merda que cagar** *loc. ver. VULG.* Ser moi agarrado. *Que me regalou no meu día de anos? Nada, ese non dá nin a merda que caga.*
166. **non dar nin ter** *loc. ver. COL.* Non poder máis de cansazo. *Ese rapaz no seu primeiro día de traballo xa non dá nin ten.*
167. **non dar puntada sen agulla** *loc. ver. COL.* Actuar de forma premeditada para acadar os propios obxectivos, non facer nada sen procurar o interese propio. *–Vés apañar a herba? Convidote a xantar. –Xa o dicía eu, non das puntada sen agulla.*
168. **non dar unha** *loc. ver. COL.* Facer todo mal, non acertar en nada, non saír [a alguén] nada ben. *Que mala sorte ten ese concursante, con tantos nervios non dá unha.*
169. **non ser palla** *loc. ver. COL.* Non ser cousa de pouca importancia. *O esforzo de conseguir catro vitorias consecutivas, que non é palla en*
- ningunha categoría, por fin o coloca a un tiro de pedra dos tres primeiros.*
170. **non somos iguais, paxariños ca pardais** *fór. COL.* [Dise para marcar diferenzas con alguén]. *Neno, non me marees, xa sabes que non somos iguais, paxariños ca pardais.* # non somos iguais pagharitos que pardales
171. **non ter mans a medir** *loc. ver. COL.* Estar moi atarefado, ter moito que facer. *A modista que me fai a roupa non ten máis mans a medir.*
172. **non ter (nin) pés nin cabeza** *loc. ver. COL.* Ser disparatado, absurdo, ilóxico, incomprendible. *Isto non ten pés nin cabeza, tes que empezar outra vez desde cero.*
173. **non ter paraxe** *loc. ver. COL.* Non poder estar quieto ou tranquilo; non ter sosego, tranquilidade, descanso. *Os meus fillos danme moito choio pois non teñen paraxe.* # non ter parás
174. **non ter un can/peso para mandar cantar un cego** *loc. ver. COL.* Non ter nada, non ter diñeiro. *A onde vai ir se non ten un can para mandar cantar un cego.* # non ter un can/duro pa mandar cantar un cego
175. **non vir só** *loc. ver. COL.* Estar bébedo. *–Querida, dáme un biquiño. –Como se nota que non vés só! Isto debía pasar máis a miúdo.* # non vir solo
176. **nos cornos da lúa** *loc. adx. COL.* Moi incomodado. [Úsase con verbos como *andar, estar e*



- pórse*]. *Non sei que lle pasou á avoa que está nos cornos da lúa.*
177. **demo e a mona** *loc. subst.* COL. Un batifondo ou conflito. [Úsase xeralmente co verbo *haber*]. *A semana pasada na casa dos meus veciños houbo o demo e a mona por mor do capital.*
178. **pai que te/o... fixo!** *fór.* COL. [Expresa desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento, desacordo ou admiración]. *O pai que vos fixo!*
179. **tal para ir buscar a morte** *loc. adx.* COL., IRÓN. Moi lento en facer algo. *–Estamos a piques de cear e Miguel aínda non chegou coas patacas. –Ese é o tal para ir buscar a morte.*
180. **tío de América** *loc. subst.* COL. A menstruación. *A Ana que caladiña anda, non nos contou que xa lle veu o tío da América.*
181. **ollos de gata** *loc. subst.* COL. Ollos moi pintados. *Tanto te queres arranxar que sempre andas cos ollos de gata.*
182. **outra vaca vai no millo!** *fór.* COL. [Expresa desgusto ou rexeitamento. Utilízase cando alguén fai ou di algo do que non gustamos, co que non estamos de acordo ou que coidamos non ser certo]. *–Frega mellor esa louza. – Outra vaca vai no millo!*
183. **palla para o burro** *loc. subst.* COL. Cartas de pouco ou ningún valor. *–Vamos, Maruxa, conta as cartas, que me parece que gañaches o chico. –Iso paréceche a ti, mais non fixen máis que levar palla pró burro. # palla pó burro*
184. **para quen non quere hai moito fôr.** COL. [Dise a quen (ou de quen) rexeita ou despreza algo que outro lle ofrece]. *–Come roscón, Xulia, para que a fecha non che sente mal. –Grazas pero non teño gana. –Como ti queiras, para quen non quere hai moito. # pa quen non quere hai moito*
185. **parecer o Deus dos borreiros** *loc. ver.* COL. Ter moita paciencia, ser moi tranquilo. *O camareiro que nos pon o xantar no bar de en fronte xa parece o Deus dos borreiros.* [No dicionario de Eladio Rodríguez (Rodríguez González 1958 s.v.) defínese “borreiro” como ‘catador de colmeas’ e ‘o que comercia coa cera en cru’]. # parecer o Dios dos borreiros
186. **parecer/ser a farra das canas** *loc. ver.* COL. Haber moito barullo, berros ou choros. *Traballo nunha escola infantil e ás veces aquilo parece a farra das canas. | Canto rapaz xunto! isto é a farra das canas! [Poida que esta expresión teña que ver co ruído que fan as canas no canaval ao bateren unhas coas outras].*
187. **parecer un alguacil** *loc. ver.* COL. Estar observando con insistencia, controlando. *Que fas aí mirando. Xa parece un alguacil!*
188. **parecer un cabalo montado** *loc. ver.* COL. Estar de mal humor; ser de mal carácter. *O home dela as máis das veces parece un cabalo montado.*



189. **parecer un entroido** *loc. ver.* COL. Ir mal vestido, mal combinado ou cun aspecto ridículo. *Veño chea de rir, vin o teu afillado no autobús e ía que parecía un entroido.* # parecer un entroido
190. **parecer un pirixel** *loc. ver.* COL. Ser moi delicado de saúde ou moi susceptible. *A Mingos non se lle pode gastar unha broma, parece un pirixel.* # parecer un pixel
191. **parecer unha gaivota** *loc. ver.* COL. Andar fóra da casa, na rúa, a pasear ou divertirse. [Dise xeralmente como recriminación ou crítica]. *Parece unha gaivota, nunca para na casa.* # parecer unha gavota
192. **parecer unha parrumeira** *loc. ver.* COL. Estar moi emborreado, moi sucio. *Vaia vestido, parece unha parrumeira.*
193. **pedir papas** *loc. ver.* COL. Renderse. *Pido papas, xa non traballo máis hoxe. | Paréceme a min que ti xa pides papas, non dás acertado o que che pregunto.*
194. **peixe gordo** *loc. subst.* COL. Persoa importante; persoa rica. – *De quen é esa casa tan boa? – Non o sei, pero seguro que é dalgún peixe gordo.*
195. **pel de galiña** *loc. subst.* Aspecto da pel humana cando, por efecto do frío ou dunha emoción, toma o aspecto da pel dunha galiña desplumada. *Vou pór a chaqueta que teño a pel de galiña. | Emocioneime ao cantar a canción e púxoseme a pel de galiña.*
196. **(pequeno) coma un feixón** *comp.* COL. Moi pequeno. [Dise de persoas]. – *Pedro que bonito é. – Tes razón, mais é pequeno coma un feixón.*
197. **perder aire** *loc. ver.* COL., HUM. Tocar un instrumento musical de sopro. *A miña filla? Está na casa perdendo aire.*
198. **perdón polo gato lambón (que entrou pola xanela e saíu polo balcón)** *fór.* COL., HUM. [Dise para desculparse. Tamén o pode dicir a persoa á que se lle piden desculpas para tirar importancia aos feitos]. – *Perdón, non sabía que estiveses ocupado. – Perdón polo gato lambón # perdón polo gato lambón, (que entrou pola ventana e saliu polo balcón).*
199. **(pesado) coma o chumbo / máis pesado ca o chumbo** *comp.* COL. **1.** Moi pesado. *Este rapaz é coma o chumbo, xa case non podo con el no colo.* **2.** Moi aborrecido, moi pesado ou molesto. *Vai dar a palestra o director do conservatorio? Vaiche boa!, temos para dúas horas, ese é máis pesado ca o chumbo! # máis pesado ca o plomo*
200. **piollo pegadizo** *loc. subst.* COL., PEX. Persoa molesta que non se separa de alguén. *Arre demo, esa rapariga é un piollo pegadizo.*
201. **pisar cebolas** *loc. ver.* COL., HUM. Bailar mal, sempre da mesma maneira, lento. – *Se me convida a bailar ¿que fago? – Dálle unha desculpa, que só sabe pisar cebolas.*

202. **pór as costelas nun feixe** [a alguén] *loc. ver.* COL. Bater [a alguén], golpear [alguén]. *Ou me entregas o mes ou che poño as costelas nun feixe.* # pór as costelas/costillas nun feixe
203. **pór de verán** [alguén] *loc. ver.* COL. Reprender ou censurar [alguén]. –*Mamá, Luís suspendeu na escola.* –*Fixeches ben en mo dicir, miña filla, ao chegar vouno pór de verán.* # pór de vran
204. **pór en vinagre** [alguén] *loc. ver.* COL. Bater [a alguén], dar unha boa tunda [a alguén]. *Non te atrevas a traerme carolos nestes exames que te poño en vinagre.*
205. **pór os cornos** [a alguén] *loc. ver.* COL. Ser infiel [ao seu compañeiro ou compañeira]. *O teu querido irmanciño volveu a pórme os cornos, mais eu esta vez non o perdo.*
206. **pór unhas canizas** [a algo] *loc. ver.* COL., HUM. [Dise para expresar que o prato ou algo similar está tan acugulado de comida que xa non cabe máis nada, que está a punto de bordar]. *Enchíchelo tanto que vas ter que pórllle unhas canizas.* | *Ponlle unhas canizas!*
207. **pórse os pelos de punta** [a alguén] *loc. ver.* COL. Arrepiar, horrorizar, sentir moito medo ou desagrado. *Puxéronseme os pelos de punta cando vin o accidente de avión pola televisión.*
208. **quen fixo o mundo que teña man del** *fór.* COL. [Dise para se desentender de algo]. –*Manuel, acaba a sobremesa que vai vir a*  
*chuvia e temos que facer as medidas da palla.* –*Estou canso. Quen fixo o mundo que teña man del.*
209. **(quente) coma un roxón / máis quente ca un roxón** *comp.* COL. *Ben quente. Ten os pés coma roxóns.*
210. **Ramona a Bota** *loc. subst.* COL., PEX. Persoa que chega tarde ou é sempre a última. *Mala chispa te coma, Lucía, sempre chegas de Ramona a Bota.* | *Vaia, aí vén Ramona a Bota.* [“bota” pronúnciase con “o” aberto]. [Nun artigo de Xosé María Álvarez Blázquez publicado por ocasión do Día das Letras Galegas do ano 2008 e titulado *As Travesas* no ano 46, este autor refírese a unha personaxe popular do barrio vigués das Travesas chamada Ramona La Bota que, segundo el, merecera esta nomeada porque “andaba cunhas grandes botas sen amalloor a fin de poder ceibalas a modo de obuses cando lle entraba a arroutada”].
211. **rascar as pernas** *loc. ver.* COL. Non estar facendo nada, estar ocioso. *Os carpinteiros? Eses non fan máis nada ca rascar as pernas.*
212. **remover na merda** *loc. ver.* VULG. Falar de asuntos pasados desagradables. –*Oes, por que te deixaches co teu mozo?* –*Fai favor, non removas na merda.*
213. **ruín coma a peste / máis ruín ca a peste / peor ca a peste** *comp.* COL., PEX. Moi malo, moi ruín. *O meu neto é peor ca a peste, ten que levar moitas tundas.*

214. **saber a cantas andar** *loc. ver.* COL. Estar informado, saber o que di ou fai, non estar confuso ou desorientado. [Úsase máis en construcións negativas como “non saber a cantas andar” ou “sen saber a cantas andar”]. *Con estes cambios constantes de horarios xa non sei a cantas ando. | Esa longa viaxe deixoute sen saber a cantas andas, tes que te relaxar un pouco.*
215. **sacar da cabeza algo máis ca piollos** *loc. ver.* COL. Esforzarse máis, pensar ou razoar máis [referido á actividade intelectual ou aos estudos]. *A ver se sacades da cabeza algo máis ca piollos.*
216. **sacar pelos dunha perna e metelos noutra** *loc. ver.* COL., HUM. Non estar facendo nada, estar ocioso. *–E ti que estás facendo? –Estou sacando pelos dunha perna e meténdoos noutra.*
217. **sacudir o po** [a alguén] *loc. ver.* COL. Bater [a alguén]. *Migueliño, ou paras de amolarme ou che sacudo o po. # sacudir o polvo*
218. **saír a tripa cagueira** [a alguén] *loc. ver.* COL., HUM. [Díselles aos nenos cando se asustan por unha ferida]. *Non chores tanto que o corte foi pequeno, e por aí non che vai saír a tripa cagueira. | Vaiche saír a tripa cagueira. # salir a tripa cagueira*
219. **saúde de ferro** *loc. subst.* Saúde moi boa, excelente. *Leva quince anos sen coller unha baixa no choio, iso si que é unha saúde de ferro. # salú de ferro*
220. **se tes/ten... moito levántate/que se levante... de noite e cómeo/que o coma...** *fór.* COL., PEX. [Dise a quen (ou de quen) presume moito de riqueza]. *–Atopeime con Fausto e púxose a contarme todo o que ten. Xa non me acordo nin da metade! –Pois se ten moito que se levante de noite e que o coma.*
221. **(seica / parece que) viches/vistes... a bruxa!** *fór.* COL. [Dise para referirse a quen vai co cabelo despeitado ou de punta, ou con aspecto de ter levado un susto]. *Mi madriña, Lucía, que cabelos traes, parece que viches a bruxa! # miraches a bruxa*
222. **(seica / parece que) viches/vistes... o lobo!** *fór.* COL. [Dise para referirse a quen vai co cabelo despeitado ou de punta, ou con aspecto de ter levado un susto]. *Seica viches o lobo, Sesiño! Que che ocorreu, home? # miraches o lobo*
223. **sempre e mais despois** *loc. adv.* COL. Arreo. *Ti nunca cansas, queres festa sempre e mais despois. | Non me rompas a cabeza, falas sempre e mais despois.*
224. **sen ton nin son** *loc. adv.* ou *adx.* COL. Sen lóxica, sen razón aparente, sen reflexión, de xeito disparatado. *Fala sen ton nin son, non sabe nin o que di. | Nos xornais ás veces publicanse artigos sen ton nin son. # sin ton nin son*
225. **sentar cabeza** *loc. ver.* COL. Coller xuízo [quen non o tiña],

- facerse responsable. *A ver se senta cabeza e pode vivir en paz!*
226. **ser máis parvo ca os pelos do cu (que ven vir a merda e non se apartan)** *loc. ver.* VULG. Ser moi parvo. *Ese é máis parvo ca os pelos do cu e non o quero ver diante.* # ser máis parvo ca os pelos do cu (que miran vir a merda e non se apartan)
227. **ser o demo (cos cornos)** *loc. ver.* COL. Ser alguén moi revoltoso, inquieto, bromista, divertido ou malo. *O meu fillo non para, é o demo cos cornos.*
228. **sete para un caldeiro** *loc. subst.* COL. Unha boa berregueira ou reprimenda. *Onte levei sete para un caldeiro por non facer as tarefas escolares.* | *Boteille sete para un caldeiro cando chegou.* # sete pa un caldeiro
229. **soñar desperto** *loc. ver.* Fantasiar, imaxinar como posibles cousas irrealizables. –*Mamá, cando case quero un casamento de douscentos convidados.* –*Meu fillo, ti soñas desperto.*
230. **sopas de burro cansado** *loc. subst.* Pan mollado en viño (xeralmente tinto). *Cando acabe de sachar o campo de millo hei tomar unhas sopas de burro cansado.*
231. **tan bo é Xan coma Pirillán** *fór.* COL. [Expresa que dúas persoas son parecidas; xeralmente, en sentido negativo]. *Pois eu penso que tan bo é Xan coma Pirillán.*
232. **tarde piaches/piastes** *fór.* COL. [Dise cando alguén se lembrou tarde de algo ou cando xa é tarde para algo]. –*Mañá xógase o sorteo da lotaría, ¿sobrouche algún décimo?* –*Laméntoo, meu amigo, tarde piaches.*
233. **tentar o demo** *loc. ver.* COL. Dar ocasión ou motivo para se pór en perigo dalgunha cousa mala, provocándoa ou buscándoa. –*Mamá, voulle dicir ao papá se me deixa saír de noite.* –*Non o fagas, rapariga, non tentes o demo.*
234. **ter máis ca pelos na cabeza** *loc. ver.* COL. Esforzarse máis, pensar ou razoar máis [referido á actividade intelectual ou aos estudos]. *Ese problema está mal feito; hai que ter máis ca pelos na cabeza.*
235. **ter máis merda ca un pau do galiñeiro** *loc. ver.* VULG. Estar [unha cousa] moi sucia. *Esa cociña ten máis merda ca un pau do galiñeiro, a ver se a limpades*
236. **ter man** [en algo/alguén] *loc. ver.* Controlar [algo/alguén], administrar [algo], ter cautela con [algo/alguén]. *Teño que ter man nos rapaces, non o vaían estragar todo.* | *Así ten a casa que ten porque tivo man nos cartos.* | *Tes que ter man no teu can non nos vaia dar un desgusto.*
237. **ter menos sentido ca unha galiña no cu** *loc. ver.* COL., PEX. Ter moi pouco siso, ser irreflexivo. *Chega máis cedo, tes menos sentido ca unha galiña no cu.*
238. **ter millo na cabana** *loc. ver.* COL. Ter cartos, ser rico. *O pai dela ten moito millo na cabana, así non é milagre que faga esas viaxes*

- e gaste o que gasta. [“cabana” é o nome local do “canastro” ou “hórreo”]. # ter millo na cabaña*
239. **ter o buraco feito** *loc. ver.* COL. Haber un destino decidido para gastar ou empregar o diñeiro. –*O diñeiro das horas extras deste mes a ver se o aforro para un mal momento que poida ter. –Pois os meus xa teñen o buraco feito hai medio ano.*
240. **ter o cu coma unha cesta** *loc. ver.* COL. Ter o cu grande. *Ten o cu coma unha cesta.*
241. **(teso) coma un berete / máis teso ca un berete** *comp.* COL. Moi dereito, moi teso. *O día da primeira comunión ía teso coma un berete. | Un neno de tres meses e xa anda máis teso ca un berete.*
242. **tira/tirade de aí! / tira/tirade para alá!** *fór.* COL. [Úsase para rexeitar alguén ou algo ou para expresar incredulidade]. *Querían que aprendese a mergullarme e dixen eu: tira para alá! | –Teño corenta anos e penso ter un fillo aínda. –Tira para alá, despois de que se mete o sol logo é noite. # saca/tira de aí / saca/tira pa la*
243. **tocar o carallo/nabo** [a alguén] *loc. ver.* VULG. Amolar [alguén], importunar [alguén]. *Mira, non me toques o nabo, ho!*
244. **traballar no arame** *loc. ver.* COL. Exercer de prostituta. –*Fixate, Beatriz traballa no arame –Ás veces calado que guapiño serías. # traballar no alambre*
245. **tremar coma unha vara verde** *loc. ver.* COL. Tremar moito [co frío ou co medo]. *Tremamos coma unha vara verde vendo a película de onte. # temblar como unha vara verde*
246. **untar o bico** [a alguén] *loc. ver.* COL. Subornar [alguén]. –*O Carlos entrou a traballar no Concello. –A quen lle untaría o bico ese?*
247. **vai cagar onde cagaches onte (que fas máis grande monte)** *fór.* VULG. [Exclamación de rexeitamento con que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar]. *Xa estou cheo dos teus incumprimentos! Vai cagar onde cagaches onte!*
248. **vaiche boa!** *fór.* COL. **1.** [Expressa que hai moita diferenza entre o que se di e o que realmente é, ou para dar máis énfase a unha valoración]. –*Non te vaias que isto aínda vai durar moito. –Vaiche boa, e eu co que teño que facer...!* **2.** [Úsase para expresar que hai moito tempo que ocorreu algo]. *Tráesme unha noticia que vaiche boa o tempo que a sei.*
249. **vai/ide chorar a Cangas!** *fór.* COL. [Dise para desentenderse de quen non para de pedir, pide de máis ou se queixa de algo]. *Mira, rapaz, para de pedir, vai chorar a Cangas!*
250. **vai/ide ver se chove!** *fór.* COL. [Exclamación de rexeitamento con que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar]. *Sabes o que che eu digo? Vai ver se chove! # vai/ide mirar se chove*
251. **vai na man se o levan** *fór.* COL. [Expressa que algo é fácil, que non

dá moito traballo]. –*Como boles a rapar na ovella! –Isto vai na man se o levan.*

252. **vállame Cristo/Deus!** *för.*  
[Expresa desgusto, desaprobación, sorpresa ou resignación]. *Vállame Deus, rompín os zapatos. # válgame Cristo/Dios!*

253. **ventar o cu foliada** [a alguén]  
*loc. ver. COL. Desconfiar [un*

*nenos] que non o van levar a algún sitio. –María marchamos a regar? –A ver con quen deixamos o rapaz que parece que lle venta o cu foliada.*

254. **verter coma unha cesta** *loc. ver. COL. Verter moito. –Tráeme ese caldeiro que o quero encher de terra para as plantas. –Pero papá, ¿non te acordas que verte coma unha cesta?*

### Referencias bibliográficas:

- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Xosé María (2008): *As Travesas no ano 46*. Vigo: Galaxia. (Folleto de 4 páxinas)
- PEREDA ÁLVAREZ, José María (1953): “Aportaciones léxicas y folklóricas al estudio de la lengua gallega”, en *Douro Litoral VII-VIII* da quinta serie, Porto. 19-52.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. 3 vols. Vigo: Galaxia. 1958 (I) / 1960 (II) / 1961 (III)

# Refraneiro escolar galego do cambio de milenio

Estefanía Prieto Donate<sup>1</sup>

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Edición do caudal paremiolóxico galego en uso no cambio de milenio (1995-2007), recollido por uns 300 alumnos de diferentes lugares de Galicia. Trátase dunha mostra ponderada xeográfica e demograficamente, espella variacións dialectais e permite albiscar frecuencias de uso das paremias. Esta recadádiva súmase ás que vén exhumando *Cadernos de Fraseoloxía Galega*.

Palabras clave: fraseoloxía, colocacións, locucións, refráns, recadádiva *in situ*.

*Edition of the Galician paremiological wealth in use during the change of millenium (1995-2007), compiled by about 300 students of different parts in Galicia. It consists of a geographical and demographic sample showing dialectal variations. It allows us to see the frequency of use of idioms. This compilation is another contribution published by Cadernos de Fraseoloxía Galega.*

*Keywords: phraseology, collocations, locutions, proverbs, compilation in situ.*

## 1. Introducción

### 1.1. Procedencia e localización deste corpus

As coleccións paremiolóxicas tenden a medrar por acumulación, de xeito que a paremia que unha vez alguén publica tende a figurar xa en tódalas coleccións posteriores, independentemente de que siga viva ou de que xa ninguén a use. Esta sedimentación, puramente bibliográfica, crea unha sensación falsa sobre cal é realmente no momento actual o corpus paremiolóxico dunha lingua calquera. E o caudal pancrónico resultante crea, ademais, a sensación de que as linguas de Estado teñen un caudal paremiolóxico

---

Data de recepción 15/05/2009 Data de aceptación 28/09/2009

<sup>1</sup> Como universitaria de Jaén fago constar que este traballo é froito dunha bolsa de estadía no ano 2008 no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que me deu acceso á información do Tesouro Fraseolóxico Galego. Agradézoo e agradézollo tamén a cantos profesores, alumnos e pais ou avós construíron coa súa xenerosidade este caudal paremiolóxico. A miña gratitude vai tamén a Alba Vidal, Emma Salgueiro, Cristina Rodríguez e Fernando Groba; e a quen me dirixiu, Xesús Ferro Ruibal.

inmensamente maior cás linguas minorizadas e menos formalizadas (Ferro 1997:208-209).

Por esa razón nunha estada no Centro Ramón Piñeiro déuseme a oportunidade de utiliza-los fondos de recente recollida (1995-2007) para albiscar cal é o refraneiro que vén á mente no cambio de milenio en Galicia. Procurouse que a mostra fose xeográfica e demograficamente proporcional. Utilizáronse materiais recollidos en tres centros da Coruña, dous de Pontevedra, un de Lugo e outro de Ourense, e que se recibiran no Centro Ramón Piñeiro para contribuír ó Tesouro Fraseolóxico Galego. Unha clave numérica identifica as provincias 1 (A Coruña), 2 (Lugo), 3 (Ourense) 4 (Pontevedra).

- Se o mes de agosto vén claro, bo magosto e bo nabo; pero se vén nubrado, poucas castañas e nabos furados.* [2007] (30635).
- Se o mes de agosto vén claro, bo magosto e bo nabo; se vén nubrado, poucas castañas e nabos furados.* [1995-1997] (21125-11347).
- 2** *Se o Nadal nada, sinal de boa anada.* [2001] (11203). [2001] (11203).
- Se o raposo fora tan listo como din non se sabía.* [1996] (417119).
- Se o río fai ruído é porque auga leva.* [2003] (11659-4510).
- Se o río \*sona é que auga leva.* [2007] (30631).
- Se ó vello lle quitan a pinguiña e maila cociña que o soteren axiña.* [1995] (41768).
- Se polo Nadal neva, todo se aleda.* [2007] (30622).
- 2** *Se por marzo canta a ra, no maio xa calará.* [1995-1997] (21121-06140). [2004] (45642-3821).
- Se pos as patacas no mes de febreiro, còllenche nun sombreiro.* [2001] (11203).
- Se queres boas castañas para o magosto, ten que chover en agosto.* [2007] (30617).
- Se queres buscar a moza, n'a busques na romería búscala na súa casa vistida d'a cada día.* [2003] (11674-6009).
- Se queres comer patacas en maio, plántaas na semana do san Paio.* [2004] (45685-8106).
- Se queres comer patacas en maio, ponas en san Paio.* [2004] (45654-5004).
- Se queres comer patacas en san Xoán, bótaas cando o pan.* [1998] (17330-24447).
- Se queres coñecer o que te quer ben, pidelle algo que non tes e el ten.* [1998] (17330-13229).
- Se queres facer boa caña, hai que dar una boa maña.* [2007] (30634).
- Se queres que a auga corra, quitalle o terrón á presa.* [1995-1997] (21123-09258).
- Se queres que eu che cante, a paga por diante.* [2001] (11203).
- Se queres que te siga o can, dálle pan.* [2003] (11651-3701).
- Se queres saber o que vale un ducado, pídeo emprestado.* [1998] (17330-14250).
- Se queres tallar bo entrecosto, empeza a cebar en agosto.* [1995-1997] (21124-10305).
- Se queres ter allo fino, planta por san Martiño.* [2007] (30640).
- Se queres ter bo allal, seméntao no Nadal.* [2007] (30617).
- 2** *Se queres ter bo canastro, corta os vimbios en marzo.* [2007] (30644). [1995-1997] (21116-08219).
- Se queres ter bo entrecosto, ceba no agosto.* [2001] (11203).
- Se queres ter boa fama, que non che dea o sol na cama.* [2001] (11203).
- Se queres ter bos nabos, en san Xoán tes que sementalos.* [1998] (17330-23418).
- Se queres ter mel, castra a colmea por san Miguel.* [2007] (30623).
- Se queres ter o teu home gordiño, despois do caldo dálle un gotiño sempre que sexa de viño.* [1998] (17330-11189).
- Se queres ter sana a illarga, non cargues moita carga.* [1998] (17330-21385).
- Se queres un consello, pidello ó vello.* [1995-1997] (21118-04070).
- Se queres vir comigo, trai contigo.* [1998] (17330-13219).
- Se sementas perexil en maio, teralo para todo o ano.* [2001] (11203).
- Se setembro non ten frutas, agosto tivo a culpa.* [2001] (11203).
- Se te colle o sol na cama o primeiro de maio, andas todo o ano esmaiado.* [2004] (45638-3415).



- Se te deitas cedo, vivirás sempre san.* [2004] (45652-4806).
- Se te morde un alacrán, busca viño e busca pan que mañá te enterrarán.* [1995-1997] (21123-09274).
- Se te morde unha donicela, busca a camisa p'a terra.* [1995-1997] (21123-09273).
- Se te traba un alacrán, busca vida e busca pan que mañá te enterrarán.* [2004] (45679-7504).
- Se trona ó \*poniente, colle o gando e vente.* [2007] (30621).
- Seas mentireiro ou seas verdadeiro, nunca seas can de palleiro.* [2004] (45649-4506).
- Segredo que de dous é xa segredo non é.* [1998] (17330-25472).
- Segundo fagas a túa cama, así dormirás.* [2007] (30633).
- Seitura pa segar e agosto pa mañar, 31 han de levar.* [2007] (30615).
- Seitura regar, agosto mañar e trinta e un han de levar.* [2007] (30633).
- Sementa e cría e terás alegría.* [1998] (17330-26475).
- Sempre berra e poñe un ¡jay!! e para pagar unha copa aínda lle ten que pagar o seu pai.* [2003] (11645-3105).
- Sempre fala o porco que máis cheira.* [2004] (45693-8914).
- Sempre que teñas algunha \*duda conserva a \*lengua muda.* [2004] (45652-4809).
- Sempre ten que haber un as que mate o tres.* [2003] (11640-2605).
- Sempre \*sale a falar quen ten por que calar.* [2003] (11675-6111).
- Sen palla non se enche un palleiro.* [2001] (11203).
- Sena pouco, come máis, durme en alto e vivirás.* [2004] (45607-0204).
- Sente nova e leña verde todo é fume.* [1995] (41770).
- Ser bo entre malos é moito traballo.* [1998] (17330-08140).
- Sermón, visita e discurso: non máis de media horiña.* [2004] (45652-4810).
- Seso ten de borrico quen vive pobre para morrer rico.* [2004] (45626-2204).
- Sete limosnas non fan un xantar.* [2003] (11650-3608).
- 3** *Sete nun pé, choupín malo é.* [2004] (45669-6510). [2003] (11615-0107). [2004] (45663-5907).
- Setembro é tonto ou seca as fontes ou solaga as pontes.* [2007] (30637).
- Setembro ou leva as pontes ou seca as fontes.* [2004] (45662-5876).
- Setembro ou leva pontes ou seca fontes.* [2004] (45671-6705).
- 4** *Setembro ou seca as fontes ou leva as pontes.* [2004] (45685-8101). [1995-1997] (21116-06142). [1995-1997] (21124-10310). [2007] (30622).
- Setembro ou secan as fontes ou caen as pontes.* [1995-1997] (21129-14503).
- Si a abella ves beber, moi pronto verás chover.* [2004] (45607-0210).
- Si a esperanza é perdida, que queda de bo na vida?* [2004] (45629-2512).
- Si chove día de san Antonio de xaneiro, pipas ó fumeiro.* [2004] (45685-8112).
- Si no marzo oes tronar, prepara as cubas e o lagar.* [2007] (30620).
- Si para a túa casa é madeiro, córtao no xaneiro.* [2004] (45689-8501).
- Si para a túa casa é o madeiro, córtao no xaneiro.* [2004] (45616-1211).
- Si polo san Xurxo chove, de cen cereixas fican nove.* [1998] (17330-09150).
- Si queres saber si hai auga no pozo, espera un outono fermoso.* [2003] (11634-2009).
- Si te traba un alacrán, busca viño e busca pan que mañá te enterrarán.* [2003] (11661-4710).
- Si ti non me queres, no mundo sobran mulleres.* [1995-1997] (21118-04086).
- Si \*junio é húmedo e \*caliente, verás o campesiño \*sonriente.* [2004] (45643-3903).
- Sinal de fame en todo o eido, cando as ras cantan no xaneiro.* [1995-1997] (21122-06157).
- Sobras de ricos, comida de pobres.* [2004] (45649-4502).
- Sofre un burro a carga, mais non a sobrecarga.* [2004] (45679-7507).
- Sogra e sogro, can e gato, non comen ben no mesmo prato.* [2001] (11203).
- 2** *Sogra e sogro, gata e gato nunca comen ben no mesmo prato.* [2003] (11620-0609). [2003] (11624-1009).
- 3** *Sogra, avogado e doutor, canto máis lonxe mellor.* [2007] (30644). [2004] (45644-4009). [2004] (45667-6302).
- Sogra, cuñada e muller son malas de coñecer.* [2003] (11618-0408).
- Sogra, cuñada e muller son malas de coñecer.* [1995-1997] (21118-04091).
- Sogra, moza e xenro son a entrada do inferno.* [1995-1997] (21118-04093).

- Sogra, nora e xenro son a entrada no inferno.* [2003] (11635-2103).
- Soia en abril, abre a man e déixaa ir.* [2003] (11677-6337).
- Sol de \*niebla, tarde pela.* [2004] (45647-4301).
- Sol madrugador do inverno mete o can no palleiro.* [1995-1997] (21116-03047).
- Sol madrugador, mula que fai "hin" e muller que sabe moito latín nunca tran bon fin.* [1995-1997] (21116-03046).
- Sol madrugante, mozo ruante e mula que fai "hin..." nunca terán bo fin.* [1995-1997] (21116-03049).
- Sol madrugueiro, auga no rueiro.* [2001] (11203).
- Sol que moito madrega pouco dura.* [2004] (45607-0209).
- Solteiriño e corentón, que sorte tes, ladrón.* [2007] (30617).
- Sombra de laiteiro, fungos da muña no abeiro.* [2003] (11615-0110).
- Sombra de lateiro, fungos da muña no abeiro.* [2004] (45632-2801).
- Sombra de lateiro, fungos na muña no abeiro.* [2004] (45663-5901).
- Sonaba un cego que vía e sonaba o que el quería.* [1998] (17330-09147).
- Tabaco, muller e viño mellor para min que para o viciño.* [1998] (17330-26483).
- Tal o corvo, tal o ovo.* [1998] (17330-14233).
- Tan bo é Xan coma Pedro.* [2001] (11203).
- Tanto dá a auga na pedra qu'a rompe.* [2007] (30633).
- Tanto di Xan coma seu irmán.* [2004] (45693-8905).
- Tanto dure a mala veciña coma a neve marceliña.* [2001] (11203).
- Tanto en febreiro no selleiro, tanto en marzo no braseiro.* [1995-1997] (21116-08216).
- Tanto en febreiro no solleiro, tanto en marzo no braseiro.* [1995-1997] (21128-13489).
- Tanto leva o diaño o roubado como o ben gañado.* [1998] (17330-14243).
- Tanto lle quere a \*paloma ó seu \*palomiño como o corvo ó seu corviño.* [2004] (45636-3204).
- Tanto peca o que \*roba a horta como o que espera na porta.* [2004] (45629-2517).
- Tanto ten Xan coma o seu irmán.* [2001] (11203).
- Tanto vai o cántaro á fonte que ó final rompe.* [2004] (45618-1410).
- Tantos días de xaneiro, tantos allos no alleiro.* [1995-1997] (21118-04077).
- Tantos días de xaneiro, tantos allos perde o alleiro.* [2001] (11203).
- Tantos días en xaneiro, tantos allos no alleiro.* [1995-1997] (21126-12394).
- Tantos días ten xaneiro, tantos lobos no carreiro.* [1995-1997] (21126-12404).
- Tápame os nomes e non os homes.* [2004] (45648-4414).
- Tarde e mal, dúas veces mal.* [1998] (17330-26485).
- Tarde ou cedo, o gando vai para a corte ou para o cortello.* [1998] (17330-15269).
- Tellado feito de contado non tarda en ser retellado.* [1998] (17330-26488).
- Temporá é a castaña que por setembro refaña.* [2007] (30639).
- Ten o inverno por pasado se ves a febreiro empapado.* [2004] (45671-6702).
- 2** *Ten ventura o que a procura.* [2003] (11637-2309). [2003] (11628-1405).
- 5** *Tendo saíde e comendo ben, o traballo non mata a ninguén.* [2004] (45631-2712). [2004] (45679-7508). [2004] (45647-4309). [2004] (45689-8513). [2003] (11672-5807).
- Teño tres veciños pero fáltanme tres galiñas.* [2003] (11640-2607).
- Terra sen \*abono acaba co seu dono.* [2001] (11203).
- 4** *Tiran máis dúas tetas que dúas carretas.* [2004] (45655-5110). [2004] (45657-5307). [2003] (11630-1605). [2004] (45634-3008).
- Todo colle nun xarriño sabéndoo acomodar.* [2004] (45618-1412).
- Todo fiel cristián está obrigado a facer un cigarro detrás dun balado.* [1995-1997] (21127-13470).
- Todo o que entra á rede é peixe.* [2004] (45696-9201).
- 2** *Todo o que entra na rede é peixe.* [2004] (45628-2406). [2004] (45691-8701).
- Todo o que entra sae.* [2004] (45634-3001).
- 2** *Todo o que vai á rede é peixe.* [2007] (30642). [2004] (456101-9709).
- Todo o que vén á rede é peixe.* [2004] (45630-2615).
- Tódolos camiños chegan a Roma.* [2004] (45622-1801).
- Todos me saben o viño que levo.* [2004] (45625-2113).
- Todos os santos teñen novena e algúns como o santo Cristo de Ourense.* [2004] (45679-7523).

- Torcer para dentro, andar de trencos; torcer para fóra, andar que mora.* [2003] (11636-2249).
- Traballa e non comerás palla.* [2007] (30633).
- Traballar é virtude; non traballar, saúde.* [2004] (456100-9607). [2003] (11661-4708).
- Tras dunha dor nunca falta outra maior.* [1998] (17330-14247).
- Trastes vellos, ó faiado.* [2003] (11677-6301).
- Treboada polo leste, calma ó nordeste.* [2001] (11203).
- Tres anos de can novo, tres anos de novo can; tres anos de can vello, tres anos de vello can.* [2004] (45649-4504).
- Tres días hai no ano de gran veneración: \*Jueves Santo, Corpus Cristo e o día da Asunción.* [2004] (40516-0305).
- Tres días hai no año que se enche ben a panza: o santo, o \*cumpleanos e o día da matanza.* [2004] (45648-4416).
- Tres fillos e unha nai, catro demos para un pai.* [2004] (45623-1904).
- Trinta días leva novembro con abril, xuño e setembro; vinte e oito ten un; os demais a trinta e un.* [2007] (30622).
- Trinta días leva \*noviembre con abril, \*junio e \*septiembre.* [2007] (30638).
- Trinta días ten setembro con abril, xuño e novembro; de vinteoito só hai un e os demais de trinta e un.* [2007] (30633).
- Tronos en maio anuncian mal ano.* [1998] (17330-26492).
- Un bo lume na lareira e un bo pote na cadea.* [1995-1997] (21116-09293).
- Un bo lume na lareira quenta o xantar e a cea.* [1995-1997] (21116-09295).
- Un bo viño alegre o ollo, \*limpia o dente e \*sana o \*vientre.* [2004] (45648-4412).
- Un cravo saca outro.* [1995] (41797).
- Un chopiño de augardente deixa o corpo quente.* [2001] (11203).
- Un de febreiro, dous candeeiro e tres san Braiseiro.* [2001] (11203).
- Un é \*esclavo das súas palabras e dono do seu segredo.* [2003] (11675-6110).
- Un fillo casado na beira da porta é unha cabra na horta.* [1995] (41770).
- Un gran non enche o celeiro pero axuda o compañeiro.* [2007] (30644).
- Un gran non enche o celeiro pero axuda ó compañeiro.* [1995-1997] (21116-03057).
- Un gran non fai granxeiro pero axuda o compañeiro.* [2004] (45660-5606).
- Un gran non fai un graneiro pero axuda o compañeiro.* [2004] (45618-1402).
- Un grao non enche o celeiro mais axuda o compañeiro.* [1998] (17330-16289).
- Un grao non fai graneiro pero axuda o compañeiro.* [1995-1997] (21122-07186).
- Un home é un home e un gato é un bicho.* [2001] (11203).
- Un home é un home, e un gato é un bicho, e unha muller, un capricho.* [2003] (11625-1115).
- Un home é un home, un gato é un bicho, e unha muller, un capricho.* [2004] (45655-5107).
- Un home non está para mozas cando mexa nas botas.* [1998] (17330-19351).
- Un médico cura, dous \*dudan e tres, morte segura.* [2004] (45623-1907).
- Un ollo no \*plato e outro no gato.* [1995-1997] (21126-12393).
- Un pai para cen fillos e non cen fillos para un pai.* [1998] (17330-24434).
- 4** *Un só non é ninguén pero dous xa son alguén.* [2004] (45665-6103). [2004] (45670-6619). [2004] (45679-7532). [2004] (45647-4317).
- Un traballo sen proveito é facer o que está feito.* [2004] (45629-2511).
- Un vello e unha vella cásanse pola moeda, a moeda acaba e o vello quédase.* [2004] (45645-4105).
- Un vello, dúas veces meniño.* [2007] (30641).
- 3** *Un \*clavo quita a outro.* [2003] (11638-2409). [2003] (11628-1407). [2003] (11665-5105).
- Unha cousa é predicar e outra dar trigo.* [2003] (11637-2308).
- 2** *Unha da boca lle sae e outra no corpo lle queda.* [2004] (45647-4305). [2004] (45679-7521).
- Unha estudante enamorada nunca chega a aprobar.* [2003] (11663-4909).
- Unha idea saca a outra como pasa coas cereixas.* [1998] (17330-21383).
- Unha mala palabra é como unha coitelada.* [2004] (45662-5848).
- Unha mazá non cae lonxe da súa árbore.* [2007] (30633).
- Unha mentira ben composta moito vale e pouco costa.* [2004] (45648-4413).
- Unha noite no muiño, unha noite non é nada, unha semana enteira, esa si que é muiñada.* [2004] (45635-3113).



- Unha ouvella branca trae un año negro.* [2004] (45621-1705).
- Unha pa saber e outra pa aprender.* [2004] (45668-6422).
- 2** *Unha por outra non é pecado.* [2004] (45636-3213). [2004] (45634-3003).
- Unha pulga nun can é coma o sol no verán.* [1995-1997] (21123-09276).
- Unha vez ó ano non fai dano.* [2004] (45636-3211).
- Uns levan a fama e outros cardan a \*lana.* [2001] (11203).
- Uns nacen con estrelas e outros nacen estrelados.* [2004] (45648-4411).
- Uns saben o que fan e outros fan o que saben.* [2004] (45667-6310).
- Uns saben o que fan, outros fan o que saben.* [2004] (45629-2516).
- Vaca gabada, leite nos cornos.* [2007] (30615).
- Vaca mexada, vaca preñada.* [1995-1997] (21126-12421).
- Vaca que non come cos bois ou comeu antes ou come despois.* [2007] (30635).
- Vaca vella, á feira con ela.* [2007] (30641).
- Vai a vella morrendo e vai aprendendo.* [2004] (45642-3823).
- 2** *Vai o vello morrendo e vai aprendendo.* [1995] (41770). [2004] (45635-3103).
- Vai o vello morrendo, vai aprendendo.* [2004] (45619-1508).
- Vaiche o vello morrendo e vai aprendendo.* [2004] (45647-4315).
- Vaite, febreiriño corto, cos teus días 28, que se duras máis catro non queda can nin gato.* [2004] (45689-8502).
- Vaite, febreiriño corto, cos teus días vinteoito, que si duras máis catro, non queda nin can nin gato.* [2004] (45677-7302).
- Vaite, febreiriño curto, cos teus días 28 que si duras máis 4 non queda can nin gato.* [2007] (30630).
- Vaite, febreiriño curto, cos teus días vinteoito, que si tiveras máis catro non quedaba can nin gato.* [1995-1997] (21124-10318).
- Vaite, febreiro, cos teus 28 días; se chega a ter máis catro, non queda nin can nin gato.* [2004] (45638-3411).
- Vaite, febreiro, cos teus 28 que se duraras máis catro non quedaba can nin gato.* [2004] (45693-8912).
- Vaite, febreiro, cos teus 28 que, se duras máis 4, xa non queda can nin gato.* [2004] (45643-3904).
- Vaite, febreiro, cos teus vinteoito, se duraras máis catro non quedaba pé nin ghato.* [2004] (45613-0907).
- Vaite, \*febrero, cos teus 28, se duran máis catro, non queda can nin gato.* [2004] (45635-3115).
- Vai, febreiro, cos teus vinteoito, se tiveses máis catro, non quedaba can nin gato.* [1995] (41769).
- Val máis pequeno que grande e burro.* [2003] (11655-4104).
- Vale máis a quen Deus axuda que o que cedo madruga.* [2004] (45619-1510).
- Vale máis andar ca ornear.* [2003] (11640-2604).
- Vale máis arrieiro dunha besta que criado dunha recua.* [2001] (11203).
- 2** *Vale máis caer en gracia que ser gracioso.* [2003] (11648-3409). [1995-1997] (21116-04068).
- Vale máis dar ca pedir.* [2007] (30634).
- Vale máis descoser que romper.* [1998] (17330-14242).
- Vale máis maña que forza.* [2003] (11641-2708).
- Vale máis o que o sol cría que o que a auga deixa.* [2001] (11203).
- Vale máis o ruín coñecido có bo por coñecer.* [2001] (11203).
- Vale máis o ruín coñecido que o bon por coñecer.* [1995-1997] (21116-03061).
- Vale máis pan duro que consello de burro.* [1998] (17330-24440).
- Vale máis paxaro na man que cento voando.* [1995] (41783).
- Vale máis pequeno agudo que grande burro.* [2001] (11203).
- 2** *Vale máis pequeno e agudo que grande e burro.* [1995] (417105). [2003] (11662-4809).
- 2** *Vale máis pouco pecar que moito confesar.* [1995-1997] (21116-03051). [2007] (30617).
- Vale máis ruín coñecido, bo por coñecer.* [2007] (30641).
- 2** *Vale máis ser pequeno e agudo que grande e burro.* [2003] (11674-6003). [2003] (11641-2706).
- Vale máis solteiro que mal casado.* [2004] (45695-9110).
- 2** *Vale máis tarde que nunca.* [2003] (11640-2603). [2004] (45634-3006).
- 2** *Vale máis ter que desexar.* [1995] (41795). [1995] (41781).
- Vale máis un día de sol de febreiro ca tódolos cabalos do reino.* [1995-1997] (21116-06126).
- Vale máis un paxaro en mao que cen voando.* [1995-1997] (21118-04081).

- Vale máis un pequeno agudo que un grande burro.* [2004] (45621-1703).
- Vale máis un queixo de nabo que catro de maio.* [1995-1997] (21126-11389).
- Vale máis unha muller guisando que cen latricando.* [1998] (17330-23416).
- Vale más paxaro na man que cen \*volando.* [2003] (11644-3009).
- Vale más ter que \*desear.* [2003] (11644-3013).
- Vello que se cura, cen anos dura.* [2004] (45649-4513).
- Vén marzo, que fai andar ca man debaixo do brazo.* [2004] (45638-3412).
- Vende na casa e merca na feira se queres saír da laceira.* [1998] (17330-21393).
- Vento do mar e chuvia na ría, temos para todo o día.* [2001] (11203).
- Vento do norte, auga forte.* [2007] (30620).
- Vento, riqueza e ventura non son cousa segura.* [2001] (11203).
- Veña maio pardo e san Xoán claro.* [1995-1997] (21116-06148).
- Verán que dura, outono que asegura.* [2004] (45671-6704).
- Veraneando vaixe o tempo voando.* [2004] (45671-6710).
- Vese a palla no ollo do veciño e non se ve a viga no propio.* [1998] (17330-24437).
- Vestir a uso, calzar a gusto.* [2003] (11677-6305).
- Viña entre viñas e casas entre veciñas.* [2001] (11203).
- Viño quitado, bebelo ou tirallo.* [2007] (30639).
- Viños e amores, os máis vellos son os mellores.* [1995] (41768).
- Viños e amores, os vellos son os mellores.* [1995-1997] (21127-13473).
- Viños e amores, os vellos son os mellores.* [2004] (45697-9309).
- Vista larga e lingua corta é deixar o que non importa.* [2004] (45649-4509).
- Xa che irei pagando, si..., pero cando?* [1995-1997] (21126-11373).
- Xamais digas que é caro o que che dan dado.* [1998] (17330-14237).
- Xaneiro é bo mes para o carboeiro.* [1995] (417115).
- Xaneiro mollado, bo para o campo e malo para o gado.* [1995] (417114).
- 3** *Xaneiro verceiro, nin boa meda nin bo palleiro.* [1995-1997] (21116-09287). [1995-1997] (21123-09278). [1995-1997] (21125-10336).
- Xaneiro xeado, febreiro trastornado, marzo airoso e abril chuvioso sacan a maio florido e fermoso.* [2004] (45645-4101).
- Xaneiro xeeiro, febreiro verceiro, marzo ventoso, abril chuviñoso, maio pardo e san Xoán claro son as chaves de todo ano.* [1995-1997] (21126-11367).
- Xaneiro xioso, frebeiro ventoso, marzo cariñoso fái o ano fermoso; abril chuvoso e maio nevoado e san Xoán claro vale máis cós teus bois e có teu carro.* [2007] (30637).
- Xaneiro, alleiro.* [2001] (11203).
- Xaneiro, ñeiro; febreiro, cabrileiro.* [2003] (11660-4618).
- Xaneiro, frío ou temperado, pásalo arroupado.* [2001] (11203).
- Xaneiro, oveiro.* [2001] (11203).
- Xaneiro, xeadeiro.* [2001] (11203).
- Xeada enriba da lama, de seguido a choiva faille a cama.* [2007] (30619).
- Xeada na lama, a choiva faille a cama.* [1995] (41779).
- 2** *Xeada na lama, auga na cama.* [1995-1997] (21126-12401). [2001] (11203).
- 16** *Xente nova e leña verde todo é fume.* [2003] (11642-2808). [1995] (417113). [2001] (11203). [2004] (45640-3611). [2003] (11662-4806). [2004] (45616-1212). [1995-1997] (21126-11381). [2004] (45618-1414). [1996] (417119). [2004] (45667-6304). [2003] (11616-0204). [2003] (11668-5404). [1998] (17330-27498). [2003] (11669-5504). [2004] (45646-4210). [2003] (11637-2302).
- Xente nova e leña verde todo se volve fume.* [1995-1997] (21122-07172).
- Xente nova, leña verde é todo fume.* [2003] (11638-2403).
- 7** *Xente nova, leña verde todo é fume.* [2003] (11664-5015). [2003] (11628-1402). [2003] (11673-5903). [2003] (11671-5707). [2003] (11658-4402). [2003] (11639-2501). [2003] (11665-5102).
- Xente nova, leña verde.* [2003] (11676-6210).
- Xente \*castellana, xente sa.* [2004] (45656-5211).
- Xogan os burros e perden os arrieiros.* [1995-1997] (21126-12396).
- Xogar e perder, pagar e calar.* [2007] (30620).
- Xullo arder e patacas coller.* [2007] (30622).
- Xullo, o mes máis curto cando hai peculio.* [2001] (11203).
- Xunio claro como ollos de galo.* [2007] (30639).
- Xunta de pastores, ovelas mortas.* [2007] (30637).

- Xuntando bens e males resultan os anos iguais.* [2004] (45649-4510).
- Zapateiro aos teus zapatos e déixate doutros tratos.* [2007] (30640).
- Zapateiro, ós teus zapatos.* [2003] (11676-6201).
- Zarrota, zarroteira dime onde está a túa compañeira.* [2004] (45663-5905).
- \*Cree o ladrón que todos son da súa condición.* [2004] (45687-8311).
- \*Dichoso mes que entra con Santos e termina con san Andrés.* [2004] (45638-3403).
- \*Dios aperta pero non afoga.* [2004] (45658-5404).
- 2** *\*Dios aperta pero non afoga.* [1995-1997] (21127-13462). [2003] (11673-5908).
- \*Donde as dan, as toman.* [2004] (45641-3709).
- \*Donde entre o aire i-o sol, non entra o doctor.* [2004] (45643-3907).
- 2** *\*Donde non hai, non se pode sacar.* [2003] (11628-1408). [2003] (11638-2415).
- \*Donde te queren moito, coida de ir pouco.* [1998] (17330-25461).
- \*Flaco sen fame non hai gordo que lle gane.* [2004] (45631-2711).
- 5** *\*Gaviotas a terra, mariñeiros á merda.* [2003] (11621-0703). [2003] (11616-0207). [2003] (11626-1203). [2003] (11658-4404). [2003] (11623-0907).
- 3** *\*Gaviotas á terra, mariñeiros á merda.* [2003] (11615-0103). [2004] (45698-9402). [2004] (45633-2905).
- \*Gaviotas a terra, mariñeiros ó mar.* [2004] (45660-5601).
- \*Gaviotas al puerto, marineros al huerto.* [2003] (11624-1010).
- \*Gaviotas en terra, mariñeiro á merda.* [2004] (45699-9509).
- 2** *\*Gaviotas en terra, mariñeiros á merda.* [2003] (11631-1710). [2003] (11633-1906).
- \*Gaviotas en terra, mariñeros á merda.* [2003] (11664-5011).
- 2** *\*Gaviotas na terra, mariñeiros á merda.* [2003] (11637-2301). [2004] (45681-7708).
- \*Gaviotas ó porto, mar revolto.* [2003] (11660-4604).
- \*Gaviotas á terra, mariñeiros á merda.* [2003] (11643-2911).
- \*Hasta 40 de maio non sáque-lo saio.* [2004] (45674-7004).
- \*Hasta mediados de maio non quíta-lo saio.* [2003] (11621-0709).
- 2** *\*Hasta mediados de maio non quite-lo saio.* [2003] (11617-0311). [2003] (11622-0801).
- \*Hasta o 30 de maio non te quite-lo saio.* [2003] (11653-3901).
- \*Hasta o 40 de maio non quites o saio.* [2004] (45610-0603).
- \*Hasta o 40 de maio non sáque-lo saio.* [2004] (45686-8208).
- \*Hasta o 40 de maio non saques o saio.* [2004] (45668-6401).
- \*Hasta o 40 de maio non te quites o saio.* [2004] (45681-7704).
- 2** *\*Hasta o 40 de maio non te quites o saio.* [2004] (45660-5602). [2004] (45641-3708).
- \*Hasta o 40 de maio, a vella non saca o rabo.* [2003] (11639-2510).
- 2** *\*Hasta o corenta de maio non quites o saio.* [2004] (45613-0905). [2004] (45699-9506).
- \*Hasta o corenta de maio non saques o saio.* [2003] (11638-2402).
- \*Hasta o trinta de maio non quite-lo saio.* [2004] (45678-7405).
- \*Hasta o \*cuarenta de maio non sáque-lo saio.* [2004] (45644-4010).
- \*Hasta san Cristovo, millo ó covo.* [2003] (11625-1106).
- \*Hasta san Martiño pinca o ramalliño e despois de san Martiño todo é fame e frío.* [2004] (45674-7007).
- \*Hasta san Martiño, pan e viño; de san Martiño en diante, fame e frío.* [2003] (11649-3501).
- \*Más vale maña ca forza.* [2003] (11654-4009).
- \*Nadie diga de ningún porque non digan del mal algún.* [2003] (11637-2305).
- \*Pitillo guapo, moito papel e pouco tabaco.* [2003] (11623-0910).
- \*Piitillo guapo, moito papel, pouco tabaco.* [2003] (11620-0604).
- \*Xulio cando é normal, pouca auga no manantial.* [1995-1997] (21129-14501).
- \*\*** *A palabras necias, oídos sordos.* [1998] (17330-24436).
- \*\*** *A quien madruga, Dios le ayuda.* [2003] (11627-1310).
- \*\*** *Abril y mayo son los días más largos de todo el año.* [1995-1997] (21127-13465).
- 2** **\*\*** *Año de nieves, año de bienes.* [2003] (11625-1109). [1995-1997] (21127-13457).
- 2** **\*\*** *De tal palo, tal astilla.* [2003] (11627-1305). [2004] (45629-2503).
- 2** **\*\*** *Dime con quién andas y te diré quien eres.* [2003] (11625-1107). [2004] (45674-7002).
- \*\*** *Dime con quién andas y te diré quién eres.* [2003] (11627-1306).

- \*\*El que espera desespera.** [2003] (11663-4914).  
**\*\*El que madruga Dios le ayuda.** [2004] (45674-7001).  
**2 \*\*El que madruga Dios le ayuda.** [2003] (11624-1007). [2003] (11625-1103).  
**\*\*El que nada debe nada teme.** [2007] (30638).  
**\*\*En abril, agua a mil.** [2004] (45699-9507).  
**4 \*\*En abril, aguas mil.** [2004] (456100-9603). [2004] (45685-8104). [2003] (11623-0904). [2004] (45629-2502).  
**\*\*En boca cerrada no entran moscas.** [2007] (30638).  
**\*\*Jaula hecha, pájaro muerto.** [2003] (11663-4911).  
**\*\*Más vale pájaro en mano que ciento volando.** [2003] (11627-1303).  
**\*\*No hay mal que por bien no venga.** [2003] (11624-1004).  
**\*\*Nunca es tarde cuando la dicha es buena.** [2003] (11663-4913).  
**\*\*Ojos que no ven, corazón que no siente.** [2003] (11625-1117).  
**\*\*Palabras necias, oídos sordos.** [2003] (11625-1116).  
**4 \*\*Perro ladrador, poco mordedor.** [2003] (11625-1102). [2003] (11627-1302). [2003] (11624-1001). [2007] (30638).  
**\*\*Santa Rita Rita lo que se da no se quita.** [2004] (45681-7701).  
**\*\*Sin engaño, el día de san Juan es de los más largos del año.** [2004] (45643-3905).  
**\*\*Tiran más dos tetas, que dos carretas.** [2003] (11627-1301).

### 3. Índice de referencias dos informantes

**11203 A CORUÑA. Boqueixón.** O Forte: Álvarez Losada, Ramón e alumnos do Colexio Couto do Forte<sup>3</sup>

#### 116 A CORUÑA. Camariñas

11615 Castiñeiras Vidal, Paula  
 11616 Lema Martínez Dor, Tania  
 11617 Rey Pouso, Isabel  
 11618 Tedín González, Silvia  
 11619 Cabrejo Martínez, Tamara  
 11620 Bermúdez Carril, Begoña  
 11621 Castro Martínez, Alberto  
 11622 López Parga, Caterina  
 11623 Barbeira, Sabrina  
 11624 Pasantes Campaña, Lara  
 11625 Oanes, Pati  
 11626 Barreiro Regueira, Aldo  
 11627 Souto, Pedro  
 11628 Suárez López, Denis  
 11629 M., Manuel e F., Salvador  
 11630 Seijo Rabuñal, Miguel Anxo  
 11631 Mouzo Campos, Juan R.  
 11632 Santos Suárez, Cristian  
 11633 Martínez Roa, Santiago  
 11634 López, Fátima

11635 Camariñas. Camelle: Tajos Más, Marta  
 11636 Castro Rojo, Borja  
 11637 Suárez Pasantes, Roberto  
 11638 Bértolo Martínez, Mirian  
 11639 Suárez Romar, Pablo  
 11640 Eva María  
 11641 Pereira Lema, Yessica  
 11642 Muíño, Paula  
 11643 Manuel  
 11644 Banos Valiña, Jesús  
 11645 Blanco Touriñán, Noel  
 11646 Lema Suárez, Soraya  
 11647 Anónimo  
 11648 García Romero, Jessica  
 11649 Moreira Devesa, Digna  
 11650 Mouzo Santos, Verónica  
 11651 Caamaño Bermúdez, Martín  
 11652 Dios Romero, Isabel  
 11653 Toja, Berta  
 11654 Trillo Rodríguez, Alberto  
 11655 Bermúdez Canosa, Jéssica  
 11656 Lema Nión, Olalla  
 11657 López Blanco, Raquel  
 11658 Trillo Lema, Tamara  
 11659 Castro Cures, Tania  
 11660 Mella Lema, Mercedes  
 11661 Anónimo  
 11662 Dopazo, Alicia  
 11663 Samanta  
 11664 Blanco López, Verónica

<sup>3</sup> Recentemente soubemos que o propio Centro publicou unha escolma de tradición oral, na que se inclúen estes refráns (ALVAREZ 2001). Nesta edición citamos polos manuscritos dos alumnos que o Centro tivo a amabilidade de entregar ó Centro Ramón Piñeiro para traballos deste tipo.

11665 Lema Castiñeira, Ramón  
11666 Rey Gómez, Loli  
11667 Mónica  
11668 Catro, Faustino  
11669 Dos Santos López, José Manuel  
11670 López García, Judit María  
11671 Camariñas. Dor,A Ponte do Porto: Lema Blanco,  
Verónica  
11672 V. M. María  
11673 Rodríguez Touriñán, Andrés  
11674 Camariñas. Mouzo: Pazos Méndez, Jessica  
11675 Anónimo  
11676 Méndez Pose, Irán  
11677 Anónimo

### **173 A CORUÑA.** Ribeira

17330 Pena Romay, Antonio

### **211 LUGO Castro de Rei.** Castro Ribeiras do Lea: Equipo de Normalización Lingüística<sup>4</sup>

21112 Varios alumnos  
21116 Varios alumnos  
21117 Álvarez Méndez, Jennifer e Rodrigo  
21118 Fernández Castro, Secundino  
21119 González Penelas, Jaime e Mónica  
21120 García Corral, José Luís  
21121 Bello, Iván e Castro, Elva  
21122 Rodríguez Castro, Carlos  
21123 Díaz Uría, Sonia  
21124 Pérez Varela, José Dositeo  
21125 Legaspi Castro, María Luísa  
21126 Balado Blanco, Javier  
21127 Abelleira Santiso, Atilano (70 anos), Maciñeiras  
Abellería, Pablo  
21128 Lage López, Margarita  
21129 Táboas Teijeiro, Santiago  
21616 Cospeito. Bexán: Rivas Ares, Xesús. 89 anos  
21617 Cospeito. Bexán: Rivas Ares, Xosefa. 81 anos

### **306 OURENSE. Bande**

30615 Fernández Álvarez, Óscar  
30616 Pérez Álvarez, Xosé Luis  
30617 Dacuña Vázquez, Inés

30618 Alonso de Araújo, Lidia  
30619 Rodríguez Costa, Lilia  
30620 Bande. Muíños: Montero Otero, Felipe  
30621 Trigo Silva, Juan  
30622 Bande. Corvelle: Victorino Domínguez,  
Inmaculada  
30623 Pérez Madrid, Claudia Lucía  
30624 Sanz Blas, Vanesa  
30625 Alonso Romero, Sandra (13 anos)  
30626 Novais Álvarez, Gabriel  
30627 Rodríguez Giráldez, Lucía  
30628 González García, Alba  
30629 Pereira Fernández, Marta  
30630 Quintos Vázquez, Brais  
30631 Saavedra Martínez, Estefanía  
30632 Quintáns Glez, Alba  
30633 Fernández Prados, Vanessa  
30634 Paz Alosó, Óscar  
30635 Pérez Diz, Amable  
30636 Pérez Rodríguez, Marina  
30637 De Brito Calleiros, Luís Xosé  
30638 González Ferreira, Iván  
30639 Álvarez Alonso, Nohelia  
30640 Bande. Muíños: Domínguez Otero, Iago  
30641 Bande. Vereá: Álvarez Pérez, Tania  
30642 Bande. Sarreaus: Alonso Barroso, Nieves (15  
anos)  
30643 Sousa Gómez, Alejandro  
30644 Pérez Pérez, Monserrat

### **417 PONTEVEDRA. A Estrada. O Foxo**

Recollidos por David Otero  
417100 Florentino (40 anos)  
417101 Fina (32 anos)  
417102 Ramón (65 anos)  
417103 Ascensiona (62 anos)  
417104 Amparo (82 anos)  
417105 Antonio (68 anos)  
417106 J. Francisco (30 anos)  
417108 M. Carne (38 anos)  
417110 Ramón (35 anos)  
417111 Manuel (35 anos)  
417112 Francisco (65 anos)  
417113 Florinda (60 anos)  
417114 Lola (67 anos)  
417115 Francisco (44 anos)  
417116 Emilio (57 anos)  
417117 Luísa (49 anos)  
417118 Felisa (70 anos)  
417119 Otero Fernández, David  
417120 Martín (12 anos)

<sup>4</sup> O Centro publicou unha escolma de tradición oral, na que se inclúen estes refráns (ENL VELEIRO:2000). O CIRP recibiu unha fotocopia parcial dunha publicación en formato revista que incluía o dato de que este material se recollera nos cursos 1995-1996 e 1996-1997. Nós citamos por esa edición e referimos a 1995-1997 tódolos refráns dese Centro.

- 417121 José Aurelio (33 anos)  
41760 María (78 anos)  
41761 María Xosé (37 anos)  
41762 Aurora (91 anos)  
41763 Carmen (59 anos)  
41763 Carmen (59 anos)  
41764 Ana (34 anos)  
41765 Sindo (37 anos)  
41766 Sindo (67 anos)  
41767 M<sup>a</sup> Carme (40 anos)  
41768 Raquel (9 anos)  
41769 Isabel (65 anos)  
41770 Florinda (65 anos)  
41771 Gómez, Luz (33 anos)  
41772 Rosa García (63 anos)  
41773 Mercedes (36 anos)  
41774 María (32 anos)  
41775 Elvira (64 anos)  
41776 Otilia (66 anos)  
41777 Manola (32 anos)  
41778 Alicia (63 anos)  
41779 Roibal, Agustín (77 anos)  
41780 Piñeiro, Xosé (35 anos)  
41781 María Teresa (31 anos)  
41782 Josefina (33 anos)  
41783 Francisco (10 anos)  
41784 José (70 anos)  
41785 José Aurelio (34 anos)  
41786 Guerrero, Juana (63 anos)  
41787 Antonio (40 anos)  
41788 Dolores (92 anos)  
41789 Dolores (30 anos)  
41790 Josefina (32 anos)  
41791 Francisco Manuel (10 anos)  
41792 Manuel (13 anos)  
41793 José Manuel (38 anos)  
41794 Fina (72 anos)  
41795 María Teresa (31 anos)  
41796 Elvira (33 anos)  
41797 Carme (60 anos)  
41798 Anuncia (59 anos)  
41799 Carlos (40 anos)
- 456 PONTEVEDRA Valga**  
45606 Castro Fernández, Elisabeth  
45607 Campaña (Santa Cristina): Blanco Lajos, Antonio  
45608 Cordeiro (Santa Comba): Barreiro Suárez, Xesús Manel  
45609 Setecoros (San Salvador): Álvarez García, Rosa María (14 anos)
- 45610 Setecoros (San Salvador): Magariños Gil, Rubén (15 anos)  
456100 Setecoros (San Salvador): Diz Rodríguez, Rocío  
456101 Cordeiro (Santa Comba): Silva Lestido, Víctor  
456102 Campaña (Santa Cristina): Martínez da Torre, Adrián  
45611 Cordeiro (Santa Comba): Anónimo (15 anos)  
45612 Cordeiro (Santa Comba): Saborido Baleirón, José Carlos (14 anos)  
45613 Setecoros (San Salvador): Souto Gontad, Sandra (15 anos)  
45614 Cordeiro (Santa Comba): Eiras Santiago, Luis Manuel (16 anos)  
45615 Campaña (Santa Cristina): Martínez Calvo, Sergio (16 anos)  
45616 Fomo, Cordeiro (Santa Comba: Busto Padín, Fátima María (16 anos)  
45617 San Miguel de Valga: López González, Cristina  
45618 Campaña (Santa Cristina): Rodríguez Taibo, Carla (14 anos)  
45619 Cordeiro (S.Comba de Louro): Cascallar Mondragón, María  
45620 Campaña (Santa Cristina): Mariño Cascallar, Alba María (15 anos)  
45621 San Miguel de Valga: Diego Duro, María Pilar  
45622 San Miguel de Valga: Vidal Bralo, Laura (14 anos)  
45623 Setecoros (San Salvador): Buceta Viñas, Andrea (14 anos)  
45624 San Miguel de Valga: Sanmarco Janeiro, Ana Isabel  
45625 Xanza (Santa María): Cascallar Aboy, Iván  
45626 Campaña (Santa Cristina): Torres Boo, Tania  
45627 Setecoros (San Salvador): Escariz Jamaro, Francisco (14 anos)  
45628 Campaña (Santa Cristina): Campañó Otero, Pablo  
45629 Cordeiro (Santa Comba): Eiras Isorna, Marta (14 anos)  
45630 Campaña (Santa Cristina): Martínez da Torre, Sara (13 anos)  
45631 Senín, Xanza (Santa María): Portas Magán, Alicia (16 anos)  
45632 Campaña (Santa Cristina): Pardal González, Sabino  
45633 Xanza (Santa María): Bandín Gómez, Samantha  
45634 Campaña (Santa Cristina): Busto Santalla, Neves (14 anos)  
45635 Baño, Xanza: Esperón Blanco, Verónica (16 anos)  
45636 Campaña (Santa Cristina): Busto Santalla, Ana (14 anos)  
45637 Rodríguez Sánchez, Alexandre (14 anos)  
45638 Setecoros (San Salvador): Couselo Otero, Margarita (16 anos)  
45639 Setecoros (San Salvador): Arca Aboy, Patricia



- 45640 Cordeiro (Santa Comba): Mosquera Castiñeiras, Nerea (15 anos)
- 45641 Mato Devesa, Mónica
- 45642 Touceda Iglesias, Natalia
- 45644 Anónimo
- 45645 Casal Sanmarco, Alba
- 45646 Anónimo
- 45647 Miguéns, Maribel
- 45648 Pardal Carbia, Aida
- 45649 Escariz Jamarco, Vanessa
- 45650 Devesa Pereira, Graciela
- 45651 Castro Bello, Alba
- 45652 Anónimo
- 45653 Torres Velo, Kely
- 45654 Suárez Canabal, Laura
- 45655 Llerena Potel, Marta Cristina
- 45656 García Boo, José María
- 45657 Anabel
- 45658 Barreiro Piñeiro, Cristina
- 45659 Paz Díaz, Adrián
- 45660 Losada López, Anxo
- 45661 Bodaño Muñiz, María del Carmen
- 45662 Anónimo
- 45663 Gómez Barros, Mariluz
- 45664 Senín Senín, María Nieves
- 45665 Bandín, Rubén
- 45666 Rodríguez Blanco, Gustavo
- 45667 Suárez Canabal, Sandra
- 45668 Vigo Cascallar, María
- 45669 Refojo Blanco, Sandra
- 45670 Cerqueiras Blanco, Sergio
- 45671 Gallas Otero, María Pilar
- 45672 Temperán Piñeiro, Irene
- 45673 Anónimo
- 45674 García Martínez, Cristina
- 45675 Burés Mouriño, Sonia
- 45676 Ponte Valga (San Miguel): Romero Ferro, Natalia
- 45677 A Devesa. Campaña: Gil Magariños, Manuel
- 45678 Cordeiro (Santa Comba): Somoza Lerín, María Dolores
- 45679 Setecoros (San Salvador): Valero Martínez, Natalia
- 45680 Campaña (Santa Cristina): Pardal González, Agustina
- 45681 Ferreirós. Cordeiro: Rey Gil, Ana María
- 45682 Cordeiro (Santa Comba): Santiago Lego, Estefanía
- 45683 Rodríguez Bouzón, Susana
- 45684 Xanza (Santa María): González Castroagudín, Raquel
- 45685 Cordeiro (Santa Comba): Barreiro Couselo, Beatriz
- 45686 Cordeiro (Santa Comba): Suárez Rodríguez, Pablo
- 45687 Setecoros (San Salvador): López Piñeiro, Yago
- 45688 Campaña (Santa Cristina): Rodríguez Magariños, José
- 45689 Ferreirós. Cordeiro: Gil Gómez, Daniel
- 45690 Setecoros (San Salvador): Montero Campos, Cristina
- 45691 Cordeiro (Santa Comba): Caamaño Gómez, Cristina
- 45692 Cardo Castañeda, Pablo
- 45693 Desabanda (San Miguel): Magán, Cristian
- 45694 Setecoros (San Salvador): Bello Jamarco, Iganacio
- 45695 Campaña (Santa Cristina): Bustos Santalla, José A.
- 45696 Cordeiro (Santa Comba): Carbia V., Anxo
- 45697 Bernárdez Pedroso, Anxo
- 45698 Xanza (Santa María): Rodríguez Calvo, Manoel
- 45699 Senín. Xanza (Santa María): Ríos Santiago, Martín

#### 4. Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ LOSADA, Ramón (2001): *Refráns, cantigas, adiviñas... de Boqueixón*. CPI “Antonio Orza Couto” O Forte. Boqueixón: Edición do C.P.I.
- EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA-C. P. VELERIO DOCAMPO (Castro Ribeiras de Lea): *Anacos da nosa cultura: refráns, adiviñas, lendas..., celebracións e oficios..., aparellos...*. Lugo: Citania Publicacións.
- FERRO RUIBAL, Xesús (2002): *Refraneiro galego máis frecuente*. Vigo: La Voz de Galicia.
- (1997): “Deus e o demo no refraneiro galego”, en *Actas del I Congreso Internacional de Paremiología (Homenaje al Prof. Pedro Peira Soberón) 17-20 de abril de 1996. Paremia 6*, 1997,207-222.





## **Recensiones**



**GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones*<sup>1</sup>. Madrid: Anthropos, 527 páxinas<sup>2</sup>.**

O manual de García-Page responde a expectativas moito máis amplas das que apunta o seu modesto nome coa palabra *Introducción*. Máis ben ó contrario, trátase dunha sólida e completa monografía que sen dúbida se vai converter na obra de referencia da fraseoloxía española do século XXI. Este libro súmase, así, ás xa consagradas publicacións de Alberto Zuluaga (pioneiro coa súa *Introducción al estudio de las expresiones fijas* 1980), de Gloria Corpas (*Manual de fraseología española* 1996) e de Leonor Ruiz (*La fraseología del español coloquial* 1998; *Las locuciones en español actual*, 2001), piares da fraseoloxía do español que reflicten a situación de absoluta expansión que está vivindo a disciplina fraseolóxica en España desde hai máis ou menos década e media.

O volume de García-Page é definido polo seu autor, con razón, como “manual de estudio”. En efecto, o seu máis de medio millar de páxinas contén unha ampla parte do saber da fraseoloxía do español no nivel lingüístico da sintaxe (capítulo 5), da lexicoloxía (capítulo 6), da semántica (capítulo 7) e da pragmática (capítulo 8) e recolle as teorías máis significativas que se escribiron ó respecto. Así mesmo, ademais do dominio que demostra o autor sobre os contidos das publicacións dos distintos autores que cita, é un mérito innegable, ó que alude o propio García-Page na páx. 14, a confección dun corpus de locucións, numeroso e variado, a partir dos dicionarios máis representativos da fraseoloxía española.

A concepción que o autor ten da fraseoloxía é estreita, en contraposición á doutros fraseólogos como Gloria Corpas ou Harald Burger, quen aceptan as colocacións e as paremias como partes integrantes do material fraseolóxico. García-Page ten por obxecto de estudo exclusivamente as locucións, excluindo as colocacións, os predicados de verbo soporte, os compostos sintagmáticos, os refráns e outras clases de paremias (sí inclúe, en cambio, un grupo de enunciados unimembres como os lugares comúns, as frases proverbiais e os refráns que se comportan como locucións). Por outra parte, as locucións que el inclúe poden ter estrutura de oración (páx. 47, páx. 92).

---

<sup>1</sup> Esta reseña enmárcase dentro dun proxecto de investigación sobre fraseoloxía e fraseografía contrastiva (FRASESPAL) do *Ministerio Ciencia e Innovación* (código HUM2007-62198/FILO) financiado con fondos FEDER e dirixido na USC por Carmen Mellado Blanco.

<sup>2</sup> Tradución de Xacinta Varela Martínez.

Desde este punto de vista, García-Page defende unha postura pouco frecuente na fraseoloxía actual, xa que neste momento téndese á integración de co-ocurrencias fixas aínda que non revelen idiomaticidade, como poden se-las colocacións ou as estruturas de verbo soporte.

Este feito é unha proba do carácter particular das teorías defendidas polo autor, que, por outra parte, o destacan como lingüista independente, altamente orixinal nas súas formulacións e dunha gran lucidez nas súas propostas e hipóteses de traballo. As súas teses están ben expostas e sustentadas por un gran continxente de exemplos e por un elevadísimo número de publicacións dos máis variados autores dedicados ó estudo da fraseoloxía do español. García-Page demostra coñecer ben os traballos fraseolóxicos das súas case 70 páxinas de bibliografía, sábeos explotar e explicar maxistralmente en cada un dos apartados do libro.

Se tivese que destacar un dos aspectos nesta monografía sería, certamente, a capacidade de síntese que transmite o autor, a mestría expositiva e o dominio da inmensa bibliografía sobre a fraseoloxía española e sobre gran parte da europea<sup>3</sup>. Como contrapartida, habería que comenta-la excesiva lonxitude das notas ó final de cada capítulo. Por pór un exemplo, o capítulo 2 (“Visión panorámica: estado de la cuestión, terminología, características”) ten unha extensión de 29 páxinas e as notas abarcan 36 páxinas coa letra pequena. Moitas das notas seméllanse pola súa envergadura máis ás características do texto principal que ás das notas marxinais e interrompen a lectura fiada do libro polo feito de estaren colocadas ó final dos capítulos. Así mesmo, dentro destas notas, detectamos críticas –que nós consideramos, ás veces, excesivas– cara á postura doutros investigadores (vid. páx. 428-429).

Pasemos agora a enumerar en detalle os capítulos e subcapítulos dos que consta o libro:

Unha boa parte do volume, capítulos 2-4, ocúpaa a delimitación das locucións doutras unidades lingüísticas que o autor non considera fraseolóxicas. Trátase dun aspecto aínda problemático dentro dos estudos fraseolóxicos, xa que a fixación do obxecto de estudo da fraseoloxía depende da perspectiva, dos criterios aplicados e, incluso, da escola lingüística do investigador. O caos terminolóxico en que está sumida, aínda hoxe, a disciplina fraseolóxica queda patente nas páxinas 15-212 do libro e ó autor haille que agradecer que puxese orde nese *mare magnum* clasificatorio, como tamén polo que respecta ás autorías dos distintos termos que designan “fraseoloxismo” e os seus tipos.

A investigación fraseolóxica española segue sumando, na actualidade, un bo número de estudos sobre terminoloxía e tipos de unidades fraseolóxicas que resultan de aplica-los criterios máis dispares. Estes traballos que pretenden *poner vallas al campo* están, hoxe

---

<sup>3</sup> Polo que respecta á investigación alemá, o autor faise eco das publicacións máis significativas e transcendentales de grandes autores alemáns (como Wolfgang Fleischer e Harald Burger) e doutros que, non sendo alemáns, escriben regularmente nesta lingua (como Dmitrij Dobrovol'skij) todos eles piares indiscutibles da fraseoloxía europea actual. Desde unha perspectiva teórica, os estudos da antiga Alemaña Democrática, desde os anos 70, serviron de ponte e nexo de unión lingüística entre a investigación dos países eslavos, sobre todo da ant. Unión Soviética, que foi pioneira na fraseoloxía desde os anos 40, e a Europa Occidental.

por hoxe, bastante deostados en gran parte de Europa e deixaron de ser claramente unha das prioridades de investigación. Nós compartimos esta visión, xa que consideramos que o obxectivo primordial da fraseoloxía non debe consistir en etiquetalar estruturas fixas da lingua, senón na descrición rigorosa dos fraseoloxismos en tódalas súas facetas, é dicir, no seu nivel gramatical, léxico-semántico e pragmático, independentemente das características formais que revelen. Por outra parte, chámalo-la atención que entre os autores que García-Page elixe para as propostas de clasificación da fraseoloxía do español cite a Álvarez de la Granja (2002/[2003]), quen se dedica basicamente ó galego.

No repaso dos criterios que definen habitualmente as locucións, o autor menciona a pluriverbalidade, a fixación, a idiomaticidade, a institucionalización, a estrutura non oracional, a frecuencia, a nominación, as anomalías e as figuras de repetición, trazos todos eles que son comentados con rigor. En especial, os trazos da estrutura pluriverbal, a fixación, a variación (potencial), a idiomaticidade e a institucionalización son tomados como referencia para defini-lo grupo das locucións. Por outra parte, García-Page relativiza os citados aspectos e puntualiza con grande acerto que os criterios definitorios non o son tanto, xa que tamén aparecen nas paremias, compostos ou colocacións, polo que non son exclusivos das locucións. En canto ó criterio da estrutura non oracional, que o autor desestima para as locucións, encontramos algunhas inconsistencias na forma de cita-las unidades fraseolóxicas (páxs. 30-31), por exemplo na páxina 161: *No haber color* (o verbo en infinitivo deixa aberta a posibilidade de variación nos tempos verbais, que realmente non se dá), *No haber por donde cogerlo* (cérrese a opción de feminino (*la*) do crítico non referencial: é posible *Esa historia que cuenta no hay por donde cogerla...*), *No van por ahí los tiros...* (aquí si que cabería pór no enunciado o verbo en infinitivo, pois pódese dicir por exemplo: *Y los tiros no iban por ahí*). Algúns enunciados son incompletos: *Sonar la flauta* debería rexistrarse como [*A ver/por si*] *suenan la flauta*, xa que estas son as súas formas habituais (con *Sonar la flauta* a secas actualizaríase o significado literal da construción).

En xeral, a forma de cita-las locucións por parte de García-Page é adecuada, o cal é un gran mérito dado o elevado número de unidades que se manexan en toda a obra. Non obstante, ó longo do libro encontráronse certas imprecisións, como na páxina 419, xa que, a forma correcta non é *saber de pe a pa*, senón *saberse de pe a pa*; a locución *importar un comino/rábano/pimiento/pepino/higo/bledo* (páx. 372) leva obrigatoriamente un actante dativo, co que a forma completa sería *importarle a alg. un comino/...*, e a expresión *de pelo en pecho* non só se pode aplicar na práctica ós homes, senón tamén ás mulleres, co significado ‘valente’ (unha mirada rápida en *google* ratifica esta observación). Neste caso, a imaxe subxacente á locución é considerada determinante polo autor, posto que, na súa opinión, é a propia realidade que designa a que determina a restrición semántica de uso. De tódalas maneiras, é conveniente non confundi-lo significado literal co figurado e nesta locución é precisamente o figurado o decisivo para a selección semántica. A outros enunciados fáltalle-lo circunstante co que xeralmente aparecen no discurso, como en *Quedar cuerda* (páx. 161), que debería aparecer como *Quedar [todavía/aún] cuerda para rato*.

